



PARLAMENTO
DE GALICIA




DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

X leislatura
Serie Pleno
Número 84

Sesión plenaria
9 de outubro de 2018

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



ORDE DO DÍA

Punto único. Debate anual sobre política xeral. Comparecencia do Sr. presidente da Xunta de Galicia para informar e debater respecto da situación política da Comunidade Autónoma de Galicia (doc. núm. 36952, 10/DEBA-000002)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 358, do 19.09.2018

SUMARIO

Ábrese a sesión ás dez da mañá.

Prestación de promesa ou xuramento de acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de autonomía de Galicia dunha nova deputada. (Punto preliminar.)

Antes de entrar na orde do día, en cumprimento do artigo 7.1 do Regulamento do Parlamento de Galicia, o señor presidente procede a solicitar a prestación de promesa ou xuramento de acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de autonomía de Galicia da nova deputada, dona Rosa Oubiña Solla. (Páx. 5.)

Dona Rosa Oubiña Solla presta a súa promesa de acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de autonomía de Galicia. (Páx. 5.)

Debate anual de política xeral. Comparecencia do Sr. presidente da Xunta de Galicia para informar e debater respecto da situación política da Comunidade Autónoma de Galicia. (Punto único da orde do día.)

Intervención do Sr. presidente da Xunta de Galicia: Sr. Núñez Feijóo (Páx. 6.)

O señor presidente suspende a sesión ás doce e sete minutos do mediodía e anuncia que se retomará ás catro da tarde. (Páx. 38.)

Intervención dos grupos parlamentarios: Sra. Pontón Mondelo (BNG) (Páx. 38.), Sr. Fernández Leiceaga (S) (Páx. 49.), Sr. Villares Naveira (EM) (Páx. 60.) e Sr. Puy Fraga (P) (Páx. 74.)

Resposta do Sr. presidente da Xunta de Galicia: Sr. Núñez Feijóo. (Páx. 85.)

Rolda de réplica dos grupos parlamentarios: Sra. Pontón Mondelo (BNG) (Páx. 100.), Sr. Fernández Leiceaga (S) (Páx. 104.), Sr. Villares Naveira (EM) (Páx. 108.) e Sr. Puy Fraga (P) (Páx. 111.)

Contrarréplica do Sr. presidente da Xunta de Galicia: Sr. Núñez Feijóo. (Páx. 114.)

O señor presidente informa do prazo de presentación das propostas de resolución subsecuentes ao debate, que será ata mañá, día 10, ás 10.30 da mañá, así como da posterior cualificación pola Mesa e da distribución aos grupos parlamentarios das propostas admitidas para o seu estudo antes da prosecución da sesión plenaria. O prazo de presentación das propostas transaccionadas e petición de agrupación ou votacións separadas rematará o mesmo día 10 ás 22.30 horas. Así mesmo, anuncia que a sesión se retomará o próximo xoves, día 11, ás 11 horas. (Páx. 123.)

Suspéndese a sesión ás nove e catorce minutos da noite.

Ábrese a sesión ás dez da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bos días.

Ábrese a sesión.

A orde do día está publicada no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* do día 3 de outubro de 2018, polo que non procedemos á súa lectura.

Xustificou a súa inasistencia a deputada dona Noa Presas Bergantiños.

Entramos na orde do día.

Prestación de promesa ou xuramento de acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de autonomía de Galicia dunha nova deputada

O señor PRESIDENTE: Como punto preliminar procedemos á prestación de promesa ou xuramento de acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de autonomía de Galicia da nova deputada, dona Rosa Oubiña Solla.

Dando cumprimento ao previsto no artigo 7.1 do Regulamento da Cámara procedo a solicitar a prestación de promesa ou xuramento de acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de autonomía á nova deputada.

O procedemento é o de contestar «si, xuro» ou «si, prometo» á pregunta desta presidencia. Deseguido, farei o chamamento da señora deputada para que dende o seu propio escano conteste á pregunta que lle formula esta presidencia.

Dona Rosa Oubiña Solla, ¿xura ou promete acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de Galicia?

A señora OUBIÑA SOLLA: Si, prometo.

O señor PRESIDENTE: Unha vez prestada, neste caso, a promesa, adquire vostede a condición plena de deputada.

Benvida ao Parlamento. (*Aplausos.*)

E agora si entramos no punto único da orde do día.

Debate anual de política xeral. Comparecencia do Sr. presidente da Xunta de Galicia para informar e debater respecto da situación política da Comunidade Autónoma de Galicia

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor presidente da Xunta de Galicia.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señor presidente, señorías, autoridades presentes na tribuna que nos honran coa súa presenza, galegas e galegos, case dous meses despois das primeiras eleccións autonómicas, o 19 de decembro de 1981, 3 deputadas e 68 deputados constituíron o primeiro Parlamento galego, situado de xeito provisional no pazo de Xelmírez e con cadeiras emprastadas. Todos eles viviran a ditadura, e algúns a Guerra Civil. Todos eles sentirían as inqedanzas propias dun modelo autonómico descoñecido no que todo estaba por facer, pero todos eles soñaban que aquel fose o momento preciso para a Galicia que anhelaba autogobernarse.

Dende a sesión inaugural da I lexislatura pasaron case trinta e sete anos, outros tantos leva en vigor o noso Estatuto e corenta anos a Constitución. Galicia é unha autonomía consolidada, cunha institución máis que digna e con escanos propios, que dá idea —aínda que sexa de forma anecdótica— do moitísimo que lograron aqueles pioneiros parlamentarios. Quero reivindicar neles a Transición, que é a orixe e a causa de que hoxe esteamos celebrando o debate sobre o estado da Autonomía nunha España libre e democrática e nunha Galicia con capacidade de decidir sobre o seu propio futuro, porque houbo unha transición española e tamén houbo unha transición galega, e as dúas tiveron un desenlace feliz.

E quero reivindicar tamén a Xerardo Fernández Albor. (*Aplausos.*) Que hoxe celebremos este debate aquí, nunha Galicia con máis autogoberno ca nunca, con cada vez máis prestacións públicas á disposición de todos os cidadáns e con máis retos e metas de futuro, é a proba de que o seu soño se cumpriu, que o seu traballo valeu a pena, que a súa vida estará por sempre nun lugar destacado da nosa historia. As 37 deputadas e os 38 deputados que estamos aquí debemos ver como un orgullo ser os seus sucesores. Dende logo, para min é un orgullo estar no lugar que antes ocupou Xerardo Fernández Albor.

Nunha das últimas conversas que puideron ter co noso presidente electo falamos sobre Galicia, sobre Europa e tamén sobre España. A pregunta sobre se Galicia era para min un lugar de paso —como tantas veces se comentou ao longo dos últimos anos— só a formulou nunha ocasión. E o que lle dixen gustárame repetilo agora: «Sempre tento ser home de palabra». Ao que el simplemente engadiu: «Claro, porque es galego». En efecto, foron moitas as especulacións pero a realidade é que estou aquí. Nas tres últimas lexislaturas nesta Cámara producíronse once cambios de voceiros da oposición e todos eles prognosticaban a miña marcha —mesmo algúns que curiosamente se foron para exercer a política en Madrid—. Eu estou aquí, en Galicia, si. (*Aplausos.*)

Todos os que estamos aquí pertencemos a un partido, eu tamén. Pertenzo a un partido que representa a miles de galegos e galegas e a millóns de españois. Pero dixen, acreditei e reitero que sobre todo son militante de Galicia. Dixen nesta tribuna que non había maior honra que servir a Galicia, e reiteroo. Dixen tamén que, ante calquera dúbida, a resposta sempre era Galicia, e reiteroo. Estou aquí, en Galicia, si, por unha elección persoal, vital, pero sobre todo polo cumprimento do meu compromiso, por coherencia. (*Aplausos.*)

Señorías, cando renuncié a tentar liderar o meu partido a nivel nacional, moita xente —sobre todo de fóra de Galicia— mostrouse sorprendida. Pero eu reivindico a política que antepón os intereses xerais por riba dos partidistas ou das ambicións persoais. Non pretendo

que isto sexa algo admirable pero tampouco creo que deba ser unha rareza. Porque, por si só, un gobernante ou un goberno leal á terra non é garantía de éxito, pero ¿que garantía poderíamos ter se a súa palabra non vale nada?

Comprendo que os acontecementos dos últimos meses a nivel nacional fagan pensar a moita xente que algúns políticos só queren chegar a un obxectivo determinado a toda costa, dá igual como e con quen, e non importa se para iso hai que contradicir o dito ou rectificar permanentemente. Non é o caso de Galicia.

Señorías, estou aquí porque unha maioría absoluta, unha maioría excepcional, de cidadáns me elixiron para dirixir Galicia ata o ano 2020 e non penso en nada máis que en cumprir ese compromiso. Non tivemos que ir á contra de ninguén, non tivemos que gañar a favor de ninguén, non temos que pagarlle a factura a ninguén. *(Aplausos.)* Pódese gobernar tras perder as eleccións e gañar a votación na Cámara, é certo, pero, aínda que sexa máis difícil, tamén se pode gobernar superando a votación na Cámara logo de gañar as eleccións. Ambas presidenciais son legais e lexítimas, pero ¿saben cal é a diferenza? Que eu só me debo aos galegos e a ninguén máis. *(Aplausos.)* Seguro que ao longo destes anos houbo acertos e desacertos, pero este pacto coa cidadanía é o que permite que Galicia sempre estea no centro das nosas decisións. E así vai seguir sendo no futuro. Porque Galicia, á diferenza de concellos, autonomía ou o propio Goberno de España, non parou en nove anos, non para. E a Xunta vai seguir ao seu carón compartindo as preocupacións e tamén as ilusións da xente.

Con esa máxima saben que acabamos de materializar hai escasos días unha remodelación do Goberno orientada precisamente a que a nova estrutura nos permita responder mellor aos retos que ten a nosa terra ás portas da nova década. Estamos no ecuador da lexislatura e é o momento de valorar o feito, pero, sobre todo, de renovar folgos para o que queda por facer. Galicia crece, Galicia crea emprego, Galicia exporta e innova máis ca nunca, Galicia forma máis xente, Galicia forma mellor, Galicia é máis inclusiva, Galicia é máis sustentable, Galicia é máis renovable e Galicia converxe.

Galicia crece nos últimos tres anos por riba do 3 %, pero propoñémonos encadear novos exercicios de crecemento. Galicia crea emprego —55.000 novos ocupados nos últimos tres anos—, pero mantemos o obxectivo de chegar aos 80.000-100.000 no ano 2020.

Galicia exporta e innova máis ca nunca. O 2017 foi o ano con máis exportacións da historia de Galicia, ata acadar o 35,6 % do PIB, pero aspiramos ao 40 % no ano 2020. Galicia forma máis xente e por iso a taxa de abandono escolar en Galicia está nos niveis máis baixos da serie histórica, pero queremos reducir este indicador ao 13,5 % no ano 2020.

Galicia forma mellor e xa superamos os obxectivos previstos pola estratexia europea para esta década. A porcentaxe de galegos e galegas con estudos superiores chega ao 45,6 % e estamos no camiño de seguir mellorando este indicador para situalo no 47 % en tres anos.

Galicia é máis inclusiva, cunha taxa de pobreza do 18,7 %, que é máis baixa que en España e que a media europea. E, aínda que o número de fogares con dificultades é o máis baixo da serie histórica, seguimos traballando para que se recuperen e para que a recuperación chegue a todos.

Galicia é máis sustentable, e as emisións de CO₂ diminuíron de xeito notable —un 20 % menos que no ano 2005—, pero temos que seguir tomando medidas. Galicia é máis renovable e o consumo de enerxía limpa supera o 20 % fixado na Estratexia europea 2020, ata chegar á contorna do 40 % nos últimos tres anos. Aínda así non nos conformamos.

E Galicia converxe. En 2017 acadamos o maior grao de converxencia con España —o 90 % do PIB per cápita— de toda a serie histórica. Pero queremos máis.

En definitiva, Galicia avanza claramente en nove dos dez obxectivos que nos marcamos no Plan estratéxico 2015-2020, pero nin conseguimos o cento por cento —despois falarei detidamente do que aínda non logramos— nin tampouco queremos fixar neles o noso teito.

O noso labor, o do Goberno e tamén o da oposición, non se limita ao que falemos nestes días, non remata neste debate nin no do ano que vén, nin, por suposto, se reduce a esta lexislatura. A nosa obriga é pensar máis aló do ano 2020. Señorías, que os galegos nos elixan para catro anos non significa que debamos pensar en planificar e xestionar só para eses catro anos. A Galicia que soñamos non remata en cada lexislatura. Así, anúnciolles que ao longo do próximo ano remitiremos a esta Cámara un novo Plan estratéxico 2021-2027 que fixe novas metas para a Galicia que vén. E fago un chamamento para que todos os grupos, se o consideran, se impliquen.

Señorías, só se pode planificar o futuro cando o presente está máis ou menos ordenado, cando o inmediato non o ocupa todo. Por iso é posible que o fagamos en Galicia, porque contamos coa estabilidade necesaria para abordalo, e por iso lamentablemente non se está a facer no conxunto de España. É difícil ter dúas situacións políticas máis antagónicas, e a diferenza entre ambas as dúas é obvia. Mentres en Galicia estamos centrados exclusivamente en gobernar, outros só pensan en resistir. Mentres en Galicia decidimos libremente, outros vense secuestrados polas minorías. E mentres en Galicia traballamos polas próximas xeracións outros só tratan de sobrevivir ao día seguinte.

Non se trata de simplemente remarcar as diferenzas entre un xeito de entender a política e o outro, de contrastar a xestión coa parálise ou de sinalar diverxencias por cuestións de partido. Trátase de España, e, como parte de España, Galicia corre o risco de que tamén lle afecte. Empeñarse en satisfacer as demandas dos nacionalismos, empeñarse en tentar saciar as ansias dos independentismos, coma se iso fose posible dentro da lei, e empeñarse en cumprir as ordes dos populismos claro que ten consecuencias para España e, por tanto, tamén para Galicia.

A máis evidente é a imposibilidade de contar, polo momento, cos orzamentos xerais do Estado para o 2019 cando e como corresponde, coa debilidade que iso ocasiona tanto dentro como fóra de España. Pero a consecuencia máis perigosa sería que finalmente se conseguisen aprobar coa fórmula que se vén anunciando. É coñecida por todos: máis impostos e máis débedas. Xa se empregou nos anos previos á crise e dos seus efectos aínda non nos recuperamos unha década despois. Así España foi mal e así España volverá ir mal.

Señorías, é imposible que Galicia non se vexa afectada pola incerteza instalada a nivel nacional. Aféctanos a incerteza política, aféctanos a incerteza económica e aféctanos a incerteza

social. Aféctanos a incerteza política, cada vez maior e máis preocupante, polo que supón internamente e tamén porque impide afrontar con fortaleza desexable o contexto mundial. Aféctanos a incerteza económica que existe a nivel internacional pero que o contexto en España pode agravala seriamente. E aféctanos a incerteza social que todo isto pode traer consigo cando a recuperación aínda non é plena nin alcanzou a todos. Eu non lles oculto a miña preocupación nin a vostedes nin ao conxunto dos galegos, pero engado: empregaremos todos os recursos que nos permite o noso autogoberno para que Galicia estea protexida o máximo posible. *(Aplausos.)*

O máis fácil sería pararnos na parálise nacional para evitar cumprir as nosas obrigas, pero os galegos non nos elixiron para facelo fácil. E, se somos autónomos, non é para deixar que outros decidan todo por nós. Estamos aquí para gobernar polo ben dos galegos e por iso lles confirmo que o próximo ano en Galicia haberá orzamentos, en Galicia haberá menos débeda e en Galicia baixaremos os impostos. *(Aplausos.)* Si, señorías, Galicia terá orzamentos para 2019 e teraos en tempo e forma, coma nos últimos nove anos. Resulta sorprendente que cumprir unha obriga tan básica para calquera goberno semelle algo extraordinario, pero certamente neste momento non é unha tarefa moi sinxela. Levamos máis de dous meses pendentes de que o Goberno central nos dea a cifra definitiva sobre os ingresos á conta. Seguiremos sen saber como se materializará o reintegro dos case 200 millóns de euros de liquidación de IVE que nos corresponden, cuxa devolución me comprometeu persoalmente a ministra de Facenda e que, dende logo, lle exixiremos.

E tamén se percibe inestabilidade sobre as previsións da economía española e internacional. Hai un contexto de inseguridade que complica a elaboración dos orzamentos, pero a maior inseguridade sería non ter orzamentos. Por iso o Consello da Xunta aprobará mañá mesmo o teito de gasto para o próximo ano. E pido a colaboración desta Cámara para que a próxima semana, dentro do prazo legal, tal e como fixemos sempre, tamén poidamos traer a este Parlamento os orzamentos de Galicia para 2019. Porque en Galicia si hai estabilidade. *(Aplausos.)*

Señorías, adoitamos centrarnos nas consecuencias políticas de non aprobar as contas, como está ocorrendo a nivel nacional. Non obstante, o principal problema non é para os gobernantes, non; o principal problema é para os gobernados. Galicia depende do que pase en España, é inevitable. Pero tamén depende de si mesma e, por fortuna, conta coas condicións necesarias para poder trazar o seu propio camiño, para poder contrarrestar en parte a incerteza e tamén as equivocacións que se cometan a nivel nacional. Por iso non imos mudar o criterio acerca da necesidade de reducir o endebedamento do pobo galego. Recorremos a el cando a situación económica era límite, fixémoslo coa máxima prudencia, como demostra que dende 2009 Galicia sexa a comunidade autónoma que menos incrementou a débeda pública de España. Estabilizamos a débeda cando iniciamos o camiño da recuperación no 2015 e no 2016. E cando a mellora económica comezou a consolidarse empezamos a reduci-la. En 2017, por segunda vez en dez anos, Galicia logrou baixar o seu endebedamento en relación co PIB. Este ano volverémolo facer e o noso obxectivo é continuar esta senda nos anos seguintes. É unha decisión que nos sitúa nunha mellor situación que outras comunidades. Se a débeda evoluciona en Galicia igual que a media do resto das comunidades autónomas, agora os galegos terían 3.800 millóns máis de débeda pública; ou, dito doutro xeito, hoxe

cada galego debe 2.000 euros menos que a media do resto dos españois sobre a débeda da comunidade autónoma onde residen. É unha decisión rendible porque nos permite aforros moi notables en xuros. Hoxe gastamos 14,0 millóns menos en financiarnos que en 2014, ou, o que é o mesmo, a metade do que gastabamos no ano 2014. E tamén é unha decisión xusta, xusta coas próximas xeracións, porque, se non lles quitamos lastre cando a economía medra, ¿en que momento o imos facer?

Do mesmo xeito, señorías, tampouco imos mudar de criterio respecto da conveniencia de baixar os impostos. (*Aplausos.*) A baixada de impostos aprobada pola Xunta dende os últimos anos non só beneficiou a milleiros de familias galegas, tamén beneficiou a nosa economía, que, como dicía antes, medrou máis dun 3 % nos últimos anos, e non impediu que a nosa sexa a terceira comunidade con maior esforzo de investimentos con cargo ao seu propio orzamento. Se hoxe Galicia crece sendo unha comunidade cun dos impostos da renda máis reducidos para as rendas medias e baixas, ou se crece sendo a comunidade onde menos se renuncia ás herdanzas, é porque cremos e demostramos que ese é o camiño axeitado. Dito doutro xeito, cremos que Galicia é o bo camiño, xustamente o contrario ao que está a propoñer e a percorrer o Goberno central. Primeiro, porque non nos parece sensato que a política fiscal se converta nunha especie de poxa necesaria para poder seguir gobernando. Segundo, porque, nos termos en que se está a falar, é falaz dicir que só se van subir os impostos aos máis ricos. E, terceiro, porque concretamente no caso da suba do imposto ao diésel os efectos en Galicia poden ser demoledores. Galicia é usuaria deste tipo de vehículos, que supoñen o 85 % do combustible que se emprega en Galicia, e a nosa situación xeográfica aumenta as necesidades de transporte. Ademais de que Galicia é usuaria do diésel —o 85 % no conxunto dos carburantes que consomen os galegos—, Galicia é, ademais, fabricante. E a industria do automóbil xa está sufrindo unha paralización das vendas. Tras once meses de incremento, neste setembro as matriculacións na nosa comunidade caeron un 12 %. En suma, Galicia veríase especialmente penalizada de confirmarse o incremento deste imposto. E, por riba de todo isto, ¿saben quen sufriría máis? As rendas máis baixas. As rendas máis baixas que son, xustamente, as que non poderían costear un cambio de coche. Por iso eu digo, claramente, que Galicia non quere dieselazo. Así, dende logo que non. (*Aplausos.*)

Señorías, contra o criterio que estamos vendo a nivel nacional, aquí seguimos a senda que marcamos dende o ano 2009: baixar impostos coa intensidade que permita cada momento.

Certamente, mentres se prolongou a recesión aprobamos varias rebaixas selectivas en diferentes ámbitos e para determinados colectivos. De xeito prioritario, favorecendo sempre as rendas máis baixas. Cando se albiscou o inicio da recuperación afondamos aínda máis nese camiño con rebaixas para familias con fillos, para emprendedores ou enerxías renovables.

Ao final da pasada lexislatura fomos quen de aprobar a maior rebaixa fiscal da nosa historia, no tramo do IRP para rendas medias e baixas, eliminando sucesións para a práctica totalidade dos galegos e impulsando o Plan de impostos cero no rural.

Neste ano 2018 os galegos beneficiáronse de novas deducións fiscais para investimentos nos centros históricos ou en solo industrial.

O resumo de todo isto é que os beneficios fiscais de carácter social implantados e mantidos pola Xunta nos últimos nove anos deixaron máis de 1.100 millóns de euros de aforro no peto das familias galegas, e serán máis.

No debate de orzamentos, que abriremos nas próximas horas, concretaremos o alcance da política fiscal para este exercicio, pero xa lles avanzo que manteremos os beneficios fiscais que están en vigor e que estamos deseñando novas rebaixas dos impostos cedidos.

Un ano máis garantiremos que en Galicia se van pagar cada vez menos impostos. *(Aplausos.)*

Señorías, somos un goberno estable que ten claros os recursos cos que conta para atender as prioridades; non só as máis inmediatas, senón tamén, como lles dicía antes, as que nos convocan máis aló de 2020.

Pola súa dimensión e pola súa complexidade, unha das máis importantes que temos é a organización do Xacobeo 2021. Unha cita que é histórica por si mesma, pero o reto que nos convoca a todos vai máis aló do evento: é a Galicia do Xacobeo 21, a Galicia da nova década, a Galicia das xeracións vindeiras, a Galicia que os que estamos aquí debemos preparar para os que veñan despois.

Propóñolles que en 2021 celebremos o mellor Xacobeo da nosa historia. Propóñolles ampliar miras e unha ambición colectiva aínda maior. Propóñolles que a Galicia do Xacobeo 21 sexa indiscutiblemente a mellor Galicia da nosa historia: *(Aplausos.)* unha Galicia, en primeiro lugar, que se queira máis a si mesma; unha Galicia con máis benestar, que se coide máis a si mesma; unha Galicia ambiciosa, que non se poña teito; e unha Galicia, en cuarto lugar, orgullosa, de portas abertas a España e ao mundo.

Señorías, ninguén debe dubidar do amor que cada galego sente pola súa terra. É certo que hai ideoloxías que o fan, pero este goberno non reparte carnés; todos queremos a Galicia. Pero o amor non só hai que sentilo, hai que proclamalo, e tamén hai que demostralo, e, por desgraza, toda a riqueza que posúe Galicia non sempre se respectou.

Cando falamos da protección da contorna, sería inxusto cos cidadáns dicir que partimos de cero, porque a Galicia que se desenvolvía de xeito caótico nalgúns ámbitos quedou atrás hai tempo. Existe unha conciencia colectiva que é cada vez máis forte, pero que aínda temos que seguir reforzando.

Especialmente intensos son os pasos que xa demos en materia de ordenación e protección do territorio:

As primeiras directrices ou o I Plan do litoral, a nova Lei do solo e o regulamento único que a desenvolve, a guía de cores e materiais para loitar contra o feísmo ou a Estratexia galega para a paisaxe son instrumentos con entidade dabondo para ilustrar o moito que avanzamos.

Tamén o é que se en 2009 só 33 concellos tiñan Plan xeral de ordenación municipal, en 2020 poremos á disposición do cen por cento dos concellos os medios para que poidan dar seguridade xurídica a cidadáns e a empresas.

Non en van, a día de hoxe xa hai 97 concellos con Plan xeral de ordenación municipal adaptado. En 167 xa é de aplicación o Plan básico autonómico, aprobado este ano, para completar indeterminacións e lagoas urbanísticas nos municipios; e dos 49 restantes, todos de menos de 5.000 habitantes, 12 xa teñen moi avanzada a tramitación do seu plan xeral e os outros 37 acolleranse aos futuros plans básicos municipais, os primeiros xa dende 2019.

Por suposto que o traballo non está rematado, de feito nos próximos meses aprobaremos outros instrumentos importantes como a nova lei de ordenación do territorio, a lei de patrimonio natural e o plan director dos ríos. *(Aplausos.)*

Pero o que xa fixemos permítenos dicir que nun eido no que antes só había normas dispersas e obsoletas, ou mesmo absoluta ausencia de regulación, Galicia foi quen de situarse á vanguardia e foi quen de poñer, onde antes había desinterese, cada vez máis implicación; e onde antes faltaba concienciación, cada vez máis responsabilidade.

Señorías, un territorio ben ordenado é o principio, pero non o fin. O obxectivo último é garantir a coexistencia entre a conservación do medio ambiente e a actividade humana.

Aprender dos erros do pasado é a mellor maneira de non repetilos. Por iso, reitero o noso compromiso de ordenar a expansión urbanística e de priorizar sempre a rehabilitación fronte ás novas construcións. Esta foi a nosa prioridade en materia de vivenda e así seguirá sendo, farémolo. *(Aplausos.)*

Farémolo, por suposto, en primeira persoa, continuando o labor iniciado, e convertido xa en referencia, de recuperación do casco vello de Vigo. Pero, ademais, estendendo a novas zonas o Plan Rexurbe, que xa permitiu comprar e comezar a rehabilitar directamente pola Xunta de Galicia tanto a compra como a rehabilitación de 40 vivendas nos núcleos históricos de Ferrol vello, Ourense, A Tinería de Lugo ou Betanzos.

Farémolo, tamén, acompañando e despexando ao máximo o camiño daqueles galegos que queren rehabilitar a súa vivenda: mantendo os incentivos fiscais aprobados no ano 2018; simplificando as solicitudes cunha xanela única; creando novas áreas de rehabilitación integral; coa primeira lei de rehabilitación de Galicia, que temos avanzada e que remitiremos a este parlamento antes de que remate o actual período de sesións. E tamén facendo que dende o ano que vén Galicia sexa unha das comunidades con menos impostos para mercar vivenda habitual usada. É a comunidade máis barata no caso dos mozos, familias numerosas e familias con persoas con discapacidade. *(Aplausos.)*

Tamén imos seguir traballando para que as vivendas sexan máis eficientes. Dende 2009 case 30.000 familias recibiron algunha axuda para renovar fiestras, cubertas, fachadas, ascensores, instalacións eléctricas, caldeiras de biomasa..., e continuaremos nesta liña porque debemos ser máis sostibles dende o punto de vista enerxético.

Neste sentido, será un referente o primeiro ecobarrio en Ourense, que xa estamos impulsando e que antes de que remate o 2018 vivirá importantes avances: presentarase o proxecto técnico; remataranse os pregos para transformación dos 18 edificios; abrirá a oficina do ecobarrio como parte da campaña de divulgación; e no primeiro trimestre de 2019 comezarán as primeiras licitacións.

Ademais, a nosa intención é que este proxecto pioneiro se poida iniciar nalgunha outra cidade galega antes de que remate esta lexislatura.

Os galegos e as galegas estamos cada vez máis concienciados de que o desenvolvemento non pode ser de calquera xeito e a calquera prezo. Conceptos como economía circular ou cambio climático están cada vez máis presentes. Vai diminuindo a porcentaxe de residuos que vai directamente ao vertedoiro. A seca de hai un ano fíxonos máis conscientes da necesidade de aforrar auga. Centos de galegos pásanse a biomasa grazas ás axudas da Xunta.

Os cambios son progresivos, quizais lentos de máis, pero estou seguro de que non teñen marcha atrás. Cómpre que todas as administracións sigamos estimulando este tipo de comportamentos, e dende a Xunta ímolo seguir facendo.

Levamos traballando para lograr o completo saneamento das rías galegas nesta década.

Puxemos á disposición de Vigo a depuradora máis grande feita na historia de Galicia.

Na ría de Coruña só están pendentes de rematar dous bombeos para culminar o seu saneamento integral, a falta das actuacións do Goberno central. A ría de Ferrol está saneada, só pendente de que rematen os traballos en execución da Malata. Na ría de Arousa construíronse tres novas depuradoras e proximamente iniciárase a de Rianxo, e todo isto está mellorando moito a calidade das praias e, sobre todo, do marisqueo na ría.

E a ría de Pontevedra conta cun plan de saneamento local e a previsión é que nos próximos meses se licite un novo emisario submarino e a mellora da depuradora de Praceres. E seguiremos á espera da cesión de solo para poder facer a depuradora de Poio.

Igualmente, mantemos o compromiso de que os galegos teñan auga en cantidade e en calidade. Dende 2009 investimos máis de 1.100 millóns de euros en saneamento e abastecemento con este dobre obxectivo.

E neste mesmo período fixéronse 300 obras de abastecemento en 186 concellos, 350 de saneamento en 165 municipios e 45 depuradoras, e esta é a liña que imos seguir nos próximos anos.

Este esforzo en materia hidráulica, dun calado sen precedentes, demostra que o Goberno galego está implicado coa Galicia que se quere máis a si mesma, pero tamén require concellos e cidadáns comprometidos.

O papel do cidadán que voluntariamente decide reciclar ou racionalizar o consumo da auga é fundamental, e para incentivalo proporemos o seguinte: no caso dos residuos —ademais

de aprobar neste ano a nova lei de residuos—, completar a ampliación de Sogama en 2019 ou poñer en marcha a Estratexia galega para plásticos. E imos plantexar que o canon de Sogama que pagan os concellos se rebaixe nun 10 % para os municipios que certifiquen maior compromiso coa redución e separación dos residuos, e que se rebaixe nun 10 % sempre e cando esa rebaixa repercuta integramente na redución dos recibos que pagan os veciños. *(Aplausos.)*

E, en segundo lugar, no relativo ao canon da auga, que fixan os concellos, seguiremos defendendo que as ordenanzas fiscais municipais primen ou premien os cidadáns que fan un consumo máis racional. Porque, señorías, non pode dar igual ser responsable que non selo, por iso, quen menos contamine e menos desperdicie, tamén debe pagar menos.

Non pode dar igual porque vivimos nunha realidade que non podemos obviar. O cambio climático obríganos a prepararnos dende o punto de vista individual e colectivo. Comprobámolo na seca de hai un ano e os expertos apuntan que circunstancias coma estas serán cada vez máis frecuentes.

Precisamente por iso lle imos trasladar ao Goberno central algunhas necesidades que nos parecen urxentes, como declarar o abastecemento de Vigo de interese xeral do Estado, co obxectivo de que poidamos acometer as obras necesarias coa máxima axilidade e coa máxima colaboración de todas as administracións.

E tamén, precisamente por iso, hai uns meses elaboramos un paquete de medidas para responder ante situacións excepcionais, que se poidan producir en materia da auga.

Convidamos a Federación Galega de Municipios a prepararnos xuntos, e ofrecémoslle un pacto pola auga. *(Aplausos.)* Trasladámoslle que é necesario para preservar o abastecemento da auga, coa prioridade do consumo humano; para garantir que estea sempre en condicións sanitarias aceptables; e para estar preparados ante eventuais momentos de sequía. Para iso, primeiramente, debemos garantir entre todos a correcta xestión e explotación das obras de saneamento que imos facendo.

E, en segundo lugar, propoñemos replicar en materia da auga un modelo semellante ao que temos con Sogama para os residuos. É dicir, un modelo que garanta un único sistema de subministración e tarifas para toda Galicia.

Señorías, son consciente de que hai preto unhas eleccións municipais, pero iso non pode servirnos de escusa. Sei que nestes tempos de polarización política o consenso pode parecer un obxectivo inalcanzable. Pero tamén sei que non deberiamos poñernos freo antes de comezar, porque non hai tanto tempo demostramos que, se nolo propoñemos, xuntos —deixando á marxe as diferenzas e traballando polo que nos une— podemos facer grandes cousas.

Estoume a referir ao grande esforzo que conxuntamente fixemos nos últimos meses para limpar máis os montes e estar mellor protexidos ante os incendios forestais. Creo, honradamente, que este 2018 pode ser un antes e un despois neste materia. *(Aplausos.)*

Houbo un traballo importante pola Xunta. De feito, das trinta medidas de prevención e acción contra o lume incluídas no pacto forestal que ofrecín o pasado ano dende esta mesma tribuna, vinte e dúas están cumpridas e a cifra ascenderá a vinte e oito cando remate este ano.

Tamén conseguimos un compromiso cidadán moito maior. Loxicamente a campaña de lumes aínda non rematou —temos moi recente o ocorrido en Mondariz—, a seguridade ao cen por cento non existe —vímolo en outubro do pasado ano— e seguimos moi vixiantes, pero còm-pre poñer en valor o traballo colectivo de Galicia.

Un traballo, en primeiro lugar, dos equipos de prevención e extinción, aos que nunca lles agradeceremos suficientemente o seu labor; pero tamén dos propietarios, que se fixeron e se fan cada día máis conscientes das súas obrigas; e das administracións, que fomos capaces de pactar un procedemento para que os municipios con máis recursos e trámites máis sin-xelos puidesen exercer a súa competencia nesta materia. Nove de cada dez concellos asinaron con nós un convenio de colaboración.

Na mesma liña, quero agradecer expresamente ao Grupo Socialista e ao Grupo Parlamentario Popular a súa implicación nesta materia. Fala ben deste parlamento que tres cuartas partes do hemicycle apoiasen un dos ditames máis importantes desta década: o da Comisión de estudo de incendios e política forestal. *(Aplausos.)*

A En Marea e ao Bloque Nacionalista Galego pídolles que non se queden atrás, que os seus intereses partidistas non lles impidan ver o interese xeral. Súmense ao gran pacto a prol do monte galego e do rural; sigamos todos xuntos por este camiño.

Porque o obxectivo non acaba, nin moito menos, en coidar a gran riqueza natural que temos, hai unha segunda fase. Unha segunda fase coa que temos que implicarnos nos próximos anos todos os galegos: ser capaces de sacarles rendemento aos montes de forma respectuosa e axeitada.

O primeiro erro era dar carta de normalidade ao feito de que tantas familias galegas teñan terreos agrarios e forestais en desuso, abandonados, ou mesmo descoñecidos. O segundo erro é pensar que non podemos sacarles partido. Debemos e podemos facelo.

Saben que ao longo dos últimos anos modernizamos todo o corpo normativo relativo ao medio rural, e hoxe é moito máis simple mobilizar as terras, e tamén moito máis barato, grazas ao Plan de impostos cero no rural.

Fronte a algunhas teorías que persisten en presentarnos o rural coma un ámbito atrasado e sen oportunidades, a realidade constata que hai interese en investir nel e que proliferan experiencias de éxito, que poden animar moita xente a vivir no rural e a vivir do rural.

Non me refiro unicamente aos proxectos empresariais que se están a desenvolver, tamén a que cada vez máis galegos entenden que, por exemplo, facer plantacións nos montes é un plan de pensións, un plan de pensións para eles e para os seus fillos. Alcanzar este enten-

demento entre os donos das fincas e aqueles que queiran usar as terras para os seus investimentos é, sen dúbida, unha das prioridades que temos para os próximos anos.

Dende a Xunta estamos apoiando varios proxectos nesta liña, e, de feito, no Consello de mañá aprobaremos axudas para algúns proxectos de mobilidade de terras que poden ser exemplarizantes e servir de modelo para o futuro. *(Aplausos.)*

O noso compromiso, señorías, está garantido e pídolles o seu apoio para, ademais de con recursos, facilitar que o territorio rural se siga movendo con instrumentos necesarios.

En primeiro lugar, coa revisión do Plan forestal de Galicia, tras máis de dúas décadas, para alcanzar un texto de consenso que incorpore as suxestións do ditame ao que me refería antes.

En segundo lugar, cun maior impulso ás sociedades de fomento forestal, que en 2020 esperamos que xestionen xa 5.000 hectáreas; pero tamén de calquera outra figura que promova a xestión conxunta sustentable e diversificada do monte.

E en terceiro lugar, coa axilización dos procesos de concentración parcelaria, para cumprir o compromiso de pechar en 2020 todos os procesos de concentración parcelaria abertos a día de hoxe: 112.000 hectáreas novas concentradas.

Ademais, con dous mecanismos novidosos pactados neste Parlamento:

Por un lado, a localización e mobilización dos predios agrícolas en desuso, mediante a inmediata potenciación da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, que verá ampliadas as súas funcións para converterse tamén nun órgano de compra e venda de terra agraria. E, por outro, coa creación dos polígonos agroforestais, unha nova figura que facilita a agrupación de fincas cando exista un proxecto de investimento viable.

É dicir, cando un investidor queira levar a cabo un proxecto no rural e precise terras, delimitarase un polígono forestal e ás fincas das que dispoña o promotor sumaranse as que se atopen ao seu carón mediante procesos de venda voluntaria ou de alugamento obrigado.

Medidas, todas elas, que queremos axilizar ao máximo posible e que nalgún punto implican a aprobación dunha lei de fomento da mobilización da terra produtiva de Galicia, e neste sentido infórmolles que traballamos coa previsión de remitila a esta cámara no próximo período de sesións. *(Aplausos.)*

A Galicia á que aspiramos non pode consolidar diferenzas insalvables, diferenzas insalvables entre as distintas partes do territorio, nin tampouco diferenzas insalvables entre os individuos, con independencia do lugar onde nazan, das capacidades que teñan ou do patrimonio do que dispoñan. Hai unha Galicia que coida de si mesma e que quere facelo con máis intensidade.

Antes de facer unha valoración máis detallada do presente e do futuro do noso estado de benestar, creo pertinente aludir a un erro de perspectiva, no que algúns incorren ao falar do seu diagnóstico.

Refírome ás valoracións que se fan sen achegar criterios comparativos; así, por exemplo, cando se critica un determinado servizo, e se conclúe que sofre unha situación pouco menos que apocalíptica, nunca se di en relación a que.

Ese esquecemento é algo común en todos os movementos populistas de Europa, dun ou doutro signo, que teiman en quebrar a confianza dos cidadáns na democracia, na democracia representativa e no estado do benestar.

Facer que a xente crea que vive no peor dos mundos é o alimento da frustración, e a frustración é o combustible desas organizacións. Permítanme que rebata aquí os seus argumentos cunhas sinxelas preguntas.

¿En que momento da súa historia tivo Galicia unha sanidade pública con máis prestacións, un ensino público máis completo e unhas prestacións sociais públicas con maior alcance? ¿En que outra época se atenderon mellor as persoas con discapacidade e foron máis axudados os desfavorecidos?

Non se trata de ser compracentes, porque en todos estes ámbitos segue habendo moito que facer, pero cómpre ser xustos con Galicia. Porque non se trata de recoñecer o Goberno do momento, senón de valorar o avance dun país froito do esforzo colectivo dos seus cidadáns.

Na miña opinión, mesmo as queixas que se producen en relación co funcionamento dos nosos servizos públicos son unha evidencia da súa calidade e, tamén, da calidade da democracia galega. *(Aplausos.)*

Quero que esa exixencia se manteña. Non quero que nos conformemos, pero non acepto que se esqueza que Galicia é un territorio con mellores servizos públicos que en calquera outro momento da súa historia, e tamén mellores que en moitos lugares do noso contorno europeo. *(Aplausos.)*

Precisamente por este motivo, como xa avancei, solicito formalmente comparecer na Comisión de investigación sobre a sanidade pública aberta neste parlamento. Sei que non estou obrigado, pero quero facelo porque, aínda que —como sempre— hai marxe de mellora, o noso sistema sanitario é dun nivel altísimo, e se alguén o pon en cuestión, eu, por suposto, vouno defender. *(Aplausos.)*

Se o fago, señorías, non é porque crea que así defendo o meu goberno; fágoo porque é o que merecen os milleiros de profesionais que prestan cada día un excelente servizo público.

Precisamente a eles quixera dirixirme, porque un dos avances dos que nos sentimos máis reconfortados nos últimos anos é o de devolverlles aos empregados públicos os esforzos que fixeron durante a crise.

Maila que entre 2009 e 2015 conseguíssemos ser a comunidade que mantivo máis estable o volume dos empregados públicos, somos conscientes de que estes fixeron un grande esforzo, que sempre valoramos, e que ademais, dende que puidemos, tamén devolvemos.

Señorías, 2018 é o terceiro ano consecutivo no que crecen os soldos dos empregados públicos. Cada persoa que traballa para a Xunta cobra de media a día de hoxe uns 1.300 euros máis do que cobraba en 2015; e a isto súmanse as melloras específicas que estamos pactando coas organizacións sindicais de xeito progresivo nos distintos corpos.

Hoxe na sanidade pública traballan 1.544 profesionais máis que en 2008, pero a maiores aprobamos, cun pacto sindical, a carreira profesional.

Hoxe na educación pública os docentes xa reciben dende este mes os primeiros incrementos pactados, pero ata o 2021 chegarán a un aumento de 1.200 euros anuais, ademais dun 9 % nas súas retribucións.

Hoxe nos servizos sociais públicos xa traballan un 7 % máis de profesionais, e ademais as condicións dos traballadores do Consorcio estanse a equiparar progresivamente ás do persoal da Xunta.

Hoxe na xustiza está en vigor un acordo que mellora as condicións de 2.500 traballadores, pero ademais verán como seguimos traballando por uns edificios xudiciais propios do século XXI. E agora que falta pouco para completar o plan de infraestruturas da xustiza coas novas cidades da xustiza de Vigo e de Pontevedra, e cos novos xulgados de Tui, tamén os renovaremos por dentro, continuando o proceso de dixitalización, e co maior plan de equipamentos da historia dos xulgados galegos.

En resumo, tanto a nivel global como a nivel específico, en cada unha das diferentes áreas as condicións dos profesionais están a mellorar, e seguen mellorando.

Haberá máis profesionais, xa que estamos desenvolvendo as ofertas de emprego público comprometidas —case 15.000 prazas de ofertas públicas de emprego entre o ano 2017 e o ano 2020—, e terán máis estabilidade: estamos cumprindo o plan de estabilidade asinado cos sindicatos para reducir a taxa de temporalidade arredor do 7 %.

E seguiremos mellorando as súas condicións. Neste sentido, anúnciolles que os empregados públicos volverán percibir o 100 % das súas retribucións cando se atopen en situación de incapacidade temporal, e que ampliaremos a 16.500 empregados da Administración xeral da Xunta un sistema de carreira profesional semellante ao da sanidade, é dicir, que valore a experiencia, os coñecementos e o compromiso cun sistema de ascensos e graos retributivos. *(Aplausos.)*

Unha vez, señorías, que se completen todas as melloras acordadas e pactadas —e as que acabo de anunciar—, suporán un incremento das nóminas dos empregados públicos de ata un 17 %. Os empregados públicos traducen a feitos o compromiso dunha sociedade que cre no estado do benestar.

Galicia defendeu os seus servizos públicos, e non foi sinxelo nos momentos de crise que ameazaron a súa propia viabilidade. En consecuencia, señorías, seguiremolo facendo neste contexto de incipiente crecemento.

Loxicamente, a prioridade seguen a ser as familias máis desfavorecidas.

A pesar de que a cifra de cidadáns en situación de extrema necesidade se reduciu un 40 % no último ano, a taxa de pobreza en Galicia é menos da metade da media nacional, e o número de persoas que solicitaron a Risga en 2017 descendeu un 10 %. A pesar de todo isto, segue habendo demasiados galegos que precisan axuda.

Señorías, o populismo comete con frecuencia unha equivocación, na miña opinión interesada, e especialmente cando se trata de dificultades sociais. Na oposición ofrecen solucións, aparentemente simples a problemas moi complexos, pero os gobernos non adoitan arranxar ningún, como vemos en moitas cidades; porque ao xestionar, queda ao descuberto que non existen as receitas máxicas que pregoan.

Galicia ten unha batería de medidas para evitar desafiuzamentos, e evitámoslles, de feito, a centos de familias.

Fomos pioneiros en actuar contra a pobreza enerxética, primeiro co ticket eléctrico, e despois sendo a primeira comunidade en completar o bono social do anterior Goberno central.

Seguimos sendo unha das poucas comunidades que manteñen o complemento ás pensións non contributivas. E dende que gobernamos triplicamos os recursos da Risga.

Falamos facendo, señorías, porque falar e non facer é, simplemente, mentirlle á xente. *(Aplausos.)*

Eu prefiro seguir gobernando coa verdade, por iso lles digo aos galegos que, aínda que sexan menos, segue habendo dificultades que combater.

Por iso presentar un plan de atención ás persoas sen fogar, pactado coas entidades que traballan cada día con persoas nesta situación para mellorar a coordinación con elas, é un compromiso.

Por iso aprobaremos, antes de que remate o ano, un decreto que permitirá dúas melloras fundamentais: a primeira, que se poida cobrar máis dunha Risga por domicilio en determinadas circunstancias, e a segunda, que o cobro dunha parte da renda social sexa compatible co dun salario mentres sexa necesario. *(Aplausos.)*

Señorías, avanzamos neste sentido porque sabemos que o principal reto das persoas en dificultade é volverse integrar na sociedade. Con este mesmo obxectivo tamén apoiamos as persoas con discapacidade.

Somos a comunidade co sistema educativo máis inclusivo de España; temos máis prazas públicas de atención á discapacidade, un 25 % máis das que había no ano 2009; lanzamos unha convocatoria de oposicións pioneira para este colectivo, que vai xa pola súa segunda edición; e nos últimos meses tomamos medidas para axilizar os procesos de recoñecemento da discapacidade e reducir a lista de espera antes de que remate o 2018.

Señorías, sempre me escoitarán dicir que defender os servizos públicos supón entender do mellor xeito posible as necesidades de cada momento, pero supón tamén preparar o estado do benestar para as necesidades do futuro e deixalo nas mellores condicións para as vindeiras xeracións.

Dícialles antes que hai un obxectivo do Plan estratéxico no que non se rexistran polo de agora resultados positivos. Referíame —como suporán— á revitalización demográfica do noso país.

É certo que avanzamos en concienciación, pero tamén que aínda non é suficiente.

É certo que dende o 2009 ata o 2018 temos un saldo migratorio positivo, é dicir, dende o 2009 ao 2018 entraron máis persoas en Galicia das que saíron. Pero tamén é certo que a taxa de natalidade segue sen aumentar dende hai máis de trinta anos e que a taxa de mortalidade segue a ser maior que os nacementos —dende o 2009 morren de media anual 10.300 galegos máis dos que nacen—.

É certo que hai resultados positivos nas medidas aprobadas ao abeiro da Estratexia Retorna 2020. Por exemplo, en 2017 volveron o dobre de galegos que en 2009, concedemos cen bolsas a mozos e mozas galegos para que estuden en Galicia, sendo residentes e descendentes do exterior, e triplicamos as axudas extraordinarias aos retornados. Pero tamén é certo que debemos afondar para que veñan máis, por iso proximamente abriremos a oficina integral de asesoramento e seguimento ao retornado. (*Aplausos.*)

É certo, en definitiva, que estamos actuando no eido demográfico —cando antes nin sequera se consideraba un problema—, pero para que iso se traduza en cifras fai falta tempo e, sobre todo, o compromiso de todas as institucións, tanto a nivel local e autonómico como a nivel estatal e europeo.

A consecuencia evidente é que o único xeito de xestionar os servizos públicos para hoxe e para mañá é facelo atendendo esta realidade.

Así, estamos consolidando un novo modelo social e sanitario que poida atender axeitadamente o envellecemento de Galicia. Un dos avances máis importantes neste senso foi a posta en marcha da historia social única, que de xeito progresivo vai garantir a necesaria coordinación entre os servizos sociais e a sanidade.

Tamén estamos avanzando de forma intensa en atención á dependencia. Hoxe hai 57.600 dependentes galegos cunha prestación mensual catro veces máis que en 2009, pero non nos conformamos. Por iso, adiantamos xa a este ano 2018 o obxectivo que nos marcamos para toda a lexislatura: 60.000 dependentes atendidos.

E, por tanto, superaremos este compromiso e pelexaremos para poder facer o máximo pedíndolle ao Goberno central —como fixemos antes cos gobernos anteriores— que financie a súa parte, como está obrigado pola lei.

Neste momento a Xunta inviste tres veces máis que o Goberno central en dependencia. A fórmula é sinxela: se a Xunta cumpre co seu 50 % —que o fai amplamente— e o Goberno cumpre co seu 50 %, chegaremos ao 100 % da cobertura dos dependentes. *(Aplausos.)*

Señorías, a acción de goberno neste eido debe guiarse pola filosofía predominante entre os nosos maiores: a súa preferencia é envellecer na súa contorna, por iso a Galicia de 2018 xa multiplica por oito o número de beneficiarios do Servizo de Axuda ao Fogar que había no 2009; pero imos continuar para consolidarnos como a comunidade que máis aposta por este recurso.

E, na mesma liña, anúnciolles que a partir de 2019 incrementaremos as axudas para coidador ou asistente persoal entre un 10 e un 15 %. *(Aplausos.)*

Con todo, señorías, nos casos nos que non é posible, a nosa obriga é darlles un recurso asistencial: hoxe xa hai un 65 % máis de prazas públicas en residencias e centros de día das que había no ano 2009; hai recursos pioneiros como as casas do maior, que estamos a financiar no rural; imos cumprir o noso compromiso de construír nesta lexislatura sete residencias en cada unha das grandes cidades, e no primeiro trimestre do ano que vén estarán licitadas.

E, ademais, anúnciolles que todas as persoas que non accedan á rede pública terán igualmente unha axuda a través da ampliación do Bono en Residencia, que chegará ao 100 % dos solicitantes, e ademais en maior contía, xa que medrará un 20 % para as dependencias de grao 1 e grao 3 e ata un 75 % para as dependencias de grao 2.

O envellecemento tamén ten unha incidencia directa na nosa sanidade pública, e por iso levamos tempo propoñendo unha adaptación ás novas realidades que se nos presentan. Este mes aprobaremos no Consello a Estratexia galega de cronicidade —case un de cada catro galegos sofre unha patoloxía crónica— e aprobaremos un novo plan estratéxico de hospitalización a domicilio para normalizar e homoxeneizar este tipo de atención. E a futura Lei de ordenación farmacéutica adaptará o mapa de farmacias ás condicións actuais.

E, por suposto, debemos seguir actuando no ámbito da prevención, e farémolo, por exemplo, coa Lei sobre o consumo de alcohol en menores e loitando contra a obesidade infantil, promovendo máis intensamente o deporte de base. O próximo ano seguiremos reforzando o noso compromiso coas federacións deportivas cun novo incremento orzamentario que se sumará ao 9 % que xa fixemos neste exercicio.

Señorías, a sanidade pública debe adaptarse ao futuro, pero quero poñer en valor o seu presente. Pode haber erros, pero por cada un hai milleiros de exemplos de éxito. Pode haber necesidades, pero por cada unha delas hai milleiros de exemplos de compromiso.

A lista de espera cirúrxica está no seu mínimo histórico: o tempo medio de espera para probas diagnósticas está en 59 días —10 días menos que o pasado ano—; as vías rápidas para os cancros máis frecuentes están funcionando cunha espera media inferior a 5 días; o decreto de tempos máximos xa beneficiou no primeiro ano máis de 32.600 pacientes. Ademais, os galegos poñen ao noso sistema sanitario a mellor nota dos últimos 16 anos, segundo a información do Ministerio actual de Sanidade.

Si, señorías, os cidadáns coinciden maioritariamente en que temos unha sanidade pública que —como todo na vida— é mellorable, pero que é dunha gran calidade. (*Aplausos.*) E, por suposto, imos traballar para melloralala e que siga incrementando os niveis de calidade.

Primeiro, ampliando as prestacións, como fixemos ao chegar aos servizos de hospitalización a domicilio, mellorando o calendario de vacinación infantil ou creando o calendario de vacinación do adulto. E como faremos, por exemplo, coa posta en marcha do programa de detección precoz do cancro de cérvix uterino ou coa creación dun rexistro para enfermidades raras.

Segundo, completando a renovación tecnolóxica. Nestes anos modernizáronse os equipos de todos os hospitais de Galicia e instaláronse quirófanos híbridos punteiros en Vigo e na Coruña. Seguiremos mellorando o equipamento con alta tecnoloxía e avanzando en innovación sanitaria.

E terceiro, avanzando na modernización dos centros sanitarios.

En Vigo construímos un dos mellores hospitais públicos de España e seguirémolo dotando da tecnoloxía sanitaria máis punteira.

En Lugo equipamos e finalizamos o novo hospital público e melloramos a súa carteira de servizos.

En Pontevedra estase traballando no proxecto básico de execución do futuro Gran Montecelo e en 2019 licitaremos a primeira fase das obras.

No hospital público de Ferrol redactouse o proxecto básico de execución e, antes de que remate o ano, licitarase a construción do novo edificio de hospitalización.

No hospital público do Salnés finalizamos a ampliación do hospital nun 26 % da súa superficie.

No hospital público de Ourense construímos un novo edificio de hospitalización —que está funcionando— e imos reformar o antigo.

No hospital público de Verín ampliouse a carteira de servizos e renováronse as consultas externas.

No hospital público de Valdeorras terán antes de que remate o ano un proxecto de remodelación de novo equipamento.

No hospital público da Mariña en cuestión de semanas finalizará a primeira ampliación do hospital e, posteriormente, continuaremos co edificio actual.

No hospital público de Monforte introducimos o Servizo de Oncoloxía e, antes de que remate o ano, contratarase o seu proxecto de remodelación.

O hospital público de Santiago estase situando na vangarda en investigación e estamos planificando a súa futura reorganización e ampliación.

No hospital público da Barbanza ampliamos as consultas externas, inauguramos o laboratorio de análise e imos comezar a ampliación das urxencias.

No hospital público de Cee instalouse unha nova sala de hemodiálise e modernizáronse os quirófanos.

E no hospital público da Coruña renovouse o 100 % do bloque cirúrxico e duplicáronse as urxencias, pero somos conscientes de que debemos continuar.

Por iso, antes de que remate a lexislatura presentaremos o novo hospital público da Coruña, totalmente renovadas as instalacións actuais e cunha ampliación do 50 % da súa superficie actual, (*Aplausos.*) ben en terreos limítrofes ou ben nun novo emprazamento, para o que esperamos contar coa colaboración do Concello.

Este impulso á renovación das infraestruturas sanitarias non se limita aos hospitais públicos, senón que comeza pola porta de entrada ao sistema de saúde: a atención primaria.

Dende o 2009 investimos 66 millóns de euros en 52 centros de saúde, novos ou renovados, e nos vindeiros anos imos reformular 2 novos centros de saúde e construír outros 17 novos, entre eles un centro punteiro no barrio da Residencia en Lugo.

Si, señorías, temos o compromiso de reformar esta zona de Lugo e dotala de novos servizos cunha oficina de emprego, un centro de innovación, unha planta de biomasa e esperamos que tamén unha comisaría. E temos o compromiso de incluír un centro sociosanitario, unha residencia de maiores e o primeiro centro integral de saúde de Galicia; e tamén o cumpriremos.

Señorías, dícialles antes que un goberno responsable non pode esquecer a dimensión demográfica ao planificar os servizos públicos do futuro. Nós facémolo cunha dobre dirección: exixindo os recursos que nos corresponden e facendo o maior esforzo para que Galicia sexa o mellor lugar posible no que nacer, no que medrar e no que vivir.

Respecto do primeiro piar, quero reiterar a exixencia de que o modelo de financiamento autonómico co que se custean os servizos públicos sexa un modelo xusto. Mesmo lle trasladei eu mesmo ao actual presidente do Goberno que a reforma do sistema é un asunto prioritario, que cómpre abordar. Non se pode aprazar *sine die*; non vale escudarse na debilidade parlamentaria; non aceptamos que se poña a situación en Cataluña de escusa porque todas as demais comunidades queremos abrir este debate.

Non serve a escusa de que non hai tempo, porque non partimos de cero. Seis comunidades autónomas —tres gobernadas polo Partido Socialista e tres gobernadas polo Partido Popular, que representamos máis do 50 % do total do territorio de España e o 21 % da poboación— estamos de acordo. E, ademais, xa temos pactada unha posición común, e hai máis comunidades que queren adherirse.

Por iso lles anuncio que vou pedir a convocatoria da Conferencia de Presidentes (*Aplausos.*) para que os representantes do Estado nas 17 comunidades autónomas (*Aplausos.*) poidamos abordar un debate imprescindible para continuar prestando uns servizos públicos de máxima calidade.

Señorías, pode que outros se conformen con estar no goberno, aínda que sexa sen gobernar. Eu non, non vou abdicar das miñas responsabilidades como presidente da Xunta.

Dicialles que unha destas responsabilidades é que Galicia sexa capaz e sexa cada vez un lugar mellor onde vivir. Nos últimos anos avanzamos máis que antes neste sentido. Queda moito por facer, pero hai moitas familias galegas que percibiron as melloras no ámbito da conciliación.

Dende o 2009 duplicamos o número de prazas de escolas infantís, que neste curso son preto de 24.400; achegamos a conciliación aos concellos do rural, coas casas niño, e aos lugares de traballo das familias, coas garderías nos polígonos industriais; lanzamos importantes apoios económicos para as familias con fillos: bonificacións nas taxas de garderías, a Tarxeta Benvida ou o Bono Concilia.

Para que a Galicia da vindeira década sexa un lugar cada vez mellor para formar unha familia, imos seguir traballando pola conciliación, e farémolo reforzando as axudas e ampliando o Bono Coidado.

E farémolo tamén con instrumentos normativos, xa que en 2019 Galicia será a primeira comunidade de Europa en contar cunha lei de impulso demográfico. Coincidimos no diagnóstico sobre a realidade, e o que lles propoño é que coincidamos tamén nas medidas e na folla de ruta para tentar darlle respostas. (*Aplausos.*)

É obvio que ninguén vai ter fillos porque llo diga o Goberno, pero o que si podemos, o que si debemos e o que si facemos e faremos é achegar as máximas facilidades ás mulleres e homes que tomen esta importante decisión.

Nestes anos a Administración autonómica tentou situarse á vangarda en canto ás medidas para facilitarlles a vida ás nais e pais con fillos. Hoxe máis de once mil empregados públicos beneficianse da flexibilidade horaria e máis de douscentos acolléronse ao teletraballo.

Pero só co sector público non abonda, necesitamos seguir traballando co sector privado, para que as empresas sexan conscientes de que darlle a volta á situación demográfica é un asunto de todos. Estamos á súa disposición para colaborar nas medidas que precisen neste sentido, como demostramos impulsando as primeiras garderías en polígonos industriais ou lanzando o Plan de conciliación e corresponsabilidade, que é pioneiro na España autonómica e que ao longo de 2019 imos levar ao ámbito municipal. Pero debemos avanzar máis. Por iso iniciaremos unha campaña de concienciación ás empresas para que adopten uns horarios máis racionais e flexibles que permitan que as familias galegas teñan máis tempo para pasar xuntas.

Estamos atentos ao debate sobre o fuso horario, pero en Galicia abriremos o debate non só político, senón tamén social, sobre os usos, costumes, horarios, sobre a necesidade e a necesaria conciliación da vida persoal, laboral e familiar. (*Aplausos.*)

A Galicia da vindeira década debe ser unha terra máis igualitaria, onde nacer neno ou nena non será un condicionante para que cadaquén escolla o seu camiño con total liberdade. A Galicia da vindeira década ten que ser tamén unha terra de oportunidades, onde todas as galegas e galegos saiban que con esforzo, con compromiso e con perseveranza, independentemente do seu punto de partida, poderán chegar alá onde queiran.

Para construír unha Galicia que non se poña teito é imprescindible empezar polos cimentos, isto é, seguir reforzando o noso sistema educativo. Todos os datos e os indicadores indican que a nosa comunidade vai na boa dirección, non só polos mínimos históricos de abandono escolar dos que falaba ao principio, senón tamén porque o Informe PISA nos sitúa por riba da media española en todos os indicadores e superando tamén a media dos países desenvolvidos na maioría deles.

A educación pública require un traballo a longo prazo, protexido de bandazos e cambios bruscos. Por iso, dende 2009 o noso sistema educativo leva seguindo un rumbo claro, no que seguiremos avanzando ao longo dos vindeiros anos. Avanzaremos en equidade, avanzaremos no ensino dixital, avanzaremos no ensino plurilingüe, avanzaremos na formación en competencias científicas, tecnolóxicas e matemáticas. Avanzaremos en equidade do sistema educativo, de xeito que os recursos da familia do alumno non condicionen ou condicionen o mínimo posible a súa traxectoria académica.

Segundo o último Informe PISA, Galicia ten o sistema educativo máis equitativo de España. Pero non nos conformamos. Seguiremos coas axudas para comprar libros de texto e material, cos prezos reducidos para comedores e sendo a comunidade coa maior rede de transporte escolar de España.

Avanzaremos no ensino dixital, que neste curso xa chega a dezaioito mil alumnos, dende 5^o de primaria a 2^o de ESO. Por iso vimos de autorizar a compra de trinta mil ordenadores portátiles para os alumnos e con máis contidos e mellor soporte técnico. *(Aplausos.)*

Avanzaremos no ensino plurilingüe, que vimos de estender a primaria, ao bacharelato e á formación profesional. Se en 2009 tan só trece mil alumnos recibían unha educación plurilingüe, hoxe xa son case cento dez mil, un terzo do total. Se en 2009 traballaban en Galicia 67 auxiliares nativos de conversa, neste 2018 multiplicouse por dez e en 2020 o obxectivo é chegar a mil auxiliares nativos de conversa que traballen na educación pública.

E avanzaremos tamén na formación en competencias científicas, tecnolóxicas e matemáticas, que todos os expertos sinalan que son fundamentais para o mundo actual.

Neste curso, por primeira vez, quince institutos ofertan o bacharelato de excelencia en ciencia e tecnoloxía, e o noso compromiso é continuar nos próximos exercicios, e, de feito, o curso que vén está previsto incorporar cinco novos institutos, para sumar vinte, que garantan unha extensión progresiva da calidade neste proxecto.

Todas estas actuacións orientadas ao ensino medio teñen un obxectivo claro: abrílles aos alumnos todas as portas para que decidan por si mesmos cal queren que sexa o seu futuro.

Unha das alternativas polas que máis apostou Galicia nos últimos anos é a formación profesional, converténdonos nun referente, e o número de matriculados neste ano —cincuenta e un mil mozos e mozas— é un 47% máis que no curso 2008-2009. Se cada vez máis alumnos optan pola formación profesional, é porque demostrou ser un ensino práctico, diversificado, de alta calidade e con moitas saídas profesionais.

O 77% dos alumnos que cursan un ciclo de formación profesional atopan despois un traballo estable, unha porcentaxe que se eleva ao 90% para unha das modalidades nas que máis confiamos: a formación profesional dual. Ese é o motivo de que neste ano a oferta se incrementa nun 60%, ata corenta e seis ciclos de FP dual.

Ademais, a comezos da próxima década estará funcionando a pleno rendemento unha das iniciativas máis ambiciosas na formación profesional: a creación do Campus de Formación Profesional de Vigo. Neste mesmo ano comezarán a traballar en rede os dezaseis centros que imparten formación profesional nesta área, e en 2020 entrará en funcionamento o centro neurálxico do campus, o chamado FP Hub. *(Aplausos.)*

Engadir a formación profesional, xunto con educación e universidades, ao nome da nova Consellería é unha declaración explícita de intencións. Darlle á formación profesional o maior impulso da nosa historia vai da man doutra grande alternativa para continuar os estudos: a universidade. Este goberno ten moi clara a formación universitaria que quere ofrecer aos galegos de mañá. Queremos unha universidade accesible, unha universidade preparada para o futuro, unha universidade ben coordinada, unha universidade que fomente a excelencia, unha universidade que sexa o corazón do sistema galego de innovación, unha universidade máis especializada.

Queremos unha universidade accesible, e por iso as taxas levan nove anos conxeladas, e este ano reducimos as dos másteres habilitantes, que xa son iguais que as do grao universitario.

Queremos unha universidade preparada para o futuro, e por iso estamos a analizar a evolución dos perfís profesionais. En función deles, adaptaremos a oferta docente con medidas como o lanzamento de catorce novos graos universitarios en 2020, cinco deles xa neste curso.

Queremos unha universidade ben coordinada, e as tres universidades que temos en Galicia teñen unha oferta complementaria. Imos polo bo camiño, como demostra o lanzamento do primeiro grao interuniversitario, e seguiremos traballando con iniciativas como a construción dun gran nexo de unión do Sistema universitario de Galicia no edificio Fontán.

Queremos unha universidade que fomente a excelencia. Nesta liña, unha das novidades deste curso é o lanzamento das bolsas Concepción Arenal, que premiarán os tres mellores excedentes dos tres primeiros cursos de cada grao.

Queremos unha universidade que sexa o corazón do sistema galego de innovación. O talento xa o ten, os recursos seguirán incrementándose e tamén os incentivos para logralo. Un deles é unha medida pioneira: un novo complemento retributivo para os docentes que transfiran coñecemento á sociedade galega.

E queremos unha universidade especializada. Froito desta aposta, única no Sistema universitario español, ademais do Campus de Excelencia Internacional, Campus Vida e Campus do Mar, xa temos oito campus especializados: Campus Auga, en Ourense; Campus Terra, en Lugo; Campus Industrial, en Ferrol; Campus Crea, en Pontevedra; Vigo Tecnolóxico; Campus da Cidadanía, en Santiago; e Campus Innova e Campus da Sustentabilidade, na Coruña. O noso compromiso é acompañalos nos proxectos que afonden nesa especialización. Así, en 2019 lanzaremos unha convocatoria de especialización de campus para cofinanciar investimentos que sexan necesarios para cumprir os seus obxectivos.

O coñecemento non pode estar confinado entre catro paredes. Avanzamos cara a unha universidade máis aberta. Con esa mesma finalidade, a Xunta leva anos reforzando as axudas de I+D+i, en forma de bolsas, de incentivos á contratación de especialistas, apoio para os grupos de investigación e centros tecnolóxicos e creando as unidades mixtas de investigación.

Este camiño non remata aquí. Por iso, hoxe anúnciolles dúas novas medidas para impulsar a innovación con selo galego: a primeira, un novo Programa de talento 2021, que agrupará as axudas á contratación e á formación, das que se beneficiarán mil quiñentas mozas e mozos con gran potencial. E a segunda, un importante impulso ao polo tecnolóxico e industrial do sector aeronáutico que se está a desenvolver, como saben, na localidade lucense de Rozas. (*Aplausos.*) Este impulso plásmase en dúas medidas concretas: por unha banda, o impulso de novos sistemas de tráfico e seguridade aérea, que completará as actuacións que hoxe levan a cabo Indra e a Babcock e que se fará realidade nas vindeiras semanas; e, pola outra, o inicio da construción do parque industrial de Rozas, no que se instalarán empresas como estas, dedicadas ao desenvolvemento e produción de avións non tripulados.

Señorías, este goberno está convencido de que a innovación debe ser un dos piares sobre os que se asente o crecemento da Galicia desta década e da que vén. Este rumbo tamén pasa pola captación de investimentos, tanto para que se instalen aquí novas empresas como para que as empresas que xa traballan en Galicia amplíen a súa capacidade e se modernicen adoptando as técnicas da Industria 4.0.

A Xunta vaino apoiar con investimentos directos, pero tamén simplificando os trámites para facilitar o investimento. No último ano avanzamos moito neste terreo, coa nova Lei de implantación empresarial e coa figura dos concellos emprendedores, á que xa se acolleron un de cada tres concellos galegos. En 2019 queremos seguir avanzando, e por iso a Lei de acompañamento dos orzamentos, que imos propoñer á Cámara, regulará as iniciativas empresariais prioritarias, que verán reducido á metade o seu tempo de tramitación.

O rumbo de futuro da economía galega pasa necesariamente polo apoio aos emprendedores e aos autónomos, tanto apoiándoos nos primeiros pasos da súa empresa como facilitándolles a conciliación, o relevo xeracional ou que dispoñan dunha nova oportunidade para remontar o voo se fallou o primeiro intento.

O noso rumbo de futuro pasa tamén pola formación, e por iso seguiremos apostando por ofrecer cursos adaptados ás necesidades do tecido empresarial, e este será o primeiro ano en que os desempregados xa poden elixir centro e curso ao que optan.

Outra das principais novidades neste ámbito será o programa de segunda oportunidade para a mocidade que non estuda nin traballa, para que o abandono escolar non lles peche as portas do mercado laboral. Esta iniciativa axudará as mozas e mozos nesta situación a obter as competencias básicas e a formación dixital necesaria para introducirse no mercado laboral de hoxe. *(Aplausos.)*

A nosa Comunidade, señorías, nunca exportara tanto como nos últimos cinco anos, e o noso potencial aínda non amosa signos de esgotamento. De feito, nos primeiros sete meses de 2018 as exportacións galegas creceron un 10 %, case o triplo do que creceron as exportacións do total de España.

Tamén é esperanzadora a evolución do emprego, que, ademais de ser a mellor das políticas sociais, tamén é o mellor termómetro da percepción social da situación económica. Na Galicia de hoxe hai trinta e catro mil desempregados menos que no 2009, trinta e catro mil desempregados menos que no 2009.

A Galicia de hoxe leva máis de catro anos creando emprego, e no mes de setembro as afiliacións á Seguridade Social rexistraron a maior subida interanual dende 2007, *(Aplausos.)* a maior subida interanual dende 2007, 21.628 afiliados máis no último ano.

Na Galicia de hoxe sobe a contratación indefinida a tempo completo, mentres que se reducen os contratos temporais a tempo parcial.

Señorías, non son cifras de emprego para darnos por satisfeitos, por suposto que non, malia que estamos no camiño de cumprir o Plan estratéxico de achegarnos aos oitenta mil-cen mil novos empregos en 2020. *(Murmurios.)* Son mellores que as que tiñamos hai uns anos e amosan unha tendencia positiva, pero —insisto— non son suficientes.

Estes datos anímannos a insistir e persistir na liña que levamos seguindo nos últimos anos. Por iso, esperamos contar tamén coa colaboración dos sindicatos e iniciar xunto con eles unha nova etapa de diálogo social, centrada en seguir mellorando a cantidade de emprego e tamén a calidade, coa inclusión, por exemplo, das cláusulas sociais nos contratos públicos. Estou convencido de que a mellor maneira de reivindicar a creación de emprego de calidade é facelo xuntos. Eu propóño impulsar de novo ese diálogo, sen prexuízos, sen medos e sen barreiras, poñendo sempre Galicia por diante de todo. *(Aplausos.)*

Porque a sociedade galega, señorías, reclama máis consensos, consenso para seguir apostando pola formación, estando a carón dos que crean emprego e reforzando a nosa estrutura económica de cara ao futuro. Son prioridades que non entenden de cores políticas. Compartimos metas, estou seguro de que tamén poderemos compartir camiños. O traballo conxunto permitiunos revitalizar sectores que estiveron nunha situación crítica, como recordarán as súas señorías: o sector naval, o sector da automoción, que, por certo, hoxe viven momentos moi esperanzadores. E o traballo conxunto espero que tamén nos permita seguir revitalizando o papel fundamental dos sectores primarios, dos que dependen milleiros de familias galegas.

Hoxe na Galicia do mar hai máis confianza no futuro que no ano 2009. Estas sensacións están avaladas polo récord de vendas en lonxa e polo récord de facturación que acadamos en 2017, polas mellores cifras de produción e venda de mexillón dende 2009 e por unhas industrias conserveiras e de conxelados que cada vez facturan máis e exportan máis.

Sempre que o sector reclamou á Xunta, tívonos aí; tívonos aí cando tocaba falar de normativas e de orzamentos, pero tamén cada vez que houbo que reivindicar ante Europa un tratamento xusto para a nosa frota. Por cifras e por proxección internacional cada vez son máis persoas as que se animan a traballar nun sector en auxe. Por iso, nós últimos anos medraron as afiliacións ao réxime especial do mar, un 5 % dende 2015, e rexistrouse un repunte na construción de barcos.

O desafío que temos no horizonte cando falamos do mar é afianzar a sustentabilidade e a competitividade do sector. Non esquezamos que a pesca, o marisqueo e a acuicultura deben ofrecer perspectivas claras de futuro, e por iso traballamos e traballaremos para que a normativa que se produce en Europa nos sexa acaída.

Para sermos máis competitivos, debemos seguir facendo crecer o valor engadido dos produtos do noso mar. Ademais de avanzar na mellora dos portos e das instalacións dos peiraos, cómpre poñer en valor a súa altísima calidade e mellorar as canles de comercialización.

E, señorías, para que nos valoren fóra, temos que empezar a valorarnos nós mesmos. *(Aplausos.)*

No vindeiro ano, señorías, imos poñer en marcha unha campaña de consumo de peixe e marisco entre os galegos máis novos, ademais de promover a dixitalización das lonxas e as vendas *on line* e de impulsar o futuro plan estratéxico do conxelado.

Existen certos paralelismos entre os desafíos que afronta a economía costeira galega e os da economía rural. Neste caso, a creación do valor engadido pasa por impulsar os proxectos de transformación dos produtos agrogandeiros. Todos coñecemos as grandes iniciativas que se están a desenvolver actualmente no sector. Cando vemos produtores con moita experiencia no lácteo agruparse e facerse máis fortes que nunca, cando vemos que se materializan grandes investimentos en transformación, como Inleit no sector lácteo, ou cando observamos a construción da maior planta de biomasa de Galicia, dámonos conta de que hai futuro no rural.

Os produtores están respondendo a esa proliferación de proxectos de transformación e tamén se están modernizando. Así o pon de manifesto, por exemplo, que, nos últimos dous anos, case mil trescentos nos solicitaran unha axuda para facer investimentos en explotacións agrícolas. Igualmente, cada vez son máis as mozas e os mozos que cun título universitario ou de FP debaixo do brazo se fan cargo dunha explotación, porque ven nela unha interesante oportunidade de futuro. Todos os novos agricultores e gandeiros teñen aberta a porta dunha liña específica da Xunta, que apoiou xa a incorporación e a actividade agraria de dous mil seiscientos mozos e mozas dende o ano 2009.

Cómpre seguir alimentando este rexurdir das empresas agroalimentarias en Galicia. Nesta liña traballará a nova Axencia Galega de Calidade Alimentaria, que velará pola calidade da

materia prima, pola innovación tecnolóxica do sector e, sobre todo, por reforzar a formación dos profesionais agrícolas e a investigación aplicada ao sector.

Para que sexa así, tamén necesitamos seguir vertebrando Galicia e mellorando a mobilidade para todos os galegos, vivan onde vivan.

Dende o ano 2009 este goberno incrementou un 66 % a lonxitude en quilómetros das vías de alta capacidade. Como resultado, señorías, a día de hoxe o 80 % dos galegos vivimos a menos de quince minutos dunha vía de altas prestacións, e seguiremos avanzando, co remate da autovía do Morrazo e da conexión do polígono de San Cibrao en Ourense, coa autovía das Rías Baixas e impulsando outras infraestruturas necesarias, como a continuidade da autovía da Costa da Morte, a ponte na ría de Viveiro ou a conversión en autovía no tramo Lugo-Sarria. E aproveito para lamentar o accidente e a morte das dúas persoas esta noite.

Isto vén da man dun importante esforzo por mellorar as condicións de seguridade de todas as infraestruturas viarias en Galicia. Ademais de avanzar na estratexia de eliminación dos chamados puntos negros, quero anunciarlles que nesta lexislatura estamos poñendo en marcha e redobrando un plan de vixilancia da situación de todos os viadutos, noiros e obras de paso na comunidade autónoma.

Esta lexislatura será tamén a da gran transformación da mobilidade en Galicia. Por unha banda, despois do éxito que supuxo a primeira fase do Plan de transporte público e partindo das leccións que aprendemos daquela, en 2019 vaise implantar a súa segunda fase. A fin das antigas concesións de transporte supuxo e seguirá supoñendo unha oportunidade.

Por iso, seguiremos apostando por dúas novas modalidades cun gran potencial: o transporte compartido entre escolares e viaxeiros e o transporte á demanda, que xa están empezando a funcionar con éxito. O labor de concienciación para aproveitar máis e mellor o noso transporte público comeza cos galegos máis novos. Dende 2016 xa desfrutan da gratuidade nas liñas de transporte metropolitano as mozas e mozos de menos de 19 anos, a través da Tarxeta Xente Nova. E o noso compromiso é estender a gratuidade do autobús a menores de 19 anos ao resto de Galicia, e moi especialmente ao rural. *(Aplausos.)*

Paralelamente á mellora dos servizos, seguiremos traballando na mellora das infraestruturas, moi especialmente das estacións intermodais. A de Santiago e a de Ourense están en obras e serán as primeiras en finalizar. A de Vigo e a de Pontevedra vanse licitar antes de que remate este ano. A da Coruña, desgraciadamente, está moi atrasada polos continuos cambios de criterio do Concello. E seguimos comprometidos tamén coa chegada da intermodalidade a Lugo, onde xa está en redacción o proxecto e en tramitación o convenio entre as tres administracións implicadas, así como a Ferrol, onde a previsión é redactar o proxecto construtivo o próximo ano.

Señorías, seguimos traballando para ter un sistema de transporte moderno e preparado para o gran fito co que rematará esta década: a chegada do tren de alta velocidade. Unha vez que están despexadas as dúbidas que o propio Ministerio sementou, agora o que toca é levar as palabras á práctica. Non hai tempo que perder, senón tramos que rematar. *(Aplausos.)*

Galicia merece que se cumpra coa palabra que se lle deu e que as obras do AVE rematen no último trimestre de 2019 e que os primeiros billetes se comecen a vender no ano 2020. Pódolles asegurar que a Xunta fará con este goberno o mesmo que fixo co anterior: velar por que chegue a Galicia sen máis demora a mesma alta velocidade que xa hai moitos anos — décadas — que desfrutaban outros territorios en España.

Señorías, o AVE, polo que levamos pelexando durante décadas, é moito máis que o simple desexo de achegar distancias ou aumentar a competitividade. No fondo, representa o noso xeito de ser. A mesma razón que nos fixo defender as autovías nos anos noventa, a mesma razón pola que investimos máis que nunca en tecnoloxía para que o cento por cento dos galegos teñan banda larga, seguimos traballando para que teñan as modalidades de última xeración.

Defendemos as comunicacións porque somos un pobo aberto. Unha das definicións máis fermosas do noso país recolle un sentimento que sempre marcou as diferentes iniciativas galeguistas e que creo que tamén define a inmensa maioría de Galicia nos nosos días. Correspóndelles ás Irmandades da Fala, cando se referían ao noso país como célula de universalidade. Querían expresar que a Galicia na que soñaban baseaba a súa importancia no seu propio ser, pero tamén na súa proxección. É unha emenda á totalidade á idea dunha comunidade cativa e ensimesmada.

Votar por Galicia aberta, en lugar dunha Galicia pechada, ten un eco que chega ata nós e que temos a obriga de ampliar e transmitir. A mellor oportunidade no futuro máis inmediato é o Xacobeo 2021. Antes díxenlles que está chamado a ser un novo punto de inflexión da nosa historia. Foino, sen ningunha dúbida, cando se inventou, en 1993, e tamén noutros momentos, como en 2010, cando supuxo un revulsivo nun momento económico difícilísimo. E veremos que tamén en 2021 sexa de novo un antes e un despois.

Precisamente, a Consellería de Cultura e Turismo, recentemente creada, terá na organización do Xacobeo un dos seus principais cometidos. Conta para iso coa mellor situación turística posible, xa que Galicia é cada vez un destino máis apreciado. En 2017 superamos por primeira vez os cinco millóns de turistas e os trescentos mil peregrinos. Veñen a Galicia, gústalles e repiten e con maior intensidade, xa que gastan máis e quedan máis días, segundo se está confirmando cos datos de 2018, por certo, a diferenza do conxunto de España, onde baixou a estadia media.

Contamos tamén cunhas liñas de traballo moi avanzadas definidas entre a Xunta e o sector turístico, sector ao que lle quero transmitir os parabéns de todos os galegos polo seu esforzo para facer un destino cada vez máis competitivo e de máis calidade Galicia enteira.

Non en van o noso turismo é cada vez máis internacional, con peregrinos de cento setenta países. O noso turismo está cada vez máis desestacionalizado, cunha tempada baixa e media cada vez máis importante. O noso turismo está cada vez máis recoñecido. Velaí, por exemplo, os nosos patrimonios mundiais, unha lista á que agardamos que pronto poidan sumarse Cíes-illas atlánticas e a Ribeira Sacra, así como o Ferrol da ilustración (*Aplausos.*)

O noso turismo está cada vez máis especializado, e nos próximos meses esperamos estalo aínda máis, a través do Plan do turismo rural e do Plan enogastronómico.

E, por suposto, señorías, contamos cos camiños de Santiago, o noso principal recurso cultural e turístico, unha marca que nos identifica e que proxecta a imaxe de Galicia en todo o mundo. E por iso imos seguir reforzándoo. Temos moito traballo feito a través do Plan director dos camiños de Santiago, que nos últimos tres anos permitiu poñer ao día a maior parte das rutas de Compostela. A renovación da catedral, e moi especialmente do Pórtico da Gloria, foi un impulso moi importante en Compostela, do mesmo xeito que o foi a remodelación das catedrais noutras cidades galegas.

Imos desenvolver o plan de rehabilitación dos BIC do camiño e estamos adecuando as entradas a Santiago para que dean a mellor das benvidas aos peregrinos. E grazas a eventos como o festival O son do Camiño, milleiros de persoas poñen os seus ollos e ouvidos en Galicia e o que está por vir.

E xunto a iso, Galicia conta cun sector cultural diverso e dinámico, que dá emprego a arredor de trinta mil profesionais, e que se verán representados na I Estratexia da cultura galega, que se presentará nas vindeiras semanas.

Contamos con todo iso, pero un proxecto de país, como é este, debe contar con algo máis: a implicación de todos. O Xacobeo 2021 ten que ser o mellor da nosa historia, e todos os galegos temos que implicarnos en acadar ese obxectivo. Señorías, cando debía de prepararse o anterior Xacobeo entre 2005 e 2009, eu estaba na oposición; naquel momento ninguén nos preguntou —a pesar de ser o grupo maioritario na Cámara, maioría absoluta menos un escano— se tiñamos algunha idea (*Murmurios.*), e tería sido positivo porque se cadra iniciaríanse con máis antelación proxectos que logo levamos adiante cando fun presidente.

O Xacobeo 2021 é unha oportunidade histórica para amosar a nosa cultura, todo o que temos e podemos ofrecer, a nosa forma de ser, de estar, de facer. Galicia é calidade. Debemos entendelo e debemos entendelo como o que foron para Barcelona os Xogos Olímpicos ou a Expo de Sevilla. Non é unha cuestión exclusiva do Goberno, é de país, e por iso debemos deseñalo entre todos. (*Aplausos.*)

Así, señorías, propoñemos que o Xacobeo 2021 sexa un proxecto aberto, aberto a todos os partidos con representación neste Parlamento, e para iso propoñémoslles crear un grupo de traballo no que poidan trasladar as súas achegas, aberto, obviamente, ao Goberno central. Por iso pido que manteñan os compromisos do anterior Goberno e que se implique na preparación dun Xacobeo que beneficiará o conxunto de España, —e así llo trasladarei ao ministro de Cultura na reunión que imos manter este mes— e por suposto tamén aberto a todos os galegos. E por iso imos lanzar O teu Xacobeo, un espazo no que todos os galegos poidan facer chegar as súas ideas para o vindeiro Ano Santo, porque para que sexa o mellor Xacobeo tamén ten que ser o máis participativo.

Señorías, a Galicia aberta que inspirou e segue inspirando o espírito xacobeo é o noso modelo. Porque a acción dun goberno debe corresponderse coa imaxe do país.

Hai correntes políticas con representación minoritaria neste Parlamento que parece que no fondo se senten máis preto doutros pobos que do seu. Eu síntome orgulloso de Galicia. (*Aplausos.*) Non preciso refuxiarme en visións nostálgicas nin apropiarme dos vellos galeguistas, porque son de todos. Por poñer un exemplo de actualidade: Castelao. Castelao é seu, Castelao é seu, Castelao é seu e Castelao é meu, señorías, (*Aplausos.*) Castelao é seu e é meu. Señorías, Castelao é seu e meu e é de todos os galegos. E por iso abrimos a exposición Castelao Maxistral, para que cada cidadán o teña á súa disposición. Sentímonos orgullosos de todo o que significa Castelao para todos os galegos e galegas.

A cultura non pertence a ningún goberno, a ningún partido e a ningunha ideoloxía. (*Aplausos.*) O que debemos facer coa política non é apropiarse senón protexer e difundir os autores e artistas galegos, históricos e contemporáneos, e farémolo coa creación do legado artístico de Galicia.

Señorías, eu síntome orgulloso de Galicia como é: libre e aberta. Somos un pobo emigrante e, ademais, vivimos nun mundo globalizado. ¿A que historia e a que contexto responden os que defenden unha Galicia pechada? Somos un pobo pacífico, que sempre defendeu a convivencia, fronte a ideoloxías cómodas na división. Non, señorías, Galicia non debe romper vencellos, debe de tecer vencellos novos.

Os galegos de hoxe e os galegos de onte, do mesmo xeito que os galeguistas históricos, rexeitamos o illamento da nosa terra. A vocación universal de Galicia, que nace cos camiños de Santiago, obriga a que neste debate sobre o estado da Autonomía ocupen un espazo as referencias ao contexto nacional e internacional.

Máis Europa, máis España e máis Galicia. Velaí, señoras e señores deputados, os tres vértices do modelo galego de autogoberno que nos propoñemos afianzar. Cada un implica outro. Galicia será máis forte en canto o sexan España e Europa, da mesma maneira que unha España e unha Galicia estables reforzan a Unión Europea.

O autogoberno galego sitúase, inequivocamente, do lado das fórmulas que queren darlle a Europa un papel decisivo no mundo global multilateral. Como país fundador do europeísmo, Galicia non se conforma cun espazo europeo que sexa só económico ou arancelario, porque entende que unha Europa así, desprovista da cohesión política e social, corre o risco da irrelevancia mundial. A irrelevancia europea supoñería, tarde ou cedo, un hándicap para o noso propio desenvolvemento.

Por outro lado, o autogoberno galego nace da confluencia de tres vectores: o impulso histórico do galeguismo, a vontade do pobo galego e tamén a democracia española.

A España democrática e constitucional garante os dereitos de Galicia e os equilibrios territoriais da nación española, e, polo tanto, toda rebelión ou sedición contra o Estado constitucional é un ataque directo á Autonomía galega. (*Aplausos.*)

O Estado somos todos, o Estado somos todos. Galicia e os galegos somos, afortunadamente, unha nacionalidade histórica no Estado, e ese Estado tamén nos pertence. Fronte a identi-

dades que buscan a antítese, a nosa procura a síntese. Fronte a nacionalismos que non toleran a convivencia, o galeguismo é inclusivo. Por iso, creo que falo en nome da maioría dos galegos e das galegas cando digo que vexo con tristura, con bochorno e con amargura o que está ocorrendo en Cataluña.

Aqueles que cren que aí está un modelo a seguir ¿pódenme explicar que é o que buscan? ¿Buscan unha Galicia de lazos amarelos? ¿Buscan unha Galicia de Comités de Defensa da República, de vandalismo e de violencia? ¿Buscan unha Galicia de familias divididas e amigos enfrontados? De verdade, ¿esa é a Galicia que queren? Señorías, a min estas situacións non me xeran ningunha envexa, senón un enorme pesar e preocupación.

Non quero que se perverta o debate. Non estamos, como algúns pretenden, nunha pugna entre territorios, senón nun contraste entre valores e principios: democracia fronte a intolerancia, legalidade fronte a arbitrariedade, identidades do século XXI fronte a outras rescatadas do XIX, liderados políticos democráticos fronte a mesianismos, parlamentos como este, abertos ao diálogo con toda normalidade, fronte a parlamentos pechados para impedir o debate. (*Aplausos.*)

Non podemos, señorías, aceptar que se coloque á mesma altura quen ataca o Estado e quen o defende, como se está a pretender. Nese dilema non hai unha suposta posición intermedia.

Nunca me neguei nin me negarei a abordar as necesidades específicas das comunidades. Cando outras estaban en peor situación, apoiámos que se aprobaran fondos de rescate para elas. Galicia é un pobo emisor, e tamén receptor, de solidariedade.

Tampouco me opuxen nin me oporei a falar das lexítimas aspiracións de máis autogoberno que teña calquera autonomía. Galicia tamén as ten, como demostramos cando pedimos a lóxica transferencia da autoestrada do Atlántico ou cando propuxemos activar a Comisión Mixta entre Galicia e o Goberno central.

O galeguismo reformista non é incompatible coa democracia española, pero os nacionalismos intolerantes teiman en acabar coa democracia, e, por suposto, dámoslle absolutamente igual o resto das comunidades autónomas. Pensar que se pode chegar a algún acordo con esa postura tan radical é completamente inútil. E o certo é que estamos sufrindo o resultado.

É hora de dicir que o independentismo non ataca unha España centralista; ataca unha España democrática, plural e autonómica na que queren convivir a maioría dos cataláns. Nese conxunto nacional está Galicia, e, polo tanto, os dereitos dos galegos están sendo igualmente agredidos. É hora de dicir —e dicimos— que non poden pagar xustos por pecadores nin cumpridores por incumplidores, nin responsables por irresponsables. (*Aplausos.*)

Non comprendemos que provoque escándalo a aplicación da Constitución e non a insurrección permanente da Generalitat ou os favoritismos fiscais do Goberno da nación.

Non teñen cabida pasos que vaian mais alá do conxuntural, para comprometer a cohesión ou perpetuar situacións de rebeldía. Ningún goberno circunstancial pode negociar o que é a cerna do Estado.

Por iso prodúcenos inquedanza que esoutra compoñente da organización estatal que é o Goberno da nación sexa un Executivo atado por compromisos opacos, hipotecado por acordos que descoñecemos e dependente do independentismo.

Non entendemos que un Estado que é de todos teña que pagar o pecado orixinal dunha moción de censura lexítima, pero aupada por aqueles que só tiñan o obxectivo común de derribar o Goberno saído das urnas do presidente Rajoy. (*Murmurios.*) Unha vez acadado ese obxectivo, e tamén o obxectivo de chegar á Moncloa fose como fose, a pregunta que cada vez máis españois se formulan é: ¿para que? ¿Que se pode construír con esa maioría circunstancial? Como se está vendo, moi pouco. Soamente hai que escoitar as razóns da convocatoria anticipada das eleccións andaluzas: inestabilidade. E en relación co Estado das autonomías, o que se pode esperar é nada.

No debate territorial as nosas preguntas son e serán teimosas: ¿cal é o interese de Galicia? ¿Garántese a cohesión? ¿Confunde diferenzas naturais con privilexios? ¿Debilitase ou fortalécese España como espazo democrático compartido? ¿Trátase de solucionar problemas ou de xerar controversias estériles?

As mesmas preguntas deben ser respondidas ante unha posible reforma da Constitución. A este respecto, téndese a incorrer no mesmo pecado que os buscadores da pedra filosofal. Señorías, non existe unha «reforma filosofal».

Creo que se pode mellorar e, de feito, gustaríame que se reactivaran os traballos da ponencia encargada de avaliar a reforma do Senado, un asunto que debería ser prioritario nunha hipotética modificación da Carta Magna. Pero non considero axeitado embarcar o país nun proceso tan arduo sen coñecer a ruta, o destino e a tripulación.

Tampouco me gusta que se mesture este tema coa idea de que o Estado das autonomías fracasara, por máis que sexa mellorable e adaptable, grazas precisamente á súa flexibilidade.

Pregúntome se non tería sido un despropósito considerar que o sistema democrático era un fracaso, aportando como proba o golpe de Estado do 23 de febreiro. Pregúntome igualmente se tería sido sensato adaptar a Constitución co obxecto de contentar os golpistas. Nin se entendería naquel momento nin se entende tampouco agora. (*Aplausos.*)

Señorías, Galicia chega a este punto da súa historia co orgullo de protagonizar un éxito colectivo.

Galicia, como parte de Europa e da España de hoxe, experimentou unha transformación fonda e transversal. En moi pouco tempo a palabra «atraso» deixou de ser definitiva da nosa política, da nosa sociedade ou da nosa economía.

A conversa social, o debate político e os estudos teóricos son semellantes aos que teñen lugar en calquera lugar do mundo máis desenvolvido. Agora falamos — como faremos ao longo do debate — de cousas que poden mellorar, pero nin sequera os máis agoireiros falan do atraso

da nosa sanidade, dos nosos servizos sociais, das nosas escolas, das nosas universidades ou da nosa economía.

Velaí un logro galego ao que non debemos escatimar louvanzas nin tampouco esquecer que ten a súa orixe nunha transición española e galega modélica, que buscou e logrou a confluencia de vontades, como dixeran ao inicio da miña intervención.

A memoria histórica. A memoria histórica non debe esquecer, en efecto, a páxina negra que supuxo a ditadura franquista, pero tampouco que houbo unha reconciliación e que ninguén ten dereito a desfacela. (*Aplausos.*) Señorías, naquel momento histórico, deputadas e deputados coma nós sacaron Galicia adiante, evitando sucesos traumáticos. E esa responsabilidade hoxe témola todos.

A política ten consecuencias. A boa política ten consecuencias boas. A mala política ten consecuencias malas. Estámolo vendo decote en territorios da Unión Europea e na propia España. Países e comunidades cun elevado nivel de liberdade e benestar ven comprometida a súa convivencia por culpa das políticas que soamente buscan satisfacer líderes egocéntricos. Hai unha política que se fai coa xente e para a xente e outra que sacrifica a xente no altar das aventuras ilusorias.

Xunto ás xa coñecidas categorías políticas, hai outra que nestes tempos adquire unha grande importancia: a que separa a responsabilidade da irresponsabilidade. Un político situado na responsabilidade pode cometer erros, pero nunca poñerá en perigo os alicerces da convivencia, mentres que o irresponsable ten unha capacidade destrutiva incalculable. O político responsable nunca dirá «o pobo son eu»; sempre se vai considerar un delegado provisional da soberanía popular. O irresponsable caerá na tentación de sentirse un mesías, un emperador ou caudillo ao que todo lle está permitido. Eu optei pola responsabilidade. Malia ser depositario dunha maioría popular, electoral e parlamentaria elocuente, nin dixeran nin direi nunca que Galicia son eu. Sorpréndeme e mesmo me escandaliza que outros dirixentes se arroguen unha representación exclusiva e excluínste do patriotismo nacional, do patriotismo autonómico ou do patriotismo local. Non o farei nunca. (*Aplausos.*)

Tampouco promovín nin promoverei conflitos, nin confundirei xestión e actuación escénica, nin tampouco practiquei nin practicarei ese estilo de goberno consistente en facer que se fai. Galicia non quere gobernantes que simplemente estean no Goberno, senón gobernantes que gobernen. Eu comprometinme a defender Galicia e estouno a facer e vouno seguir facendo, tratando sempre de melloralas, pero respectando como é e preservando a súa liberdade.

Para que sexa completamente libre, son consciente de que é preciso seguir traballando nun eido que aínda nos condiciona: a violencia machista. Temos moitos recursos á disposición das vítimas, pero a proba de que seguen sendo insuficientes ten nome propio: Magdalena, María Judite e Ana Belén, as tres mulleres asasinadas no que vai de ano. O pacto alcanzando a nivel nacional convócanos a todos para seguir traballando, e nós farémolo. Sen ir máis lonxe, o vicepresidente acudirá a próxima semana ao Senado en representación de todas as comunidades por este tema.

E, ademais de defender a nosa posición, tamén seguiremos actuando poñendo máis instrumentos para as vítimas, como as oficinas de atención e unha quenda de oficio de psicólogos, cun programa de axudas aos menores de 25 anos que sufran esta lacra, e tamén previndo con máis programas de educación aos mozos e cun plan contra as agresións sexuais para que todos os homes entendan que «non» significa non. (*Aplausos.*)

Señorías, Galicia está decidida a usar a súa liberdade para lograr máis igualdade, do mesmo xeito que o está para quererse máis e protexer máis a súa riqueza natural, para chegar máis lonxe e seguir progresando no eido rural e no urbano, para continuar mellorando os seus servizos públicos e para abrirse máis ao mundo. Con esa liberdade chegamos ata aquí, e libremente seguimos sendo un pobo con identidade e cultura propias.

A liberdade é o contrario da imposición. E por iso os galegos somos e sentímonos libres de falar en calquera idioma. Para que esta liberdade poida facerse efectiva é necesario seguir mellorando as competencias lingüísticas dos galegos. Máis do noventa e sete por cento dos galegos entendemos galego e podemos falalo e lelo; a mellor cifra da nosa historia. Para seguir mellorando, especialmente en habilidades de escrita, a Xunta está a facer unha importante aposta para que os certificados Celga —e a formación necesaria para obtelos— poidan obterse en liña.

Que o galego sexa a lingua cooficial que máis se coñece non nos fai esquecer de que o gran reto pendente é promover o seu uso, especialmente entre a mocidade e especialmente no ámbito urbano. Para iso puxemos en marcha unha campaña de promoción en festivais de verán e seguimos traballando no ámbito empresarial. O galego, señorías, é unha lingua axeitada para facer negocios, e que ofrece ademais unha importante proxección internacional, dado que nos une con máis de douscentos cincuenta millóns de cidadáns no ámbito da lusofonía.

A maioría de Galicia non fai distincións entre os seus fillos, nin fai depender a súa forza da xenreira. É o noso un modelo afectuoso e firme que non precisa inventar constantemente querelas para manterse en pé. Neste momento esa liberdade é máis necesaria que nunca. Non só para afastarnos de modelos alleos que son destrutivos, senón tamén porque xorden correntes aquí que pretenden polarizar o noso xeito de ser. Nin aqueles que afirman que o castelán desapareceu de Galicia nin aqueles que queren impoñer o galego coñecen realmente Galicia. As galegas e os galegos escribiron nestes anos de liberdade autonómica o seu propio modelo, baseado na cordialidade e na moderación. (*Aplausos.*)

Ningún galego se sente inimigo do seu veciño. Ningún galego é estranxeiro para outro galego. Ningún galego está excluído da aventura colectiva na que todos estamos embarcados. Neste novo contexto, que en parte fai lembrar o antigo, Galicia sitúase de novo coa democracia, coa estabilidade, coa apertura e coa identidade que nos aproxima aos outros. Galicia volve afastarse dos modelos inestables, das políticas frívolas e dos políticos que disimulan o seu medo a gobernar a realidade con ficcións que levan á pobreza, á división e á frustración.

Señorías, os galegos preferimos o respecto e a convivencia, a coherencia e o compromiso. Os galegos somos xente de palabras e xente de palabra.

Galicia non é un lugar de paso na historia. Somos un dos pobos máis antigos. Pero o futuro non está escrito. O capítulo da nova década, a Galicia do Xacobeo 21, propoño escribila entre todos. Esta Galicia do Xacobeo 21 á que temos que chegar con todo o noso orgullo, con menos impostos, con máis crecemento de xeito ordenado e igualitario.

Unha Galicia que sexa un lugar onde chegar, onde quedar e onde volver. Eu saín, volví e quedei. Algúns pensaban que o meu futuro estaba escrito, e si que o estaba, pero non como auguraban. Escribírono os galegos e as galegas co seu apoio en 2009, 2012 e 2016. Por iso a miña resposta foi sempre a mesma, foi a que me escribiron nas urnas, primeiro, ata o 2012; despois, ata o 2016; e, agora, ata o 2020. As galegas e os galegos seguirán escribindo: Galicia, Galicia, Galicia. *(Aplausos.)*

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

Moitas grazas.

(A bancada popular e gobernamental, posta en pé, aplaude grandemente o señor Núñez Feijóo, presidente da Xunta de Galicia, mentres se retira ao seu escano.) (Fortes aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, presidente.

Suspéndese a sesión ata as dezaseis horas, as catro da tarde.

Suspéndese a sesión ás doce e sete minutos do mediodía e retómase ás catro e catro minutos.

O señor PRESIDENTE: Boa tarde.

Reiniciamos a sesión coa rolda dos grupos parlamentarios.

Comezamos co Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Para iso ten a palabra a señora Pontón Mondelo.

A señora PONTÓN MONDELO: Moi boa tarde, señoras e señores deputados.

Señor Feijóo, hoxe estamos no debate do estado da nación galega. Este non é nin o debate do estado de ánimo de Alberto Núñez Feijóo, nin o debate de estado de Pedro Sánchez, nin de Cataluña, é o debate do estado da nación galega. E o que esperaban as persoas deste país é que falara de Galiza, dos problemas e das solucións, que respondera a unha pregunta:

¿Está Galiza, está a cidadanía deste país mellor que cando vostede chegou a Monte Pío, hai case unha década, recórdollo? ¿Viven mellor os galegos e as galegas? ¿Teñen mellores empregos e salarios? ¿Reciben mellores servizos públicos? ¿Os nosos mozos e mozas teñen mellores perspectivas de futuro que a xeración de seus pais? ¿Os nosos maiores gozan de mellores pensións?

Estas son as preguntas que vostede tiña que responder neste debate. Pero nada disto centrou a súa intervención. De novo veu aquí cun discurso reseso, rancio, copiando as homilías do

seu novo xefe Pablo Casado; un discurso no que repite as promesas de sempre e no que actúa como este presidente profeta da posverdade. Porque é posverdade dicirnos que nunca vivíramos mellor cando estamos nun país no que 500.000 persoas están en risco de exclusión e emigraron 270.000. (*Aplausos.*) É posverdade que lle indigne o *dieselazo* ao presidente que multiplicou por catro o imposto ao gasóleo. É posverdade que nos anuncie baixadas de impostos e non aclare cantas médicas vai suprimir, cantos profesores vai recortar. É posverdade que nos diga que vostede é o presidente que lle quita lastres a Galiza, se nos incrementou a débeda un 270 %. É posverdade que se solucionen os problemas demográficos con leis ou con esmolas á natalidade; o problema é a economía, non a demografía. E é posverdade que nos diga que por culpa de Pedro Sánchez non puido traer o teito de gasto. Señor Feijóo, o ano pasado trouxo o teito de gasto no tempo e forma e tampouco o aprobara o Goberno central. (*Aplausos.*) Está vostede facendo un partidismo cutre neste tema.

E tamén é posverdade que se afirme vostede como o «militante de Galiza», cando, señor Feijóo, foi vostede o cómplice de todo o maltrato e discriminación do Estado con Galiza: os atrasos do AVE, os recortazos, (*Aplausos.*) o veto á transferencia á AP-9, o veto a unha tarifa eléctrica galega.

Efectivamente, é vostede o presidente profeta da posverdade. Esa é a seriedade coa que se toma vostede este país.

Pero non se preocupe que aquí está o BNG para falar do que vostede non quere responder.

¿Viven mellor os galegos e galegas hoxe tras os seus anos de desgoverno?

Empecemos polo emprego. Pese as súas promesas hai máis paro, menos emprego e de peor calidade que cando chegou á Xunta. Os galegos e galegas estamos instalados na precariedade, con pensións e salarios que son dos máis baixos do Estado e con emigración. O burato que deixa esa sangría da emigración é como se desaparecera a cidade da Coruña.

Non hai milagre Feijóo. Galiza ocupa o último lugar do Estado en recuperación de emprego e estamos moi lonxe das cifras de 2009. A súa política económica provocou un descenso do 40 % da ocupación xuvenil. ¿Empeza a entender por que temos este problema demográfico, señor Feijóo?

E, por último, non sei se lembra que prometera vostede acabar coa fenda salarial. ¿Sabe que pasou? Pois que non deixou de medrar e que hoxe as mulleres cobramos 5.480 euros menos que os homes por facer o mesmo traballo.

Señor Feijóo, xa vemos que as súas promesas sobre o emprego teñen a mesma credibilidade que os másteres do seu novo xefe Pablo Casado. (*Aplausos.*)

Analicemos como están os servizos públicos. ¿Temos hoxe unha mellor sanidade? Vostede afirma que as listas de espera baixan, pero é que o Instituto Galego de Estatística o que di é que hai máis persoas agardando por unha intervención cirúrxica, e o mesmo por un especialista. Incrementou en cinco anos en 25.000 as persoas que están esperando para ter cita

nun especialista, e xa son 175.000. E todo isto sen contar toda a lista de espera que está oculta nos caixóns.

Afirma tamén que nunca houbo tantos médicos: Sen embargo, a Conta xeral do Sergas que remiten a este parlamento o que nos di é que recortaron 1.727 profesionais.

Mentres nós estamos debatendo aquí, nesa Galiza na que nunca se viviu mellor, señor Feijóo, resulta que hai cen mil galegos e galegas que non poden tomar medicamentos que necesitan para curar pola razón de que non poden pagalos.

Os seus recortes e privatizacións están atentando contra a saúde das persoas. O seu Goberno recortou 2.000 millóns de euros na sanidade pública en atención primaria e dedicou esa mesma cantidade á sanidade privada. ¿Isto que é?, ¿unha casualidade, señor Feijóo?

Precarizou as condicións laborais poñendo o persoal sanitario en situacións límite, como lle están dicindo os traballadores e traballadoras dos PAC, que van ir a unha folga porque levaban tempo advertíndoo de que os recortes matan.

Falounos vostede de Vigo. E, efectivamente, en Vigo saben moito de recortes e privatizacións na sanidade. Un hospital público que tiña que custar 450 millóns, despois das súas privatizacións, vai custarnos 1.350 millóns. E agora en Vigo tamén teñen de novo a Povisa presionando para gañar máis. Povisa, ese exemplo de manual das portas xiratorias. E o responsábel de todo isto é vostede. Señor Feijóo, deixe de ser o monicreque da sanidade privada. *(Aplausos.)*

Pero máis alá dos datos hai un feito dramático que demostra até que punto a súa política sanitaria é un desastre. Refírome a ese dramático feito que aconteceu no PAC da Estrada, onde José Manuel Brey falecía nos corredores dun centro de saúde porque non había un médico para atendelo. E a verdade é que sorprende a súa falta de humanidade nun tema tan sensíbel cando os datos e os feitos falan por si mesmos.

Señor Feijóo, ¿como pode ter a indecencia política de vir aquí rirse dos galegos e das galegas despois de todo o que leva pasado, dicíndolles que a sanidade nunca estivo mellor?, ¿como pode ter esa indecencia?

E se a sanidade está mal, a educación pública tampouco escapou á súa escabechina. O que fan co ensino resume moi ben o seu modelo de sociedade: elitismo, queren cidadáns de primeira e de segunda; adoutramento, non queren un ensino crítico que aprenda a pensar, queren un ensino que aprenda a obedecer.

Desgaleguización: queren un ensino desconectado de Galiza e da nosa lingua.

Por iso recortan na educación pública, mentres derivan cada vez máis recursos á privada e blindan os concertos que segregan por sexo. ¿Isto que é?, ¿é unha cuestión técnica ou é ideoloxía, señor Feijóo?

A súa proposta estrela son os ordenadores, porque, claro, os ordenadores non protestan na rúa contra os recortes. ¿De que nos vale ter máis ordenadores se suprimiu 1.800 profesores e profesoras?

A universidade, que é clave para o futuro de calquera país, tamén sufriu duros recortes. E vostede sabe, igual que sei eu e igual que o saben os tres reitores das universidades galegas, que o sistema de financiamento é insuficiente e moi inferior aos países do noso entorno.

Eses recortes están provocando unha precariedade na investigación que fai que moito talento emigre. Chegamos ao punto en que temos proxectos punteiros de investigación biomédica que para financiarse teñen que recorrer a un *crowdfunding*. ¡Mire como están as cousas, señor Feijóo! A vostede isto, ¡claro!, dálle igual.

¿E que está pasando con outro dos piares do estado do benestar? ¿Cal é o balance en dependencia?: hai 10.000 persoas que non reciben prestacións ás que teñen dereito, 30.000 dependentes precisan unha axuda no fogar e non a teñen, 14.000 que precisan transporte adaptado non o teñen e 12.300 piden ir a un centro de día e non teñen praza. Son dous anos para acceder a unha residencia pública, cando a lei o que di é que teñen que ser nove meses.

E vostede leva anos, ¿facendo que?: prometendo. Prometeunos, non sei, no 2016, no 2017 e no 2018 que ía facer sete residencias públicas. ¡Sempre a mesma promesa! ¿Sabe cal é a realidade? Nin un só ladrillo, nin un só proxecto. E non imos ver ningunha desas residencias funcionando nesta lexislatura.

As súas principais contribucións coa dependencia foron ser cómplice cos recortes de Raxoi e non reclamar os 186 millóns de euros que nos debe o Estado. Só con que nos pagaran un deses anos atenderíamos 6.000 dependentes e crearíanse 1.500 novos empregos. Tanto que se lle enche a boca —¿non?, vémolos todos os días— criticando a quen non cumpre a lei, e o señor Feijóo fuxido das súas responsabilidades cos dependentes.

E neste contexto de paro, precariedade e recortes de servizos básicos, eu pregúntome —todos e todas nos preguntamos, e os galegos e galegas dentro de vinte anos tamén se van preguntar—, ¿para que endebedou a Galiza? ¿Fixo o cálculo de cantos anos imos ter que pagar a súa débeda? Señor Feijóo, ¿en que momento esta débeda deixou de ser sostíbel?

Vostede non deixa unha herdanza de prosperidade, vostede deixa unha débeda de case 15.000 millóns de euros que outros van ter que pagar. É como eses pais que o único que lles deixan ás súas fillas son herdanzas de hipotecas sen pagar. Unha hipoteca de case 15.000 millóns de euros.

En resumo, señor Feijóo, é vostede un *terminator* para Galiza, as súas políticas son como as malas herbas que impiden que o país florezca. Por iso temos unha Galiza en precario, con salarios baixos, mentres se dispara o custo da vida: a luz, a electricidade, o gas... O seu legado son os recortes e a privatización dos servizos públicos, que tanto dano e sufrimento levan causado.

Deixa vostede unha Galiza na que a xente moza emigra e na que as persoas maiores soportan as segundas pensións máis baixas do Estado. O seu goberno está instalado na parálise e é un lastre para Galiza, porque vostede é parte do problema, non da solución, e porque vostede é un acomplegado que non confía en Galiza. (*Murmurios.*)

E permítame un consello, eu recoméndolle que lle dea un día libre ao seu chofer, que deixe por un día o coche oficial e camiñe polas rúas deste país e escoite como está a xente. Escoitará que hai rapazas que queren traballar pero que non poden, porque se o fan á súa nai quítanlle a Risga. E escoitará tamén que hai moita xente que tivo que deixar a súa casa porque ao final tiña que escoller entre comer ou pagar as facturas. Tamén escoitará que para moitas persoas o único servizo de conciliación que existe son os avós e as avoas. E escoitará que hai familias que levan anos sen poder prender a calefacción nu inverno. Fágame caso, señor Feijóo, ¡pise máis a rúa e escoite a xente! *(Aplausos.)*

E asuma as súas responsabilidades, porque os problemas de Galiza non caen do ceo, son consecuencia do seu goberno e do seu malfacer.

Hai máis paro e menos emprego porque non hai un plan de activación económica da base industrial e produtiva deste país.

A austeridade, que tanto lle gusta, foi unha trituradora de emprego.

Temos un problema grave coa deslocalización de empresas, e a súa medida estrela do ano pasado, a Lei de implantación empresarial, fracasou estrepitosamente no obxectivo de atraer máis investimento estranxeiro. No primeiro semestre deste ano caeu estrepitosamente o investimento estranxeiro.

Eu non sei se sabe, señor Feijóo, que na rúa xa se empeza a falar de que hai como unha especie de efecto Feijóo. Cada vez que vostede promete algo, pasa xustamente o contrario. Estamos empezando a pensar que é moito mellor, polo ben do país, que non volva facer ningunha promesa. *(Aplausos.)*

Porque, si, si, isto mesmo é o que pasa coa innovación. Hoxe o señor Feijóo volveu dicirnos que ía apostar por unha Galiza innovadora. ¡Pero se nos situou no vagón de cola da innovación! O 0,86 % do PIB en I+D+i, e baixando nos anos en que en teoría había unha mellor situación económica. Situounos no nivel Bulgaria na innovación.

Os méritos do seu goberno son reducir o investimento e facer desaparecer a metade das empresas innovadoras. O seu goberno cada vez que ve algo de innovación fulmínaa. ¡É vostede un innovicida! E non o digo eu, dino os seus datos e a súa xestión.

E, por último, tampouco ten ningún plan para os sectores produtivos: nin para a agricultura, nin para a gandería, nin para a pesca.

As nosas labregas e labregos producen un leite de primeira calidade, pero as industrias páganlles un prezo de segunda, o máis baixo do Estado. Somos o país de Europa con menor superficie agraria útil, ¡todo un mérito seu! No mar, as cotas hoxe son máis baixas que cando vostede chegou á Xunta. ¿Resultado? Perdéronse máis de 3.600 empregos na pesca, e na agricultura e gandería máis de 13.300. ¡E esta era a lexislatura do rural, señor Feijóo! *(Aplausos.)* ¡Mimá! *(Aplausos.)*

O tempo pasa, señor Feijóo, e vostede xa vai tendo unha idade. Estou segura de que está pensando na xubilación. Non sei se pensou a canto ascenderá a súa pensión. (*Murmurios.*) O que seguro que si sabe é cal é a pensión media de Galiza, 810,71 euros, a segunda máis baixa do Estado. É certo que as pensións non son cousa da Xunta, pero o seu partido, o Partido Popular, recortou as pensións, apoiou incrementar a idade de xubilación, rouboulles dereitos aos traballadores e ás traballadoras. E vostede aplaudiu todos estes roubos.

Pero hoxe queremos falar das pensións non contributivas, sobre as que si que temos marxe para actuar. Esas pensións que cobran case 40.000 persoas, a maior parte mulleres, e que teñen que facer a compra, pagar as facturas, pagar medicinas e vestir con menos 370 euros ao mes. A proposta do BNG é que aliviemos a situación desas persoas subindo o complemento autonómico a 100 euros mensuais. Unha proposta perfectamente factible, son uns 40 millóns de euros nun orzamento de 9.000.

Sabemos que non é a solución de fondo. Nós aspiramos a unha renda de integración social, pero sería darlles oxíxeno a unhas economías familiares. Por certo, que non sei se xa lle dixeron cal vai ser a súa pensión. Dígollo eu: cobrará oito veces o que cobran as persoas das que estamos falando.

E se vostede lles deu as costas aos pensionistas, ¿que dicir das mulleres? Despois dun masivo 8M que demostrou o profundo malestar das galegas coas súas políticas, o seu compromiso coa igualdade queda retratado nesta sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza que os condena por intentar boicotear a folga do 8M. ¡Que vergoña!, (*Aplausos.*) ¡un presidente que non respecta e boicotea as mulleres deste país! (*Aplausos.*)

E teño que dicirlle que as mulleres estamos fartas de que non se nos respecte. Ningún home ten dereito a dicirlle a unha muller nin que está necesitada nin que é unha chacha. E é unha ofensa moito maior cando son representantes públicos os que o fan. (*Aplausos.*) Non debería acabar este debate sen que se desmarque (*Aplausos.*) destas manifestacións e pidan desculpas (*Aplausos.*) por faltarlles ao respecto ás mulleres. (*Aplausos.*)

E mire, vostede non está lexitimado para falar de conciliación. E non o está cando o exemplo que dá no Consorcio Galego da Igualdade e do Benestar é que lles impiden ás traballadoras exercer os dereitos de conciliación. E cando esas traballadoras queren conciliar, traballadoras que dependen da Xunta, ¿sabe a onde teñen que ir? Aos xulgados, porque vostedes lles están impedindo conciliar. ¡Este, señor Feijóo, é o seu compromiso coa conciliación!

E outro tanto podemos dicir coa fenda salarial. ¿Como pode ser que se é unha muller quen lle limpa o seu despacho en San Caetano cobre menos que se o fai un home? ¡É unha inxustiza! Hai un principio básico: a igual traballo, igual salario. (*Aplausos.*) ¡Acabe con esta vergoña machista no seu goberno! (*Aplausos.*)

E teño que dicirlle que non son capaz de entender por que a loita contra a violencia de xénero non é unha prioridade do seu goberno. Non son capaz de entender como lle parece moito que dediquemos un de cada cen euros a loitar contra un problema que lles leva custado a vida nunha década a máis de corenta mulleres neste país, que provoca que cada semana se

denuncie unha violación, que cada día dezaseis mulleres acudan a poñer unha denuncia por violencia machista.

¿Non lle parece que é unha situación o suficientemente grave como para que dediquemos o 1 % á loita contra a violencia machista? Estou absolutamente segura de que se en vez de falar de corenta mulleres estiveramos falando de corenta deputados, ou de corenta futbolistas (*Aplausos.*), a resposta sería totalmente diferente. (*Aplausos.*)

E para finalizar este bloque de balance, hai outros dous temas dos que queremos falar: o medio ambiente e a lingua.

Galiza ten graves problemas ambientais e o seu goberno está de brazos cruzados: nin rexección integral das rías, nin aposta pola compostaxe, nin transición enerxética, nin redución de emisións. Todo o contrario, as súas políticas son unha máquina de cambio climático.

Aquí tamén é certo que a conselleira de Medio Ambiente non estaba aos temas da Consellería, estaba preparando unha campaña dunhas eleccións municipais. (*Aplausos.*)

¿E a súa alternativa?, poñer ao fronte da Consellería de Medio Ambiente a responsable da maior catástrofe ambiental desta década, que foi a vaga de lumes. (*Murmurios.*) É un esperpento digno de Valle-Inclán. Si, si, ¿saben que diría a miña avoa ante todo isto? ¡Que Deus nos colla confesados! (*Aplausos.*)

Pero, mire, hai dous temas de medio ambiente aos que vostede non respondeu:

Primeiro, mina Touro-O Pino. O seu goberno ten que dicirnos de que lado está, ¿está do lado dunha multinacional condenada por delitos ambientais ou do lado do clamor social que reclama que diga non a esa mina porque é unha bomba ambiental que pon en risco miles de postos de traballo en Touro, no Pino e na ría de Arousa? Díganos de que lado está, é moi fácil: mina si, mina non.

E unha segunda cuestión que ten que ver co monte, porque, efectivamente, o monte, que é unha riqueza, as políticas do Partido Popular convertérono no maior problema ambiental que ten neste momento o noso país.

E xa vimos, todos tivemos un susto este pasado domingo vendo o que pasaba en Mondariz, porque, efectivamente, nos recordou o que pasou hai un ano, que é a mostra máis evidente do fracaso de como vostedes conciben o monte e a política forestal. Corenta e nove hectáreas ardidadas en tres días, catro persoas falecidas —ás que non esquecemos, nin ás súas familias— e unhas perdas desde o punto de vista económico e ambiental multimillonarias.

E a súa solución —se mo permite, por dicilo dunha maneira moi gráfica— é botarlle máis gasolina ao lume. A súa solución é máis eucalipto e seguir hipotecando o interese do monte galego única e exclusivamente porque a vostede lle importa máis o que lle pasa a Ence e a Finsa (*Aplausos.*) que o que estea pasando no noso monte. (*Aplausos.*)

E nós cremos que hai que parar este disparate, por iso facemos propostas:

Primeiro, unha nova política para o monte, que apostemos realmente por un monte multifuncional, polas madeiras autóctonas de calidade, por pechar o ciclo produtivo da madeira e por frear o descontrol do eucalipto, que non pode ocupar nin un metro máis de terra no noso país. Retire ese Plan forestal ao servizo de Ence e, efectivamente, fagamos un pacto que sirva para cambiar as cousas e non para facer máis do mesmo.

En segundo lugar, utilice os mecanismos que ten, aposte pola ordenación do monte. Ten instrumentos, aprrobe un plan integrado de loita contra os incendios forestais.

Señor Feijóo, é moi triste para calquera galego ou galega ver como vostede quere situar a nosa lingua propia nunha especie en perigo de extinción.

Quero aproveitar este debate para denunciar que son moi perigosas as mentiras contra a lingua galega. E é igual de mentirán dicir que o castelán está desaparecido na Galiza, como dicir que hai quen impón o galego na Galiza. Son as dúas caras do mesmo discurso galegófobo e supremacista (*Aplausos.*) que pretende ocultar a realidade: (*Aplausos.*) que o galego está excluído de moitos ámbitos e que ten unha posición de desigualdade.

Vostede fíxese que preocupante é a situación que a Real Academia Galega nos últimos informes está dicindo cousas que a calquera goberno preocupado pola lingua lle farían rectificar. Fíxese o que di literalmente, di que vostede fixo retroceder a lingua no ensino vinte anos. Di tamén: «Podemos concluír que a aplicación do Decreto do plurilingüismo supuxo un retroceso en todos os ámbitos analizados: na lingua das aulas, nos usos cos compañeiros, no uso oral co profesorado e nos usos escritos». E conclúe: «Algo está fallando cando o noso ordenamento legal, desde os inicios da autonomía, prevé avanzar cara á unha situación de normalidade do galego e de igualdade co castelán e, pola contra, unha parte crecente de galegas sente unha presión cada vez máis forte para abandonar o galego e adoptar o castelán». Este é o retrato da súa política lingüística.

Os mesmos que precarizaron as vidas, recortan dereitos, pensións e salarios tamén precarizan a lingua. Pero estamos convencidas de que van fracasar, porque como dixo Castelao, no *Sempre en Galiza*: «Sodes uns imperialistas fracasados».

Emprego, insuficiente; sanidade, deteriorada; educación, recortada; pesca, reducida; agro, empobrecido; medio ambiente, contaminado; igualdade, exigua; lingua, precaria; Goberno, paralizado. Con este panorama está claro que precisa cada vez máis converter os medios públicos nunha delegación do gabinete de prensa do Partido Popular. De novo vostede, ao que se lle enche a boca falándonos de cumprir a lei, incumpre a lei dos medios e vulnera a súa función de servizo público.

E eu pídolles a todos e a todas —tamén a vostede, señor Feijóo, se é posible— que aquí fagamos un exercicio de imaxinación. Imaxínesse que a vostede lle contan que hai un país no que o director da televisión pública, que tiña que nomealo o parlamento, quen o nomea é o goberno a dedo; que ese director, nomeado a dedo, dá instrucións para que se oculte e mini-

mice a corrupción do partido que goberna; que os traballadores levan meses manifestándose porque non lles deixan informar libremente; que, ademais de todo isto, dimiten dous presentadores dos informativos para denunciar a manipulación; e que lle abren un expediente a unha das presentadoras, e a razón real é porque denuncia nunha gala á que asistía o presidente dese país a manipulación informativa. ¿Cre que este país é un país onde se respecta a democracia? Pois este país non é nin Arabia Saudita nin Turquía, este país é Galiza. *(Aplausos.)*

E as súas respostas retratan a súa idea de democracia. *(Aplausos.)* ¿Pensa, de verdade, que pode vostede vir aquí ao Parlamento dicirnos que non sabe nada da tele, que non ve a TVG? Parece que ten a síndrome de Ana Mato, que tampouco vía os jaguares no garaxe.

Se de verdade é un home de principios e valores democráticos, estará comigo en que hai que acabar cos nomeamentos a dedo na CRTVG e escoller unha nova dirección por un concurso público. Se cre na independencia dos xornalistas, constitúa xa os consellos de redacción. E se confía nos profesionais, aproben dunha vez o estatuto profesional. Non lle estamos pedindo nada extraordinario, só que cumpra a lei, señor Feijóo.

En conclusión, leva vostede unha década subido no coche oficial, durmindo en Monte Pío, pero incapaz de poñer en marcha un proxecto ambicioso de país. Vostede non é o futuro, vostede é o pasado. *(Aplausos.)*

E nós temos claro que outra Galiza é posíbel se mudamos o rumbo. Os galegos e galegas non temos que resignarnos nin caer na desesperanza, porque somos un país rico, con capacidade e con potencialidade. E para avanzar Galiza necesita dúas cousas: poder económico e poder político; é dicir, máis ferramentas para mellorar a vida da xente. E se o facemos, eu estou convencida de que teremos un futuro prometedor.

Para construír poder económico hai que impulsar unha banca pública galega, que acabe co espolio do noso aforro; unha tarifa eléctrica galega, que poña fin á estafa da factura da luz; un novo modelo económico, que aposte polos sectores produtivos, por pechar ciclos no país e pola innovación; e por un novo modelo de financiamento, que nos dea a chave dos cartos dos galegos e das galegas. Vostede en relación con este tema leva moito tempo mareando a perdiz e simplemente facendo turismo rexionalista de terceira división.

Desde o BNG animámolo a que abandone o centralismo, que deixe de defender a posición que lle interesa a Madrid e ao Partido Popular e que defenda os intereses de Galiza. Que defenda un concerto económico, porque é a única opción real para que teñamos autogoberno de verdade e non simplemente estar aquí ao que nos digan desde Madrid.

Un concerto económico permitiríanos ter o control de todos os cartos que se xeran no noso país, daríanos máis recursos económicos, permitiríanos aplicar unha fiscalidade xusta, na que realmente pague máis quen máis ten, e unha fiscalidade adaptada á realidade do noso país.

E tamén defendemos un concerto por orgullo, porque confiamos na capacidade de Galiza e non compramos esa falsa idea de que vivimos da solidariedade do Estado. De verdade, é que

só desde unha mentalidade colonial se pode dicir que Galiza sae perdendo co concerto económico e manter esa falsa idea de que Galiza vive grazas á solidariedade madrileña.

Necesitamos poder económico e tamén necesitamos outra ferramenta: poder político real. É dicir, que as decisións importantes as tomemos aquí, entre os galegos e as galegas, e non a miles de quilómetros onde outros deciden por nós e non é Galiza quen decide. Por iso traemos a debate a proposta de que non lle fagamos perder a Galiza unha oportunidade e de que non se repitan os erros do pasado.

Poñamos en marcha unha ponencia para articular un novo marco político para Galiza que nos reconeza como o que somos —como dicía Castelao—: unha nación con dereito a decidir o seu futuro e que deixe atrás as estreiteces do autonomismo. Falemos de todo sen límites nin corsés.

E mentres traballamos neste novo marco, non podemos quedar de brazos cruzados, hai que defender unha axenda galega ante o Estado. Hai que facelo porque vostede non foi capaz de defender os intereses de Galiza durante estes anos.

O señor PRESIDENTE: Vaia rematando, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: Conduciu Galiza á irrelevancia, a unha especie de ostracismo político.

Vostede nunca tivo unha axenda galega, a súa única axenda foi ser moi fiel a Rajoy, submisión total. E agora xa vemos cal é a súa nova aspiración, serlle útil a Pablo Casado. É unha pena que esa sexa a única contribución. Teño que dicirlle que ás veces dá a sensación de que o seu país empeza e acaba nas decisións que se toman na rúa Génova.

Foi vostede cómplice de todas as discriminacións con Galiza: dos atrasos do AVE, do recortazo nos investimentos —si, si, ¿quere que vexamos os datos da execución?—, do veto da transferencia da AP-9, do veto a que nos beneficiemos da produción de electricidade... E nós dicimos que hai que cambiar este guión. Hai que acabar con esa dinámica na que as forzas estatais din unha cousa cando están na oposición e a contraria cando están no goberno.

Temos que defender unha axenda galega governe quen governe; unha axenda galega para poñerlle fin a prórroga de Ence; para que se active xa, sen demora, a devolución do pazo de Meirás; para que teñamos unha AP-9 pública, galega e sen peaxes; que aposte pola modernización do ferrocarril e as cercanías; unha axenda para que nos paguen os 186 millóns de euros que nos deben da dependencia; e para que teñamos xulgados de Violencia de Xénero en todas as cidades.

E unha axenda galega que aposte por un paquete ambicioso de transferencias —porque vostede, señor Feijóo, foi o presidente das cero transferencias—: que inclúa os portos de interese xeral, as competencias de tráfico, o desenvolvemento da Policía galega, a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, a xestión das pensións ou o marco galego de relacións laborais.

En definitiva, trátase de confiar en Galiza, de decidir sobre o noso e romper cun centralismo que nunca trouxo nada bo para este país.

E como xa acaba o meu tempo, só un minuto para facer unha breve reflexión.

Estamos atravesando unha crise económica, social e democrática que algúns queren resolver a golpe de involución. Unha involución democrática que no Estado español é realmente asfixiante, onde vemos como todo está envolto pola corrupción. A corrupción volveuse a Marca España.

E neste tema quero ser xusta, a corrupción non é exclusiva do Partido Popular, forma parte dese sistema que creou o réxime de 1978. Infecta a Casa Real, o poder xudicial e as elites económicas. Creo que só temos que ver o que leva pasado coas eléctricas e coa banca para ver como os gobernos lexislan a favor dos grandes poderes económicos, legalizando grandes estafas. Vímolos co rescate bancario ou veno, cada día, todas as persoas coa factura da luz.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: Remato.

Chegamos a tal nivel de involución que neste estado hai rapeiros exiliados polas letras das súas cancións, hai políticos e cidadáns no cárcere por defender as súas ideas. E, fíxense, dezanove galegas poden ser xulgadas por poñer unha pancarta reclamando que a familia Franco nos devolva o pazo de Meirás. Aproveito para mandarlles a nosa solidariedade, (*Aplausos.*) porque nos deron unha lección maxistral. (*Aplausos.*) Como maxistrais foron Castelao e Bóveda, e toda a xeración de galegos e galegas que hai cen anos botaban a andar o nacionalismo, que fixeron un labor titánico a favor de Galiza, impulsando iniciativas sociais, culturais e políticas moi importantes, desde a creación da Caixa de Aforros de Pontevedra á empresa Zeltia, pasando polas vangardas artísticas galegas, ou a primeira proposta de concerto económico que elaborou Alexandre Bóveda...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: ...que, como todo o mundo sabe —e xa remato, presidente—...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: ...ou case todo o mundo, señor Feijóo, era economista.

Tiñan un proxecto nacional, transformador e de modernización do país; un proxecto que se viu truncado polo fascismo, cun resultado devastador, pagando coa vida e co exilio o seu amor a Galiza.

Castelao e Bóveda son un patrimonio colectivo, de todos os galegos e de todas as galegas, de todos menos dos fascistas que os asasinaron e dos seus herdeiros. Castelao e Bóveda entregaron a súa vida para defender este país, e fixérono porque eran nacionalistas, por amor á

súa terra. É unha ofensa moi grande á súa memoria que haxa un presidente que teña o descaro de manipular, retorcer ou ocultar o seu legado e as ideas que eles defenderon, que quedan ben claras no *Sempre en Galiza*. Queda retratada a catadura moral de quen o fai. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PONTÓN MONDELO: E remato. Dez segundos, señor presidente.

O señor PRESIDENTE: Grazas. Terminou o seu tempo, señora Pontón. Remate xa, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: Remato. Dez segundos.

Castelao non soñaba cunha Galiza con emigración, nin con caciques, nin con xente que non pode prender a calefacción. Castelao soñaba cunha Galiza ceibe, libre e digna, e abriu un camiño novo que latexa no corazón de miles de galegas e galegos, e é a esperanza dun futuro mellor.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PONTÓN MONDELO: Nós seguimos crendo nese soño...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: ...e por iso non nos resignamos...

O señor PRESIDENTE: Terminou o seu tempo. Moitas grazas.

A señora PONTÓN MONDELO: ...a vivir neste presente precario.

O señor PRESIDENTE: Terminou o seu tempo. Grazas.

A señora PONTÓN MONDELO: Non falla Galiza, falla vostede, señor Feijóo.

O señor PRESIDENTE: Señora Pontón, terminou o seu tempo.

A señora PONTÓN MONDELO: Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grupo Parlamentario Socialista, señor Fernández Leiceaga.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: Boa tarde, señoras e señores deputados.

Vamos empezar entón por Castelao. Castelao hoxe é reivindicado por todos e todas, felizmente, a min paréceme unha boa noticia. Pero tamén hai que recoñecelo como o que é, como o que foi: un galeguista, un republicano, un deputado da Fronte Popular, un exiliado, que as veces dicía cousas que son difíciles de asumir por algúns. Por exemplo, cito *Sempre en Galiza*: «Os elementos da dereita...» —dicía Castelao— «...só conciben unha patria artificial, posta

ao servizo dos seus intereses». Este tamén era Castelao. Hoxe reivindicámolo todos, felizmente, pero hai que coñecelo. (*Aplausos.*)

Señor Núñez Feijóo, tivemos un ano pródigo en acontecementos políticos: as sentenzas da Gürtel, que foron unha evidencia da corrupción estrutural do Partido Popular; o cambio de goberno en España, que para nós representa unha oportunidade para avanzar; o cambio de liderado no Partido Popular; a permanente tensión en Cataluña; a incerteza internacional co *Brexit*, coa guerra comercial entre Estados Unidos e China; e a continuidade dunha recuperación económica que ten indicios de que os ventos de cola que a estaban impulsando teñen menos forza que antes.

¿Que falta aquí? Pois para nós faltan as medidas, as iniciativas ou os proxectos en positivo que tería que levar a adiante a Xunta de Galicia neste último ano. ¿Que pode ofrecerlles aos cidadáns como balance deste ano de goberno? Que pode ofrecerlles como gran proxecto de practicamente unha década que leva vostede gobernando?

Eu creo que o seu Executivo foi como un surfista que se limitou a aproveitar a cinética das ondas para avanzar no tempo, para manterse no poder, con inercia, con propaganda, co único obxectivo de gañar as seguintes eleccións. ¿Que lembramos dos seus últimos doce meses, se deixamos a un lado —permítanme un toque de humor cinematográfico— ese episodio de «noivo á fuga» da dereita española? Vostede di que segue aquí, pero a súa decisión de non irse despois de estar reflexionando durante tempo indica xustamente que obedeceu ao cálculo, non ao compromiso. (*Aplausos.*)

¿Que lembramos deste último ano? Lembramos os incendios do outono pasado, con varios falecidos. Lembramos a interminable folga da xustiza. Lembramos o descologe coa folga feminista masiva do 8 de marzo. Lembramos os venres negros da CRTVG. Lembramos o falecemento dun paciente no PAC da Estrada. Podería seguir, pero vou ir parando.

Señor Núñez Feijóo, a parálise do seu goberno queda ilustrada perfectamente cando atendemos ao seu programa lexislativo: once leis previstas para este ano, desde a Administración Dixital de Galicia ao Impulso demográfico. ¿E sabe cantos proxectos presentaron neste Parlamento? Cero. ¿E o ano anterior? Ademais dos orzamentos e da Lei de acompañamento, unicamente a Lei de benestar animal. Iso explica a parálise do seu goberno.

Foi un presidente que preferiu xogar ao *catenaccio* en Galicia antes de ter un tropezado que repercutise en Madrid. E tivo a unha parte do seu goberno agardando a condena a galeras do sacrificio municipal nos próximos meses.

Podíamos seguir, pero eu quero resumir dicindo que foi un Goberno paralizado, que non atendeu a ningunha das fracturas —nin a social, nin a xeracional, nin a territorial, nin a de xénero— que denunciabamos hai doce meses; que foi caracterizada a súa acción de Goberno pola inercia e pola propaganda, co único obxectivo de gañar as seguintes eleccións.

É certo, despois dos incendios de outubro pasado, creamos unha Comisión de política forestal que foi unha emenda á totalidade da súa política para o monte nos últimos anos, e unha re-

cuperación apenas disfrazada das iniciativas do mandato do presidente Touriño. Fixémolo desde o Parlamento, coa participación dos axentes sociais interesados no monte, e démoslle a volta como un calcetín á súa política forestal. Tanto é así que tivo que cambiar de conselleiro —ao que lle damos todos os parabéns—; tanto é así que hoxe mesmo anunciou que vai presentar un proxecto de lei de mobilización de terras para poder aplicar isto, despois de ternos dito uns minutos antes que cambiara toda a lexislación en materia de montes nos últimos anos.

Ao novo conselleiro felicitámolo, pero temos que dicirlle tamén que imos ser exixentes co que asinou; estritos nos prazos e vixiantes no cumprimento daquelo que está pactado, para evitar que os desgraciados sucesos do ano pasado se repitan. Todos queremos que non se repitan, e incluso que os seus ecos —como o de Mondariz deste ano— non volvan pasar. Non imos conformarnos con retórica, con propaganda ou con promesas, imos querer realidades.

Señor presidente, leva gobernando case dez anos, xa non pode reclamar inocencia ou apelar a herdanzas recibidas. Gobernou con maiorías absolutas, cun Goberno amigo en Madrid que tamén tivo durante un tempo maiorías absolutas. Tivo todo a favor para cumprir o que prometeu no ano 2009, menos o contexto, pero ese contexto desfavorable xa o coñecía cando chegou a ser presidente e cando fixo as promesas.

Nós imos facer un diagnóstico realista e imos poñer o acento en catro temas: en demografía —vostede recoñeceuno esta mañá—, Galicia segue indo a menos; en economía, simplemente dez anos despois volvemos ao punto de partida, pero con máis desigualdades, con menos emprego e máis precariedade; en servizos públicos, o duro axuste orzamentario e o enfoque conservador deixaron feridas moi severas; e en infraestruturas, co denominado Plan Move aprobado en 2010, podíamos dicir que chegou o presidente e mandou parar.

O contexto non axudou, pero tanto o señor Rajoy como vostede son responsables da xestión da crise. Vostede sentiuse cómodo coas medidas de política económica restritiva que impulsaba o señor Montoro entre o 2011 e 2018, e en dez anos xestionou aproximadamente dúas veces o PIB de Galicia; por tanto, para ben ou para mal, vostede tamén é responsable do que pasou.

Presume habitualmente de ter impedido que Galicia quebrase, e ese pasa por ser un gran logro do seu Goberno. Pero temos que dicir que non houbo ningunha comunidade autónoma que quebrase —que coñezamos—. Por tanto, ese logro cando menos é compartido polas restantes comunidades autónomas. *(Aplausos.)* Galicia foi igual que o resto. *(Aplausos.)*

Vostede tamén presume de equilibrar as contas e acusa a outros de despilfarro. *(Murmurios.)* Pero a débeda aumentou durante o seu Goberno de 3.900 a máis de 11.500 millóns de euros. E iso non sería un problema, non hai un problema de sostibilidade —na nosa opinión— sobre a débeda, pero si botamos en falta que iso servise para pór en marcha un sistema de investigación máis forte, ou para completar as infraestruturas que faltaban, para poñer en marcha ese Plan Move do que estamos falando. Sen dúbida, serviulles para aguantar durante todo este tempo, pero non lles serviu para modernizar Galicia nin para avanzar na corrección das desigualdades.

Hoxe precisamos ser rigorosos coas contas, pero tamén ambiciosos cos obxectivos e cos proxectos. Dentro dos límites de déficit acordados, pero esgotándoos ao servizo dun proxecto de país. Vostede non o fai, e supoñemos que será porque faltan obxectivos definidos máis alá da supervivencia electoral a toda costa. Por iso tamén se opoñen —e nunca acabamos de entendelo— á relaxación do déficit pactada coa Unión Europea, que significaría bastantes millóns de euros adicionais para as comunidades autónomas e, por suposto, tamén para Galicia. Significaría máis médicos, máis residencias, máis oportunidades para os investigadores, máis profesores, máis cuidadores de dependentes, etc. Nós non nos conformamos coa súa falta de ambición. E non entendemos por que non queren someterse a un criterio que a Unión Europea está autorizando. (*Aplausos.*)

Galicia sobreviviu a esa crise, sobreviviu ás políticas restritivas de Montoro e Rajoy, sobreviviu á súa xestión, e nos últimos anos está despertando. Nós non queremos facer, e non facemos, un discurso catastrofista. É certo que a produtividade do traballo se está recuperando e que o comercio exterior está evolucionando satisfactoriamente. Está ben. Pero a pregunta que debemos facernos todos é: ¿cal é a contribución da Xunta de Galicia a estes bos resultados? Cando a confección ou o automóbil invisten e conquistan mercados exteriores, ¿alguén considera seriamente que é a Xunta de Galicia a que está detrás? A recuperación do sector naval depende directamente do ciclo internacional de negocios. Cando foi mal, ía mal aquí, agora que vai ben, está indo ben aquí. As promesas específicas estilo PEMEX ou ese grandísimo investimento que ía haber no sector lácteo e que anunciou na última campaña electoral, ¿onde están?

A modernización de Galicia estase facendo porque hai empresarios que arriscan, hai autónomos, hai cooperativas, hai empresas familiares ou grandes grupos que están apostando polo país. Hai emprendedores que cren nunha idea e ás veces fracasan e outras veces triunfan, pero están intentando tirar adiante polo país. E nós sabemos que as empresas responsables e o mercado competitivo teñen un papel decisivo na nosa prosperidade. Queremos favorecer o emprendemento, o risco, a competencia, no dobre sentido que ten esta palabra. Pero o progreso tamén depende do esforzo e o talento dos investigadores, que moitas veces en condicións demasiado precarias traballan duramente. Da mocidade, que saca adiante os seus estudos en condicións moitas veces difíciles, e logo se lanza á selva do mercado laboral e acaba recibindo 6 euros á hora en condicións moi precarias. Dos traballadores e traballadoras, que cumpren coa súa tarefa sabendo que a formación, a seriedade e a experiencia ás veces os protexen, pero ás veces non, do desemprego e do axuste salarial.

Esta Galicia resistente, con capacidade de superación, é a que está sacando a cabeza pouco a pouco do pozo, a que nos está facendo avanzar colectivamente. E desde a política temos que colaborar con ese esforzo social. Nós cremos que o seu goberno, paralizado, está axudando moito menos do que debera porque ten demasiada inercia, demasiada propaganda, e a cabeza demasiado posta nas próximas eleccións.

En demografía, vostede xa recoñeceu á mañá que as cousas non ían ben. Ten o triste privilexio de ter o récord de menor número de nacementos en Galicia na serie histórica no ano 2017. E non é certo que vaimos baixando desde o ano 1990. Subiu entre o 2004 e o 2009 e baixou desde que vostede é presidente xustamente; e non é só culpa da súa xestión, pero

algo ten que ver. O ano pasado nós diciámoslle que a Tarxeta Benvida era un regalo magnífico para aqueles que a recibían —mal xestionado—, pero que non ía ter apenas efecto sobre a natalidade. A caída do número de nacementos segue ademais a un ritmo crecente, corroborando o que nós dicíamos. O ditame do Observatorio demográfico está rematado na súa fase inicial, e nós coincidimos co seu diagnóstico: precisamos emprego de calidade e dábondo, servizos públicos e estratexias de conciliación, e non retórica e simples regalos. Vostede está aprobado en retórica, pero neste caso suspenso en resultados. ¿Sabe tamén que ten o récord en saldo vexetativo negativo na diferenza entre defuncións e nacementos? ¿Que tamén ten o seu máximo no 2017? ¿Sabe que o saldo negativo acumulado supera as 90.000 persoas desde que vostede é presidente?

Esta Galicia que vai a menos é compatible cun goberno que na práctica mira para outro lado por mera incapacidade; que fai márketing con isto, pero non obtén resultados. E recoñecer que as cousas van mal está ben, é un paso adiante, pero non nos dixo que pensa facer para remedialo.

E en economía, ¿que está facendo a Xunta de Galicia? —estaba buscando o conselleiro de Economía pero non está—. ¿Ten un proxecto eficaz ou limitábase a tirar partido do impulso global de España e da acción dos axentes económicos que eu antes caracterizaba?

O Igape está paralizado, está sendo cada vez máis irrelevante e máis ineficaz. Non é só que caian as cantidades de gasto que ten nos orzamentos iniciais, é que tampouco é capaz de executar eses orzamentos minguantes. ¿Ten algún plan para reformar o Igape? En I+D+i quedamos atrás: menos investigadores e menos recursos. Estamos retrocedendo desde o ano 2009, e durante os últimos anos de expansión tampouco imos a mellor, mentres o País Vasco, por exemplo, xa duplica o seu gasto en I+D+i público en relación con Galicia. E a execución orzamentaria de AGAIN é moi baixa e está en descenso. ¿Ten algún plan para reformar AGAIN?

En formación chegamos tarde. Sectores en auxe como o metal teñen unha grave insuficiencia de traballadores cualificados, e mentres, en 2017 o programa da Consellería de Economía dedicado á formación no emprego tivo un grao de execución do 7 %; non do 70 %, ¡do 7 !

En infraestruturas, señor Feijóo, o seu goberno simplemente tirou a toalla como un boxeador noqueado. O Plan MOVE cifraba un investimento previsto en 3.622 millóns de euros no ano 2010. ¿Sabe canto investiu a Xunta de Galicia desde aquela? Apenas 600, e un 60 % diso nos anos 2010 e 2011 porque xa estaban comprometidos e estaban os proxectos lanzados. (Aplausos.) A partir de aí, seca absoluta. Na práctica, o plan está paralizado desde que foi aprobado.

Vostede exige agora á Administración xeral do Estado todo xa en infraestruturas. Está ben, pero debería aplicarse o conto e facer posible aquí o que lle está pedindo ao Estado que faga, porque estamos no mesmo contexto económico.

¿Para cando a conexión completa de Santiago coa Costa da Morte, ou a variante de Carballo, a variante de altas prestacións da Costa norte, a conexión coa Estrada? ¿Sigo? ¿Para cando a

duplicación da Pobra de San Xiao e Sarria? ¿Sigo? E estamos falando de pequenos tramos do territorio, pequenas superficies do territorio.

Esquecéronse vostedes tamén de aplicar as bonificacións nas peaxes que estaban previstas no Plan MOVE para as autopistas da comunidade autónoma. Está ben reclamarlle ao Estado, pero apliquemos tamén aquí a mesma política. Vamos provocar algún debate sobre isto.

Señor Núñez Feijóo, en política industrial, en innovación, en formación, en infraestruturas, non chega ao aprobado. A economía vai indo, pese á ineficacia da Xunta de Galicia en temas claves que deberían reforzar as nosas capacidades de futuro. Están malversando o presente e están deteriorando as nosas posibilidades de futuro.

Falou moito vostede turismo. Está ben. ¿Pero sabe o que nos din as estatísticas? Que no último ano Galicia lidera a caída en pernoctacións de todas as comunidades autónomas españolas, un -8 %. ¿Que pensa facer para cambiar esa dinámica? Iso é o importante.

E esta falta de acción ten graves consecuencias. A primeira, a grave fenda en emprego. No segundo trimestre de 2018 España tiña 200.000 ocupados máis que nove anos antes. Galicia, 77.000 menos. ¿Sabe cantas persoas máis terían ocupación en Galicia se nos comportásemos como a media española entre 2009 e 2018? 90.000. Esa é a súa responsabilidade, eses 90.000 empregos que faltan e que teríamos se nos comportásemos como España. E con iso eliminaríamos todo o desemprego feminino ou lle daríamos emprego a toda a nosa mocidade, incluso a aqueles que tiveron que marchar e que poderían voltar para traballar aquí. Esa é a súa responsabilidade.

A Iniciativa de Garantía Xuvenil foi un fracaso rotundo de xestión. A utilización dos fondos para o emprego, en conxunto, merece unha nítida reprobación, non só na Consellería de Economía. Voulle poñer un exemplo diferente. Na de Pesca caeu o emprego EPA bastante desde 2009, pero o Programa 723A, que atende ao relevo xeracional, só tivo un gasto do 37 % en 2017. Ese foi o nivel de execución acadado.

Cae o emprego industrial. Créase un emprego máis precario. Coa reforma laboral reduciuse o poder de negociación dos sindicatos: baixan os salarios. A taxa de actividade da mocidade galega é inferior á española, a taxa de temporalidade superior, e iso que cada vez os grupos de idade relevante son máis reducidos.

Precisamos darlle un horizonte á mocidade, con máis e mellor educación e con máis oportunidades laborais. Por iso nós propoñemos reformar as normas da Formación Profesional Dual para facela máis efectiva e máis ampla. Propoñemos eliminar as taxas de primeira matrícula nas universidades e facilitar o acceso aos mestrados cunha política de bolsas máis decidida. Por iso é necesaria unha reforma de toda a súa política de emprego, poñendo a funcionar os recursos cos que contan.

Coincidimos na necesidade de impulsar o diálogo social, pero cremos que debe servir para reducir substancialmente a precariedade. Non queremos que quede nunha foto, queremos que haxa resultados tanxibles a curto prazo.

No emprego público, por suposto, plans para reducir a precariedade como os que xa levamos propoñendo nos últimos dous anos. E no ámbito privado dependente da Administración pública a través da contratación, as cláusulas sociais poden ser un bo instrumento para impulsar ese combate. Combatamos a precariedade, melloramos as condicións de traballo e favorezamos a protección do medio ambiente.

Pero mire, os salarios eran o 46,7 % do produto interior bruto no ano 2008 e son agora o 42,7 %. A diferenza, en termos actuais, está próxima aos 2.500 millóns. Isto é o que perderon —digamos— os salarios globalmente en Galicia. Iso quere dicir que dalgunha forma aumentaron as desigualdades. E esta suba dos beneficios, que é a outra cara deste descenso dos salarios, non produce máis riqueza social porque non dá lugar a unha expansión da capacidade económica vía investimentos. Hai fuga de recursos financeiros a través do sistema bancario, en xeral do sistema financeiro, que non repercute en máis crecemento.

Non é capaz de seducir os empresarios que xa están aquí para que invistan todos os beneficios que acumulan. E non seduce a empresas de fóra para que veñan aquí. Captamos un 0,27 % do investimento estranxeiro no último semestre. Pero é que captamos menos do 0,5 % nos últimos cinco anos do total español. Son cifras que indican que Galicia non é un bo lugar para investir. Non está funcionando a política fiscal de atracción de investimentos porque choca coas dificultades da política real. Cando baixan os impostos e despois invisten menos en I+D, en infraestruturas, en formación, están desestimulando o investimento, e ese é o problema real, señor Feijóo. *(Aplausos.)*

Os datos de creación de empresas, despois da aprobación da Lei de fomento de iniciativas empresariais, caeron un 6 %. Pero é que caeron un 6 % tamén o ano anterior. Algo está pasando e algo deberon estar facendo mal cando nos di que na Lei de acompañamento deste ano vai haber un novo cambio para facilitar a implantación de iniciativas empresariais.

Discutiremos a baixada impositiva cando a coñezamos. Foi un mero lema: imos baixar os impostos. Non nos dixo sobre que, e así é moi difícil discutir os seus efectos. Só lle vou dicir que leva anunciando ano tras ano rebaixas que co paso do tempo nos deberían ter convertido xa nun paraíso fiscal. E iso non é o que perciben os cidadáns. Por certo, de forma paralela que baixaba vostede retoricamente os impostos, subíaos realmente o señor Montoro no IRPF ou no IVE, que todos nos acordamos diso. *(Aplausos.)*

Pero fíxese, cando imos aos datos do orzamento que presenta o seu conselleiro de Facenda, indícanos que os beneficios fiscais do ano 2018 son menores que os do 2017. Baixada de impostos e reducen os beneficios fiscais estimados no orzamento. Algo está pasando, señor Feijóo. Ou non é real esta baixada, ou algo pasa nesa consellería.

Hai tres anos, máis que duplicaron o imposto de hidrocarburos sobre o diésel. Naquel momento, o señor vicepresidente defendía que era unha gran medida, que ía ter efectos de sostibilidade ambiental. Pero hoxe vostede nos di todo o contrario. ¿Equivocábanse hai tres anos ou equivocáanse agora?

O pouco que puiden entender das baixadas impositivas é que ían actuar sobre o imposto de transmisións patrimoniais, pero ese imposto de transmisións patrimoniais vostedes o subiron hai pouco tempo do 7 % ao 10 %, e nalgún caso do 4 % ao 8 %. Entón, ¿equivocábanse daquela ou equivócanse agora? Discutiremos isto con máis calma cando falemos de orzamentos.

En calidade democrática, nada dixo. Calou sobre os medios de comunicación públicos, pero están cheos de preocupación os seus traballadores. Levamos vinte venres negros, cada vez máis masivos, porque nunca houbo tanta intervención. Evita aplicar unha lei aprobada hai sete anos, señor Núñez Feijóo, bloqueando todas aquelas previsións que favorecen a profesionalidade e a neutralidade informativa. Nin elección parlamentaria do director xeral, nin estatuto profesional, nin Consello de informativos, nin contratos-programa, nin produción propia completa dos informativos, nin lei do audiovisual e Consello do Audiovisual.

Pasaron sete anos e a vida segue igual: un incumprimento premeditado e contumaz da lei. ¿Vai comprometerse aquí hoxe a cumprir a lei, esta lei que aprobamos hai sete anos? Estamos falando de medios públicos postos ao servizo de intereses partidarios. Estamos falando de que se persegue aos xornalistas críticos, reducindo a nosa calidade democrática. O expediente disciplinario que está aberto vai ser unha mancha indeleble nun currículo, pero temo que vai ser no seu, e non no currículo da xornalista perseguida. *(Aplausos.)*

Falemos tamén algo máis de igualdade de xénero. É a cuestión máis relevante do século XXI. As mulleres van gañar a batalla da igualdade, non teño dúbida ningunha, pero hoxe hai en Galicia catro mulleres traballando a tempo parcial por cada home. E hai máis mulleres que homes con contrato temporal, tamén no sector público. Se vostede impulsa a contratación indefinida no ámbito público, estará traballando a favor da igualdade; se impulsa os permisos iguais de paternidade e maternidade, como vai facer o Goberno Sánchez, o mesmo.

A fenda salarial persiste en todos os tramos de salarios e de idade. As mulleres teñen un solo de lama e un teito de cristal. E só o 27 % do persoal directivo ou xerencial das empresas en Galicia son mulleres. Pero é que na Administración autonómica e nas súas empresas ocorre algo similar, e iso depende basicamente de vostede. Tome unha decisión e faga que exista igualdade nos consellos de administración das empresas dependentes da Comunidade Autónoma. Rompa o teito de cristal e será máis crible.

Pero hai un problema de base, aos responsables do seu partido prodúcelles urticaria a igualdade de xénero e reaccionan sen control. Sabe vostede perfectamente que a Xunta foi condenada por servizos mínimos abusivos nesa folga do 8 de marzo, na que o portavoz do seu partido, o señor Tellado, dicía: «A folga feminista é do máis machista que hai». *(Murmurios.)* ¿Lembra a alusión aos gobernos floreiros da súa deputada ponente de igualdade? ¿Escoitaron, supoño que si, o outro día o alcalde de Vilanova, que despois repetiu unhas expresións que unen o machismo ao insulto persoal inaceptable? Ten que dicirnos se ese é o pensamento do seu partido, señor Feijóo. Tome medidas ou, se non, non será crible nesta materia, neste debate. *(Aplausos.)*

En emprego, cremos que non teñen un proxecto para este país. Teñen un proxecto que busca sobre todo permanecer no poder, como amosa que convertese o Debate do estado da auto-

nomía nunha plataforma de anuncios para axudar os seus candidatos ás municipais. En realidade, o único proxecto político serio de Alberto Núñez Feijóo defínese moi ben: chámase Alberto Núñez Feijóo. Non hai máis que iso. Pero nos últimos tempos os seus graos de liberdade reducíronse. O episodio de noivo á fuga debilitouno na política española, e, salvo accidente, a saída a España está pechada nos vindeiros anos. A recomposición do seu goberno foi unha ocasión perdida para darlle un novo impulso a Galicia, en vez de cubrir as necesidades partidarias.

O cambio de goberno defínese en dúas palabras: control e continuidade. Control persoal con conselleiros moi ligados a vostede, poñendo límites claros ás ambicións provinciais. E continuidade, porque as claves da acción política seguen estando nas mesmas mans; non hai novos actores, non hai unha nova ligazón do seu goberno con outros sectores sociais, non hai aspiracións a abrir unha nova etapa. Este goberno menor anuncia que vostede ten na cabeza volver ser candidato no ano 2020. ¿Non era prudente —dicía vostede hai un tempo— limitarse a dúas lexislaturas? O Alberto Núñez Feijóo do 1982 díxonos recentemente que votou por Felipe González. Eu creo que isto non é relevante, pero, en todo caso, de ser así, o Alberto Núñez Feijóo de 1982 non votaría por Feijóo 2009, por Feijóo 2012 ou por Feijóo 2016, e xa veremos no ano 2020. (*Aplausos.*) Porque o proxecto de Felipe González en 1982 era claro: modernización da sociedade española, construción dun sistema fiscal potente e equitativo que permitise financiar un Estado capaz e un sistema de benestar progresivamente comparable ao europeo, integración na Unión Europea e afirmación internacional de España e recoñecemento da pluralidade interna. Non o vexo eu neses parámetros.

Non podo contestarlle a todo, teño xa pouco tempo, pero permítame que lle diga que, máis alá de repetir as promesas do ano anterior ou de recuperar algunhas iniciativas nosas nas que votaron hai pouco tempo en contra, como a extensión da gratuidade na mocidade a todo o país —votaron en contra en abril—, hai pouco novo no seu discurso.

Pero voulle falar un pouco de sanidade e de servizos sociais.

Para nós unha das métricas máis importantes dos servizos públicos é a que corresponde á percepción dos seus usuarios. E o barómetro do CIS do ano 2017 indica que Galicia é a terceira peor sanidade das comunidades autónomas de España e que máis do 75 % dos seus usuarios consideran necesarios cambios no Sergas. ¿Temos un bo sistema? Si, pero este sistema está deteriorándose gravemente como resultado dos recortes e a xestión que fixeron desde o seu Goberno.

A resistencia dos profesionais está mantendo o sistema, pero ten un límite. Diminúe o persoal na sanidade pública. Eu podo darlle os datos do Ministerio de Administracións Públicas. Hai 544 profesionais menos que en xaneiro do ano 2009, 544. A OPE de mil seiscentas prazas —que está ben, que nós propuxemos e que vostedes colleron o guante— é un paliativo. Hai que ir máis alá, porque entre as xubilacións que se van producir e a consolidación de emprego isto non vai dar lugar ao reforzamento da sanidade pública que é necesario.

Existe unha precariedade excesiva que debilita o sistema e castiga os profesionais. Dos máis de dous mil cincocentos titulados MIR desde que vostede é presidente, só incorporaron ao

sistema o 15 %, e en 2017 a Xunta dedicou máis do 20 % do seu capítulo I en sanidade a pagar contratos eventuais. Isto está debilitando o sistema, cun goberno que di defender os profesionais pero que en realidade está castigándoos e expulsando do sistema aqueles que forma ou, no mellor dos casos, explotándoos dunha maneira abusiva.

E no barómetro do CIS de 2017 son o triplo os usuarios que din que as listas de espera empeoraron fronte aos que din que melloran. Isto non se reflicte nas súas estatísticas, porque vostedes fan unha boa xestión de estatísticas, pero xestionan moito peor as listas de espera.

Nos tempos de espera para a primeira consulta, (*Aplausos.*) os usuarios que agardaron máis de seis meses pasan do 8,6 % ao 14,4 % nun ano, o dobre que en España. A realidade do sistema sanitario está nas salas de espera dos hospitais e dos centros de saúde e non nas listas que vostedes están publicando.

Vigo está condenado con vostedes a experimentar os problemas dunha sanidade pública dependente da privada, polos pacientes que están referenciados a Povisa e por un Álvaro Cunqueiro que ten unha xestión na que a iniciativa privada ten máis espazo do que debera.

Non somos contrarios á iniciativa privada, pero defendemos un servizo público que debe ser eficiente e ter como obxectivo atender as necesidades da cidadanía. Leva gobernando dez anos e non resolveu esta situación. Vostedes votaron en contra de establecer un catálogo de servizos que homoxeneizara a prestación sanitaria no conxunto das áreas sanitarias. Non pode vir agora dicirnos que quere facer avanzar a sanidade pública en todo o territorio.

E vai vir á Comisión de investigación de sanidade porque desde a oposición a creamos. Vostede hai pouco tempo dixo que non a comparecer neste pleno cando o pediamos os grupos da oposición, e vai vir porque a creamos desde a oposición, porque vostedes non querían crear esa comisión e consideran que é un erro. E agardo que esa comisión permita poñerlle cifras e letras á realidade dos recortes, á precariedade, á privatización, aos déficits asistenciais e ás supresións de áreas sanitarias, así como ás listas de espera na sanidade pública, e que esa evidencia...

O señor PRESIDENTE: Vaia rematando, por favor.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: ...permita cambiar a política sanitaria.

Nos servizos sociais, señor Feijóo, hai 131.456 persoas con carencia material severa. Isto quere dicir que non poden permitirse unha comida de carne, polo ou peixe cada dous días, manter a vivenda a unha temperatura adecuada, pagar regularmente os gastos da súa vivenda principal ou dispoñer de teléfono, as catro cousas á vez. Ningún de nós seguramente sabe o que é vivir así, pero hai un de cada vinte dos nosos cidadáns que o están experimentando cada día. E, mentres, o número de perceptores da Risga, das axudas de emerxencia, cae no ano 2017.

Agora prometeu a rápida publicación do decreto de desenvolvemento da Lei de inclusión social, pero estivo parado varios anos e seguen mantendo unha Risga nin suficiente nin digna,

burocratizada, non individualizada, que está poñendo trabas para facer compatible a integración laboral coa percepción destas axudas.

Non fan os deberes, como tampouco o fan en atención temperá.

En atención aos dependentes, recentemente lle dixen que había 117.875 persoas sen atender nas diversas prestacións, 23.500 por riba de 2011.

Claro que aumentan as cifras absolutas de persoas atendidas no sistema, porque é unha lei de implantación progresiva. Pero o que ocorre é que, mentres a Xunta de Galicia anda, a realidade do avellentamento e das necesidades dos dependentes está correndo. E isto é máis grave que nunca nos déficits en prazas residenciais públicas.

Vostede non pode facer máis promesas aquí. Ten que empezar a cumprir, porque outra promesa máis o vai desacreditar. Leva anos prometendo sete residencias, unha por cada área urbana, pero non o está cumprindo.

Vou rematando xa, falando brevemente da inserción de Galicia en España. Nós somos demócratas e autonomistas convencidos. Criticamos á vez a aposta independentista, que nos saca das formas comúns de convivencia, como tamén a aposta neocentralista, que borraría a diversidade de España. Hoxe o Goberno de España está noutra cousa, estamos no momento da política e non do peche de portas, estamos no momento da sementeira e non da ceifa. Logo de anos de indiferenza, hai que recuperar a convivencia ou cando menos a conlevancia. E, cando se abra a reforma, Galicia ten que estar presente, por suposto, para falar das competencias, do financiamento e dos símbolos. Temos que avanzar no federalismo e configurar unha oferta que seduza os que hoxe queren marcharse e convencelos de que España é un magnífico horizonte de futuro.

Pero o principal risco é que esa competencia dura entre o Partido Popular e Ciudadanos, á que agora se suma Vox, acabe levando o seu partido a posicións centralistas incompatibles cunha maioría da sociedade española e tamén galega.

A diferenciación entre nacionalidades e rexións permite axustar o sistema ás distintas preferencias pola autonomía que existen no territorio, respectar a identidade e o autogoberno, con potentes mecanismos de igualación que eviten a discriminación entre cidadáns. É a nosa aposta de futuro.

Pero falemos tamén das relacións co Goberno de España. Se miramos atrás, vemos que os sete anos de Rajoy na Moncloa foron sete anos de vacas fracas. Non son capaz de lembrar ningunha transferencia, nin ningunha autovía completada, nin ningún ano en que a execución dos fondos orzados para o AVE superase a cifra do 60 %.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: Non son capaz de ver que a PLISAN ten a conexión ferroviaria que merece, nin a reforma do modelo de financiamento, e así sucesivamente. Ningunha transferencia, atrasos, recortes e escusas en infraestruturas e nada en financiamento.

E hoxe espertaron, vigorizados polo novo rol de oposición, e agora reclama unha Conferencia de Presidentes, ¿cunha convocatoria electoral en Andalucía dentro de dous meses?, ¿despois de que o señor Rajoy fixera caso omiso das demandas das comunidades autónomas durante tantos anos? (*Aplausos.*)

E en tres meses o Goberno de España desbloqueou o debate no Congreso sobre a transferencia da AP-9, e nós imos facer todo o posible para que esa transferencia sexa rematada.

E o novo Goberno está fundamentalmente comprometido co respecto á memoria histórica. Hai unha Dirección Xeral de Memoria Histórica que vai facer todo o posible por que o pazo de Mareas..., de Meirás volva ao ámbito público, despois de que o señor Rajoy (*Murmurios.*) vetara cun informe da Avogacía do Estado —feito rapidamente, feito moi rapidamente— que iso puidera producirse. (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: Imos facer todo o posible para conseguilo, porque a vontade é total e o compromiso tamén. Sete anos de hibernación non poden ser compensados en tan pouco tempo.

Señor Núñez Feijóo —remato xa—, non ten proxecto, non hai un obxectivo ao que dirixir estratexicamente a acción de goberno, carece dunha visión de Galicia e do seu Goberno dicíamnos que estaba paralizado. O portavoz do Partido Popular falaba nun pleno pasado de anestesia para referirse á oposición. Aberto o catálogo de enfermidades, no «n» aparece «narcolepsia», que é un estado morbozo que se caracteriza por un desexo incontrolable de durmir.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Leiceaga.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: Esta somnolencia incontrolada —remato xa— só desaparece cando...

O señor PRESIDENTE: Remate xa, por favor.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: ...están na oposición, como agora en relación co Goberno de España. En dous anos a terapia democrática vai permitir a súa curación completa.

O señor PRESIDENTE: Grazas, grazas.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: Polo menos así o espero.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grupo Parlamentario de En Marea, señor Villares.

O señor VILLARES NAVEIRA: Señor presidente, señorías, cidadáns galegas e galegos.

Señor Núñez, a xente de Galicia non se merece un presidente coma vostede. Cando un galego entra en urxencias, merece persoal sanitario que o atenda, e non morrer logo dunha hora sen atención médica; ninguén merece esta morte, nin en Galicia nin en ningún lugar do mundo, señor presidente.

O 4 de agosto de 2018 o Servizo de Urxencias do PAC da Estrada, con incumprimento explícito de polo menos dúas normas da propia Consellería de Sanidade, non dispuña dun segundo equipo sanitario. Esta situación foi propiciada pola propia Consellería, que, nun aparente caos organizativo, non foi quen de prover os mínimos sanitarios marcados pola propia lei. Pero non foi o caos. É unha política planificada que precariza as condicións laborais para aforrar custos, como se a sanidade fose unha empresa e como se os cidadáns fósemos mercadoría.

Señor presidente, aforrou vostede esa tarde trescentos euros para a súa empresa, pero, a causa dese aforro, estragóuselle a mercancía. Galicia non é unha empresa e os galegos e galegas non somos mercadorías, somos seres humanos. *(Aplausos.)* O seu aforro desa tarde deulle trescentos euros e custou unha vida humana.

Para vostede a política son números. Pois aí ten os números: trescentos euros, unha vida humana. ¿Parécelle xusto o prezo que paga Galicia polos seus recortes?

O finado, José Manuel Rey Brea, non é un número, é unha persoa, como calquera de nós, que morreu a consecuencia dunha política cruel e desapiadada, dun político que pensa nos números e non na xente. Díganos, señor presidente: ¿valeu a pena?

¿Valeu a pena estar dous anos ausente da política en Galicia? A súa obsesión enfermiza por posicionarse na carreira sucesoria de Rajoy levouno a dúas teimas. Dunha banda, a apertarnos, non o cinto, senón a soga no pescozo, ata afogarnos, figurando como campión do neoliberalismo máis contumaz e indolente cos que sofren, aderezado co autoritarismo de quen prefire amordazar a prensa que escoitar aquilo que non lle gusta. E, doutra banda, a deixarnos á nosa sorte, sen proxecto de país, renunciando, mediante unha sonada afonía, a reclamar o que nos corresponde á cidadanía galega como dereito en termos democráticos, sociais e nacionais. Foron atronadores —lembrámolo ben— os seus silencios en materia de financiamento autonómico, de ferrocarril, de conexións portuarias e da AP-9.

Pois ben, nin a súa submisión a Madrid nin o seu neoliberalismo autoritario lle valeron o favor da Corte. Quería vostede facer de Galicia o seu trampolín, pero na piscina non había auga; toda a auga estaba nas fotos que o relacionaban co narcotraficante Marcial Dorado. Non, na Corte non o querían, porque ese pasado era bochornoso incluso para o Partido Popular e porque na súa vida política ten aínda oito falecidos de hepatite C sen enterrar, xente enferma que morreu nas súas casas mentres na farmacia había os medicamentos que os podían salvar e vostede decidiu deixalos morrer atrasando o tratamento para que non computase o déficit dese ano.

Non, na Corte non o querían, porque o Partido Popular quería fuxir do seu pasado corrupto e vostede reivindicou nesta mesma Cámara ese pasado cando dixo que o seu partido se apro-

veitaba das zonas grises da lei para financiarse. Non, non eran zonas grises. Do que vostede falaba eran augas grises, as augas grises do seu partido, unhas cloacas que o levaron este ano á condena no caso Campión, á xente do seu partido, á xente do seu propio Goberno.

Non, vostede pensaba ser un merlo branco da política española e os demais viron o corvo negro que había nas súas políticas. E, desde logo, se o PP non se merece un presidente así, Galicia tampouco. *(Aplausos.)*

Agora voulle contar o que sucedeu na Galicia real durante a súa ausencia. Mentres vostede andaba noutras cousas, Galicia viviu á intemperie. Os problemas reais, da xente real, son arestora sobre todo tres: os recortes públicos ocasionados polo seu Goberno, a precariedade laboral e as estafas dos recibos de moita xente que sofre a final de mes.

Empecemos polos recortes públicos.

Cando comezou a recesión, vostedes dixeron que era necesario reducir os gastos. Chegou Feijóo a Galicia e aplicou a máis dura receita neoliberal de austeridade. Polo camiño deixáronse dependentes sen atender; enfermos sen medicinas, sen médicos e ata sen centros de saúde; estudantes sen bolsas, sen comedores e ata sen escolas; parados sen formación; e universidades sen investigadoras.

Agora, en 2018, a riqueza nacional xa é igual que antes da recesión, pero os recortes contiñúan. E isto evidencia que eses recortes de vida e de dereitos non son unha necesidade, son pura ideoloxía, o que os fai especialmente repudiables e aos seus autores especialmente responsables, é dicir, culpables. Digámolo claro: fano porque queren, non porque teñan que facelo. Poderíase actuar doutra maneira, acabando coa austeridade, como está facendo Portugal.

Hai tres áreas hoxe en que a cidadanía sente o zarpazo dos seus recortes: a sanidade, o benestar e a educación.

Comecemos pola sanidade e o benestar.

O primeiro deber dun goberno é asegurar a vida e a saúde das persoas mediante un sistema sanitario de acceso universal e equitativo en todo o territorio, ben dotado e con persoal sanitario. Pois ben, hoxe en día, lonxe disto, vivimos un proceso de mercantilización da saúde: as empresas privadas ven nas nosas vidas o seu negocio e non dubidan en marchar e, á parte, en mandar os seus máis selectos *saudetraficantes* a ocupar postos de conselleiros e conselleiras, que desde o público abren a porta á rapina de multinacionais que se lucran a custa dos recursos públicos.

Non son conselleiros os que ás veces están aquí sentados, son verdadeiros *[comisionistas]* *(Por orde do señor presidente e ao abeiro do artigo 106.3 do Regulamento, queda retirada esta expresión do Diario de Sesións.)*. Cada euro de beneficio...

O señor PRESIDENTE: Silencio.

O señor VILLARES NAVEIRA: Cada euro de beneficio... *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Non, non, perdón, señor Villares. Señor Villares, esa expresión é inapropiada. Aquí na sala non hai comisionistas.

O señor VILLARES NAVEIRA: Moi ben.

O señor PRESIDENTE: Polo tanto, queda retirada esa expresión.

O señor VILLARES NAVEIRA: Cada euro de beneficio da sanidade privada... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor, silencio.

O señor VILLARES NAVEIRA: ...é un euro roubado á saúde da xente. ¿Por que existen Povisa, Galaria ou Medtec? Porque son empresas que levan en ganancias o que había para pagar medicinas e profesionais sanitarios. Non lles chamen comisionistas se non queren. ¿Por que temos que compartir —preguntámonos nós— os nosos recursos coas empresas privadas? As concertacións e as externalizacións de probas diagnósticas e procedementos cirúrxicos son práctica cotiá no momento actual. Mentres a nosa atención primaria, auténtico fundamento do sistema sanitario, se descapitaliza día a día, con consultas saturadas, con profesionais insuficientes e sobrecargadas, con ratios lonxe das recomendacións internacionais, con mingua orzamentaria, o investimento rediríxese a un interesado gasto farmacéutico crecente. As listas de agarda, por outra banda, son concibidas como negocio para a privada mediante a Lei de garantías da prestación sanitaria. Primeiro afogan a pública para logo derivar, e quen non quere ir á privada é penalizado con máis tempo de espera. *(Murmurios.)*

No entanto, os recortes son suplidos pola vontade duns profesionais en pé de guerra que son utilizados espuriamente... *(Aplausos.) (Murmurios.)* ...por un presidente Feijóo que os obriga a traballar cunha presión sobrehumana, e aos que desde En Marea e toda a sociedade recoñece o seu labor.

E, mentres todo isto ocorre, aumentan as desigualdades sociais, as territoriais e as de xénero na saúde. As mulleres asumen os custos en saúde da distribución desigual da carga dos coitados ou sofren a incompreensión e a desatención en determinadas doenzas como a endometriose.

Tamén son pasto da privatización as centrais de chamadas, as limpeza dos hospitais, os sistemas informáticos, a xestión das historias clínicas, o soporte técnico, o sistema de asesoramento no control de compras de equipos tecnolóxicos e un longo etcétera. E mentres... —respiro, non se preocupe, para dicirlle o que teño que dicirlle a vostede e a todo o grupo *(Murmurios.)*— seguimos padecendo... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

O señor VILLARES NAVEIRA: —ríase, que o conto é serio— ...as miserias de cen mil galegos e galegas que non poden pagar as súas medicinas ou adiantar cartos para as próteses. Isto

por non falar da desigualdade territorial na atención, pois sen un servizo de hemodinámica 24 horas nas provincias de Lugo e Ourense é máis difícil sobrevivir a un infarto nestas provincias que no arco atlántico.

Doutra banda, as residencias de maiores están sendo empregadas arestora como hospitais de crónicos, que as empresas privadas converten nun lucrativo negocio, tamén co amparo da Xunta.

Despreocupación social unha vez máis da Xunta de Galicia que se estende á inexistencia dunha verdadeira renda cidadá de inclusión social, ou a súa incapacidade ou talvez o desleixo de acatar dunha vez por todas as sentenzas sobre a Risga.

Veú esta mañá o señor presidente dicirnos que van sacar un decreto para que varias persoas con Risga poidan convivir no mesmo fogar. ¡Felicidades!, benvido á legalidade. Dez meses tarde, despois das sentenzas que condenaron a Xunta. Non está mal. (*Aplausos.*) Todo, seguramente, para aforrar uns poucos euros a custa dos que máis o necesitan. A mesma miseria que supón entorpecer a valoración para evitar atender as persoas dependentes.

O suspenso en educación tamén ten un nome propio: recortes. Seiscentos millóns de euros menos que en 2009. Así cabe entender que teñamos mil douscentos docentes menos ao tempo que aumentan o diñeiro para a concertada.

Este debate prodúcese, ademais, coa recente destitución de Román Rodríguez como conse lleiro de Educación, nun recoñecemento do seu fracaso en todos os niveis, precedido —iso si— dun alto nivel de conflitividade, pechando centros de ensino, elevando as ratios de estudantado por aula, con problemas estendidos nos servizos de comedor e mesmo con liñas de transporte escolar suprimidas.

No eido universitario sufrimos unha dobre precarización: a do mercado laboral para recén titulados e a do profesorado universitario, cunha miserable taxa de reposición do 10 %.

Faltan bolsas para manter as fillas e fillos vivindo fóra da casa todo o ano. O único problema —nin o principal— son as matrículas.

E o Plan Boloña condenou os universitarios e universitarias a pagar caros másteres para completar a formación, incrementando a desigualdade, másteres que só ilustres dirixentes do Partido Popular poden pagar sen nin sequera ir á clase.

Finalmente, os recortes foron tamén sistemáticos nos investimentos públicos en I+D universitario. Entre 2009 e 2017 deixaron de gastar 217 millóns de euros, que agora Feijóo enterra en cemento no Gaiás.

O peor de todo, señorías, é que os zarpazos dos recortes veñen acompañados dunha dobre precariedade: a laboral e a social.

Unha das maiores desgrazas na vida é traballar e non saír de pobre. A outra é non ter traballo e ter que emigrar para gañar o pan. E hoxe moitas familias galegas viven estas dúas situacións.

Esta mañá ao señor Feijóo esquecéronselle varios datos.

Do propio mes de setembro esqueceu dicir que o paro en Galicia subiu o dobre que na media do Estado e que nove de cada dez contratos foron temporais. Entre a mocidade o 53 % do total dos contratos son temporais, o 28 % parciais e o desemprego supera o 30 %. En consecuencia, viven na precariedade oito de cada dez mozas e mozos.

Tamén se lle esqueceu dicir que hai cento setenta e cinco mil fogares con algún membro no paro en Galicia e que setenta mil deses fogares teñen todos os seus membros no paro. Tamén se lle esqueceu dicir que trinta e cinco mil fogares non teñen ningún tipo de ingreso, nin salarial nin prestación por desemprego, nin pensión, xente que para vostede esta mañá non mereceu unha soa palabra.

A precariedade laboral trae, ademais, precariedade social. Durante a recesión os que quedaron no paro e agora atoparon traballo cobran a frioleira dun 30 % menos.

Ser autónomos significa ser precarios. Esta mañá Feijóo animaba a xente nova a emprender traballo (*Murmurios.*) —non asalariado, senón autónomo—, cando a día de hoxe globalmente ingresan os autónomos do noso país a metade que as clases asalariadas. Con esta situación nas familias galegas non é de estrañar a conclusión deitada polos datos do IGE: que o 40 % dos fogares en Galicia chega a fin de mes con dificultade ou con moita dificultade e que dous de cada dez galegos están en risco de pobreza.

E, mentres a xente loita por chegar a fin de mes, por non deixar a ninguén da casa fóra da mesa nin fóra da casa, ¿cales foron as estratexias do señor Núñez durante este ano? Explícouno esta mañá: o turismo de bocadillo e enganar traballadoras e paradas.

A estratexia económica da Xunta de Galicia para a creación de emprego baséase actualmente no turismo de bocadillo. Crean a Consellería de Turismo para dar rango de autopista ao Camiño de Santiago, cun modelo económico baseado na precariedade, na estacionalidade e no baixo valor engadido. Punto. Ata aquí a política industrial e económica do Goberno. Isto foi o que escoitamos esta mañá. (*Aplausos.*)

A Xunta gasta máis recursos en anunciar políticas de emprego que en executalas. Núñez engana a xente facendo crer que hai políticas de promoción de emprego e institucións do mercado de traballo. En total destinou a esta partida 305 millóns o ano pasado, dos que só se executaron o 57 %; é dicir, quedaron 132 millóns sen gastar. Suba agora na réplica e explíquese. Explíquese, señor Núñez, porque lles debe moitas explicacións ás paradas, aos autónomos e á mocidade que tivo que emigrar mentres vostede quedaba cos seus cartos.

E, finalmente —non quero esquecerlo—, a falta de diálogo social propicia a precariedade laboral. ¿Cando pensa reunirse con sindicatos e patronal para falar de emprego?

Recortes, precariedade, pero, ademais, no día a día dos fogares galegos, estafas masivas.

Señor Núñez, seguramente, como vostede vive fóra da realidade galega, cando chega a fin de mes tampouco sabe cantas cartas chegan aos buzóns da xente normal.

Si, agora toca falar de sobres, pero non se poña nervioso, que non son deses que chegan aos dirixentes do seu partido. Ímoslle falar doutro tipo de corrupción: a corrupción institucional, da que vostedes forman parte, que legaliza que mes a mes as grandes empresas multinacionais nos poidan timar, tangar, estafar, sisar, roubar con total descaro, mentres vostedes miran para outro lado.

Estou falando das facturas abusivas, dos recibos que, habitualmente domiciliados, nos sa-brean a final de mes, e que son recibos por servizos básicos, porque hoxe non é un luxo ter luz eléctrica na casa nin gasóleo nin gas natural nin gas butano.

E si, non temos liberdade para contratalos, porque hoxe ninguén quere exercer a liberdade de pasar frío ou de estar incomunicado. Estamos obrigados a buscalos nun mercado que está dominado por un monopolio ou un oligopolio de empresas privadas. Como estas empresas non compiten entre elas, senón que pactan os prezos á alza, temos que pagar uns recibos abusivos por servizos que hoxe non son ningún luxo. Aínda que toda a xente que nos está escoitando sabe perfectamente de que lles estou falando, permítanme ilustralo con tres exemplos: a electricidade subiu un 35 % no último ano; o butano, o 30 % nos dous últimos anos; e o gasóleo, un 35 % nos últimos tres, sen que o Instituto Galego do Consumo e da Competencia fixese nada por investigar os prezos que falsean a competencia nos servizos esenciais que nos chegan cada fin de mes.

Unha estafa, por certo, permitida por uns gobernos que debe de complementarse con dous elementos clave: a vivenda e o que pagamos de catastrazo por ser titulares de inmobles.

O encarecemento da vivenda, tanto en propiedade como en alugamento, impide á mocidade emanciparse. Os datos son elocuentes tamén sobre a escalada de prezos en alugamento. Entre xuño de 2017 e xuño de 2018 produciuse un incremento do 13 % na cidade da Coruña, do 12 % en Santiago, de case un 14 % en Lugo e de case un 10 % en Vigo e en Ourense.

Por certo, falaba vostede esta mañá de desafiuzamentos. Pois saiba que, segundo datos oficiais do Consello Xeral do Poder Xudicial, subiron o ano pasado en Galicia un 4,2 %, mentres baixaron no conxunto do Estado.

Vivenda, e vivenda acompañada de catastrazo. Estase producindo unha verdadeira desfeita económica en familias que viven en espazos rurais e rururbanos. Fannos pagar como se fósemos grandes empresarios só por ter un galpón onde gardar a leña.

Señor presidente, a modo de conclusión, os recortes, a precariedade e a complicidade coas estafas masivas causan desigualdade social, desequilibrio territorial, perda de oportunidades e, sobre todo, ausencia de expectativas de futuro para a xente máis nova. En definitiva, desesperanza. Temos un pobo esforzado, orfo de goberno que lle bote unha man.

Por iso pensamos que non, que Galicia non se merece un presidente coma vostede. Señor Núñez, estes dous anos de intemperie deixaron ao descuberto non só a súa insensibilidade social senón tamén a súa falta de proxecto de país e a súa tacañería en valores democráticos.

Galicia carece hoxe dun horizonte estratéxico porque ten á fronte un presidente que leva dous anos de paseo polo barrio de Salamanca, pendente de si mesmo, cos pés, co corazón e coa cabeza moi lonxe desta terra, unha terra que non pisa, pero que deixa que outros pisoteen.

Por iso hai un ano aprobou a Lei de depredación ambiental, para que veñan os de fóra esquilmar os nosos recursos naturais, porque a norma non valeu nin para crear emprego nin implantar industria, nin mellorar a I+D, só valeu para suprimir controis ambientais e garantías públicas.

A desertificación que provocan os monocultivos de eucaliptos nótase na cabeceira dos ríos, que reteñen menos auga e provocan períodos de seca, que logo se traducen en desabastecemento de auga en cidades como Vigo.

En xeral, para vostedes, a auga importa pouco; por iso a calidade da súa depuración é tan baixa en Galicia e o saneamento integral das rías nunca chega. O medio ambiente, se vostedes quixeran, sería rendible e as rías do Burgo e de Ferrol poderían ser hoxe fonte de emprego e non sumidoiros da súa incompetencia.

O clima cambiou, o clima cambiou xa e somos os primeiros emisores de CO₂ sen que o seu Goberno estea preocupándose nin o máis mínimo nin da transición enerxética nin da descarbonización da economía. É un modelo que segue empeñado en queimar, por iso vostedes priman o transporte en estrada sobre o ferrocarril.

Non nos falou esta mañá do tren, que podería levarnos a traballar cada día nas áreas metropolitanas, unir toda a costa atlántica e cantábrica, que podería comunicar A Coruña con Lugo e Lugo con Ourense; ou que puidese poñer en media hora Vigo de Porto. A mobilidade sostible foi a principal prexudicada precisamente do bloqueo do Partido Popular das áreas metropolitanas de Vigo e da Coruña. Pero tamén outros servizos, como a recollida de lixo, as augas ou o alumado público, que se poderían negociar ao por maior ou mesmo dar lugar á creación de empresas públicas, como sucedeu este ano en Barcelona.

A actuación sectaria do Partido Popular onde non goberna quedou evidenciada tamén coa pretensión de destruír a fachada litoral do porto da Coruña para servir aos intereses da especulación inmobiliaria; o mesmo que fixeron en Lugo cando o mesmo día da moción de censura anulaban o convenio para a transformación urbana do barrio da Residencia. E aínda vén esta mañá falarnos do barrio da Residencia. Volva e explique a anulación dese convenio.

Só financian obras se lles parece que lles vai reportar un éxito partidista, como fixeron Rey Varela e Bea Mato, usando o cargo para a súa promoción persoal. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, señora. O legado da cesada conselleira de Medio Ambiente segue sendo

Sogama, un modelo de xestión de residuos baseado na incineración, que debe ser máis «molón» —en opinión da ex-conselleira— que reducir, reciclar e reempregar. É normal, é lóxico que sexa así porque véndoos a vostedes ben se ve que non todo é reciclable. (*Murmurios.*)

En Galicia o lume é un problema para a xente, pero é un negocio para os amigos. Orientar as políticas públicas á extinción e non á prevención fai que compense que o monte arda porque hai empresas que obteñen beneficios do lume. Mentres unha empresa vexa negocio en queimar montes e casas, [*os chisqueiros estarán ao servizo dos desalmados, non pirómanos nin terroristas —que xa llelo dixo a Fiscalía—, senón amigos dos que hoxe nos gobernan*] (*Palabras retiradas polo señor Villares Naveira*).

O domingo pasado toda Galicia contivo a respiración cando viu arder Mondariz. Carballeda de Avia, Chandebrito e Vigo volveron ás nosas cabezas, e as catro persoas falecidas aos nosos corazóns. Os únicos que ignoraron o sucedido foron vostedes. Un ano máis tarde, a mesma incompetencia: os medios aéreos chegaron o domingo tarde e mal, non houbo coordinación de efectivos e o Concello non tiña unha liña institucional de teléfono onde ser atendido para demandar información. A súa única política segue a ser esperar a que chova. É patético, señor presidente e señor vicepresidente. (*Murmurios.*)

Pero Galicia non é só un territorio. Se algo xustifica a existencia deste mesmo Parlamento é o noso carácter nacional. Somos máis que xente, máis que territorio e máis que paisaxe, somos unha comunidade humana que historicamente compartiu sorte no político e no cultural e —o máis importante— que no presente amosa a súa vontade cidadá de construír en común un proxecto de solidariedade. Recoñecémonos iguais e unidas por valores emocionais e racionais. Temos conciencia, en definitiva, de sermos unha nación.

Lamentablemente, durante os últimos anos os ataques á nosa autonomía política foron constantes, e durante ese tempo o presidente da Xunta de Galicia, en vez de defendernos, dedicouse a agochase e agachar a cabeza fronte a Madrid. Hai tres deslealdades que permanecen na impunidad política: a primeira, a negación dun sistema de financiamento xusto que nos permita atender dignamente as necesidades da nosa cidadanía; a segunda, a falta de investimentos comprometidos en Galicia, que dende 2014 sumaron case 2.300 millóns de euros; e, a terceira, as medidas recentralizadoras, coa escusa dos principios de contención de gasto e de unidade de mercado, que nos recortaron competencias propias ou que quedaron baleiradas de contido. Señor Núñez, ¿valeu a pena a afonía destes anos? Falemos claro, ¿valeu a pena a covardía política? ¿É este presidente mudo o que merece Galicia? Nós pensamos que, sinceramente, non.

Ademais da súa ausencia e de proxecto de país, o presidente tampouco anda sobrado por veces de valores democráticos. Por iso non é de estrañar que, malia a folga histórica feminista do 8 de marzo, a Xunta non reaccionase agás para prohibir a folga, razón pola cal foi condenada polo Tribunal Superior de Xustiza. De feito, o señor Feijóo a día de hoxe segue lexitimando os comportamentos máis casposos, rancios e machistas dentro das filas do seu partido. (*Aplausos.*) Voulle dar un exemplo por provincia. A pasada semana, o alcalde de Vilanova, en Pontevedra, permitíase chamar «chacha para todo» á presidenta da Deputación,

sen que vostede nin o fixese dimitir nin lle retirase o seu apoio. O alcalde de Palas segue co apoio do Partido Popular despois de ser condenado por acoso. O alcalde de Noia —do Partido Popular— fixo mofa o día 8 de marzo cos seus chistes machistas. E, por suposto, segue no seu posto de emperador o virrei [acosador] (*Por orde do señor presidente e ao abeiro do artigo 106.3 do Regulamento, o presidente retira esta expresión do Diario de Sesións*) Baltar II.

Aquí ten, señor Núñez, a oportunidade na réplica de subir a esta tribuna e posicionarse nestes catro casos. (*Murmurios.*) ¿Cales son os seus valores, señor Núñez? ¿Está vostede coa igualdade? ¿Está vostede do lado dos machistas e dos acosadores ou do lado das mulleres do noso país?

As traballadoras e traballadores da CRTVG levan camiño de vinte venres negros, unhas xornadas de protesta nas que denuncian a manipulación á que son sometidas e que lles impide informar da realidade social que vive Galicia cando se trata, iso si, de reflectir a pluralidade política ou o descontento social co noso Goberno. Esta situación é denunciada polos valentes e polas valentes profesionais que defenden as nosas liberdades, para que logo os seus [sicarios] (*Palabra retirada polo señor Villares Naveira*) na Radio-Televisión de Galicia os persigan con expedientes sancionadores arbitrarios, como fixeron con Tati Moyano. (*Aplausos.*)

O Feijóo máis autoritario tornou un medio de comunicación nun medio de manipulación ao estilo do goberno ruso, o que é coherente, desde logo, coa liña máis reaccionaria marcada polo seu novo xefe de filas, Pablo Casado, aliñado cun discurso clasista, xenófobo e negador da nosa realidade social, cultural e tamén, por certo, lingüística. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Lingua, si.

Toni Cantó, en nome de Ciudadanos, apuntou contra a nosa lingua e, unha vez máis, o PP sacou a careta e disparou. Dixo vostede esta mañá que non concordaba coa posición de Ciudadanos e, sen embargo, 12 deputados e deputadas galegas do PP votaron a favor da proposta de suprimir a cooficialidade do galego no noso país. (*Aplausos.*) Deberían ser cesados fulminantemente ou desautorizados politicamente por vostede, non só por facer o ridículo —pasando, por certo, por que ninguén en Galicia fala castelán— senón tamén pola traizón a Galicia que isto supón. A xente que fala castelán en Galicia non quere que aniquilen a lingua dos seus veciños; escoita con cariño o galego e respecta a quen o fala, e as conversas bilingües forman parte da nosa realidade social. Daquela, ¿por que nos queren negar a aqueles que falamos castelán e falamos galego que teñamos os mesmos dereitos?

É un segredo a voces que Feijóo ten un problema coa lingua e coa cultura de Galicia. (*Murmurios.*) Pero tampouco son un segredo as súas mentiras. Agora ben, o sucedido a semana pasada durante a chegada de *A derradeira leición do mestre* a Galicia é algo que non esqueceremos. O desembalado do Guernica galego deu lugar a unha intervención súa, na que vostede tivo a desfachatez de omitir na explicación do lenzo que a persoa que estaba tendida no chan fora asasinada. E, por suposto, non quixo dicir que Castelao retratara o mestre co semblante de Alexandre Bóveda, mártir galego por antonomasia da sublevación fascista do 36. (*Aplausos.*)

Señor Feijóo, fomos poucas persoas as que estabamos alí. Pero os que estivemos ao seu lado vimos perfectamente os papeis que tiña, como estaban perfectamente subliñados e anotados.

E por iso sabemos que isto non foi un esquecemento, foi unha omisión deliberada e unha manipulación consciente da nosa memoria e da nosa historia, algo que é absolutamente inaceptable. [*Será porque algúns de vostedes se senten fillos dos que dispararon a Bóveda*] (*Palabras retiradas polo señor Villares Naveira*). (*Aplausos.*) (*Fortes murmurios.*)

Estes son os seus valores democráticos: a desmemoria, a impunidade e o esquecemento dos paseados. (*Fortes murmurios.*) Non, señores e señoras do Partido Popular, a memoria democrática de Galicia non merece un presidente coma vostede. (*Murmurios.*)

Señor Núñez, vivimos unha época política na que a cidadanía repudia comportamentos corruptos e clientelares, e tamén aquí vostede deixa moito que desexar. Ilustrarei esta situación con dous casos cen por cento galegos, sen acudir ao caso Gürtel. A principios de ano, o caso «campión» acabou cun deputado do PP e dous altos cargos do seu goberno condenados por prevaricación e malversación, ¡baixo o seu mandato! E, a finais de maio, unha contundente sentenza no coñecido como caso «valedora» puxo ao descuberto toda unha trama de corrupción institucional e de tráfico de influencias utilizada por Milagros Otero, valedora do Pobo por proposta do PP, para colocar na Administración a sobriña de Manuel Fraga —e avalada expresamente por vostede nesta Cámara—. ¿Estes son os seus valores, señor Feijóo? ¡Non, Galicia non merece un presidente así!

Afortunadamente, todos os valores que lle faltan ao noso presidente temos unha cidadanía que non se resigna a vivir baixo a bota popular. En efecto, no último ano vivimos toda unha marea de mobilizacións sociais de grande intensidade, dunha sociedade civil viva; invisibilizada pola tele de Feijóo, si, pero que existe, que denuncia e que non se conforma. Non nos conformamos e por iso moitas e moitos galegos no mes de febreiro saímos ás rúas con SOS Sanidade Pública para denunciar os recortes e as privatizacións da sanidade; o 8 de marzo as que cremos na igualdade paralizamos o país porque a sociedade galega é feminista e non consente nin a xustiza patriarcal nin os asasinatos machistas nin a fenda salarial; no mes de abril milleiros de persoas saímos ás rúas a rexeitar a mina de Touro en defensa da vida, da auga, dos ríos e da ría de Arousa; o primeiro de maio milleiros de persoas, cos sindicatos de clase, saímos ás rúas a defender o dereito a un traballo digno; en xuño as pensionistas de hoxe e os xubilados de mañá déronse a man reclamando un sistema de pensións digno; en setembro milleiros de nais e pais mobilizáronse para defender unha educación de calidade en Brión, en Allariz, en Seixalbo, en Ordes, en Santiso, en Soutomaior ou en Santa Comba, exixindo profesorado, comedores e bo transporte escolar. Pero tamén se mobilizaron sectorialmente os traballadores e traballadoras do servizo público demandando calidade na xustiza, en Medio Rural, en Medio Ambiente, na CRTVG, nos PAC en pé de guerra ou no 061. E tamén a veciñanza, sobre todo a de Tui, que logo dunha explosión da que non teñen culpa tiveron que aturar que a Xunta non lles indemnice o cen por cento do valor da súa vivenda. E van ter que pagar do seu peto máis do 25 % dos destrozos das súas casas despois de quedar sen nada. ¡E isto é indecente, señor presidente! (*Aplausos.*)

Non quero esquecerme neste punto daquelas e daqueles que, sentindo a violencia das súas políticas antisociais e sen proxecto de país, exerceron o seu dereito á rebeldía nas formas máis extremas e dolorosas que hai na vida. A primeira é a emigración. Desde que vostede goberna deron un portazo, marchando de Galicia, 270.000 persoas; case a metade delas de

menos de 35 anos. En segundo lugar, a implosión demográfica. Os nenos prefiren non nacer en Galicia que facelo baixo o seu goberno. *(Risos.) (Fortes murmurios.)* ¡Claro! ¿Onde van os nenos e as nenas que faltan no país? *(Fortes murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio!

O señor VILLARES NAVEIRA: Están nacente no estranxeiro deses 145.000 mozos e mozas que vostede mandou á emigración... *(Fortes murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio! *(Murmurios.)*

¡Silencio, por favor!

O señor VILLARES NAVEIRA: ...sen carta de retorno. *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio.

O señor VILLARES NAVEIRA: E, finalmente —non rían que o conto é triste—... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio!

O señor VILLARES NAVEIRA: ...existe unha verdade incómoda... *(Fortes murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio, por favor! Despois teño que falar eu.

Silencio. *(Murmurios.)* ¡Advírtoo! ¡Silencio!

O señor VILLARES NAVEIRA: Existe unha verdade incómoda que ningún goberno quere afrontar. ¿Canta xente non aguantou a presión da desestruturación da súa vida durante a recesión e optou desesperadamente por suicidarse? A ratio de suicidios no Estado é de 7,1 por cada 100.000 habitantes; en Galicia a ratio sobe a 12, case 1 suicidio por día en Galicia. *(Murmurios.)* E sen chegar a este extremo, ¿cantas doenzas psicolóxicas?, ¿cantos tratamentos por ansiedade?, ¿cantas rupturas familiares? Non, señor Núñez, non merecemos un goberno que provoca éxodos, implosión demográfica ou suicidios. Nin vostede nin ninguén ten dereito a amargarnos a vida.

Señor Núñez, como pode ver, nin vostede nin o seu Goberno se parecen en nada á sociedade galega actual. A Galicia actual, a Galicia de hoxe en día, a Galicia que vén é feminista, é sostible, é solidaria cos seus maiores e cos seus mozos e mozas, é social, é valente, orgullosa dos seus profesionais públicos e dos seus servizos públicos. É traballadora e merecente de salarios dignos, e fachendosa de ter unha lingua e cultura de seu. A Galicia de hoxe é democrática, cooperativa, fraterna e igualitaria. *(Fortes murmurios.)* E agora mírese, mírese no espello, señor presidente. Vostede non se parece en nada á Galicia de hoxe en día. *(Aplausos.) (Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Vaia rematando, por favor.

O señor VILLARES NAVEIRA: Quixera dirixirme agora, neste tramo final da intervención, a toda a cidadanía galega, a toda, a toda (*Murmurios.*); incluída toda esa xente que votou o Partido Popular e que hoxe está degustada, decepcionada e mesmo avergoñada por todo o que está oíndo. Estes sentimentos son normais, un vota de boa fe e confía en que os seus non van cometer todas as tropelías que aquí se están contando, talvez moitas delas vividas en carne propia.

Quero dicirvos a todas e todos vós, desde de En Marea, que somos conscientes de que formades parte desa gran maioría social... (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: ¡Por favor!

O señor VILLARES NAVEIRA: ...que busca unha alternativa que pare este despropósito, esta indolencia co sufrimento de tanta xente querida.

O pasado mes de setembro, En Marea, PSOE e BNG chegamos a un acordo para forzar unha comisión de investigación sobre os recortes na sanidade que investigue e exixa responsabilidades políticas polo dano causado. Somos forzas diversas pero puxémonos de acordo arredor da defensa da vida e da saúde da xente. E desde En Marea estamos dispostas e en condicións de facelo de novo, ampliando a cooperación en defensa do ben común, buscando novos acordos para ampliar liberdades públicas, ensanchar dereitos sociais e facernos progresar colectivamente.

Esas ideas maioritarias son as que deben articular unha alternativa que ten que ser, por forza, plural e cooperativa. Porque diversa é a sociedade, e, sen embargo, únese para defender valores democráticos, sociais e nacionais.

Feijóo e o Partido Popular representan xa o pasado e por iso dende En Marea queremos ofrecer un novo trato cidadán baseado na xustiza social, unha alternativa da que sexan partícipes Partido Socialista e Bloque Nacionalista Galego e na que se sintan recoñecidas tantas e tantas persoas que só desexan que o seu goberno pense neles e no seu benestar cando tome decisións.

Esta proposta de contrato social ten tres partes:

A primeira delas, que sexamos capaces de acordar propostas de emendas aos orzamentos da Xunta de Galicia de 2019 para incrementar o investimento en proporción de PIB en termos semellantes aos orzamentos de 2009 en materia de igualdade e loita contra as violencias machistas, educación, benestar e sanidade.

A segunda parte, acordar a progresiva desmercantilización dos bens básicos esenciais para a nosa sociedade. Debemos impedir que as grandes empresas, maiormente multinacionais e fondos de investimento, fagan negocio a custa da nosa vida, da nosa saúde e dos nosos dereitos.

Cremos que hai un amplo consenso social arredor dos seguintes bens:

Primeiro, da auga. Toda a xestión do ciclo da auga debería ser estritamente pública, como ben de acceso universal.

Hai consenso social arredor da sanidade. Os concertos coa privada non aforran cartos, son ruinosos, como amosa a situación de Povisa ou a xestión da débeda do Álvaro Cunqueiro, ademais do tratamento pirata dos nosos datos médicos.

Hai consenso arredor da educación. Nin cabe desviar cartos á concertada —moito menos a aquela que segrega por sexos— nin que as multinacionais fagan negocio cos comedores escolares.

Hai consenso coas pensións. A pretensión da Unión Europea de rematar co sistema público de pensións para forzar sistemas privados implicará cotizacións máis altas para prestacións máis baixas. Todo para que, polo medio, outros queden co esforzo do traballo de todas as nosas vidas.

Hai en Galicia, sobre todo, consenso arredor da prevención e da extinción dos incendios forestais. Galicia arderá mentres haxa empresas que saquen beneficio do lume. Nin os medios aéreos nin os parques de bombeiros poden ser privados. O servizo de prevención e loita contra o lume en Galicia debe ser xa único e público.

Finalmente, cremos que hai consenso social arredor dos servizos sociais. A atención a persoas maiores e dependentes non pode ser un negocio que se lucre a custa das pensións dos xubilados e o esforzo das familias.

A terceira parte deste contrato social debería ser unha reforma estatutaria de carácter social. Ante a obsolescencia dun estatuto de autonomía que non contempla carta de dereitos sociais das galegas e galegos, desde En Marea queremos adquirir e compartir o compromiso de erixir en dereito social básico, con carácter vinculante fronte ao poder público autonómico, os seguintes bens: a auga, o acceso a unha vivenda digna e un mínimo de renda vital e de enerxía dispoñible en cada fogar.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor VILLARES NAVEIRA: Remato xa.

Señorías, non lles estou propoñendo un pacto económico, é un pacto arredor duns valores sociais compartidos, baseados na solidariedade social, na cooperación e na sustentabilidade ambiental, que teñen Galicia como espazo natural de referencia e procuran unha máis xusta distribución da riqueza que xera o conxunto do país. Porque non queremos ser unha grande empresa, queremos parecernos máis a unha gran familia, porque queremos poñer a política ao servizo da xente real, porque non queremos nunca máis ser tratados coma números, senón coma persoas.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: A normativa na tribuna di o que di, señor Beiras, non se pode aplaudir, sábeo ben. *(Murmurios.) (Protestas.)* ¡Silencio!

Señor Villares... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

¡Silencio, por favor! ¡Silencio, por favor, silencio!

Señor Villares, voulle pedir que retire... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Silencio, por favor! Voulle pedir que retire determinadas expresións. Voullas ler.

Unha: «Os que agora andan con chisqueiros son amigos dos que hoxe gobernan.»

Dúas: a que se refire ao presidente da Deputación de Ourense como «acosador». A inmunidade parlamentaria non serve para isto.

Terceira: «Ten vostede sicarios.» Aquí non hai asasinios a soldo.

Última: «Algúns de vostedes séntense fillos dos que lle dispararon a Bóveda.»

¿Retira vostede estas expresións? *(Murmurios.)* Perdón, ¿retíraas vostede? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Déanlle voz ao escano do señor Villares.

O señor VILLARES NAVEIRA: Se ofenden ao decoro da Cámara, retiro todas as expresións agás a relativa a Baltar.

O señor PRESIDENTE: Pois esa retíroa eu e chámoo á orde. *(Murmurios.) (Pronúncianse palabras desde a tribuna do público.)*

¡Por favor! ¡Por favor! Por favor, xa saben cal é a normativa respecto das tribunas. Quedan retiradas. Esas expresións quedan retiradas.

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Puy. *(Murmurios.)*

O señor PUY FRAGA: Señor presidente, señorías, hai un tempo lin un libriño, grazas a unha recomendación publicada polo escritor galego Manuel Rivas, de Eric Jarosinski. O libro titúlase: *Nein. Un manifiesto*. É unha colección de *twits* e aforismos, e comeza dicindo: «Sen rodeos, o mundo de hoxe só ten dous problemas. O primeiro é o mundo, o segundo é hoxe. Pero hai un terceiro se contamos mañá».

Eu acordeime deste aforismo —para utilizar esta chispa de lucidez, como lle chama Manolo Rivas— para enfocar a intervención de quen ten a honra por sexta vez consecutiva de representar o grupo maioritario da Cámara no debate sobre o estado da Autonomía, un debate que se debería centrar sobre a situación política do país.

E, efectivamente, non podemos falar da situación política de Galicia sen contextualizala no mundo, sen contextualizada no hoxe, no presente, e sen perder de vista que ao final o obxectivo deste debate non é outro que facer unha boa diagnose de como están as cousas para poder facer propostas —que votaremos o xoves— para construír entre todos unha Galicia mellor.

É certo que é moi posible que, desde o ano 2011, ese contexto, ese mundo que nos rodea, non mudara tanto como nos últimos doce meses que transcorreron desde o debate do estado da Autonomía.

En primeiro lugar, coincide este debate do estado da Autonomía coa conmemoración do 40º aniversario da Constitución española, a primeira constitución da nosa historia contemporánea que foi froito dun amplo consenso, que é plenamente democrática e que permitiu á sociedade española progresar na convivencia e no respecto aos dereitos humanos, no benestar social e no autogoberno das nacionalidades como Galicia como nunca antes nos dous últimos séculos. É un texto que desgraciadamente algúns cuestionan ou directamente transgreden.

En segundo lugar, cúmprense dez anos desde o inicio da peor crise económica que padeceu España no século XX; unha crise que está afortunadamente superada pero que deixou obvias secuelas na sociedade que cómpre continuar resolvendo; unha crise que todos sabemos que foi en orixe financeira e que enseguida incidiu na economía real, que afectou moi especialmente a países que, como España, non aproveitaron a etapa previa de expansión para modernizar a súa base produtiva, que se atoparon cunha enorme débeda externa —fundamentalmente privada—, e que, como consecuencia da entrada en vigor do euro, que impulsou a burbulla inmobiliaria e á súa vez reforzou a crise financeira, deixou en evidencia non só a gobernos pouco previsores senón tamén a algunhas das nosas máis importantes institucións, como o Banco de España.

Esta foi xusto a situación que atopou o actual presidente da Xunta e o Partido Popular de Galicia en marzo de 2009, cando as consecuencias desa crise económica empezaban a ser sentidas pola cidadanía. Por exemplo, a taxa de paro crecía a un ritmo de creación de 50.000 parados ao ano —no ano que chegamos ao Goberno—, a caída dos ingresos públicos era de 2.200 millóns sobre o previsto nos orzamentos dos anos 2008 e 2009. Ese foi o contexto que encontramos.

En terceiro lugar, este debate ten lugar aos catro meses da elección de Pedro Sánchez como presidente do Goberno de España; o cal é un cambio político significativo porque hai varias cuestións que fan que sexa, cando menos, unha situación nova. En primeiro lugar, porque esta moción de censura, lexítima e constitucional, é a primeira que triunfa nos corenta anos que levamos de democracia, pero tamén é a primeira vez que permite gobernar a un partido, por vez primeira, que non é o grupo maioritario do Congreso. En segundo lugar, porque o fixo sen aportar un programa de goberno alternativo detallado, o que ten como consecuencia unha grande incerteza sobre os obxectivos da acción de goberno. Unha incerteza que se incrementa polas continuas rectificacións do propio Goberno, que van desde o compromiso asumido o mesmo día do debate, o único que asumiu no debate, que era o de convocar elec-

cións, á reforma laboral, á sustentabilidade das pensións, ao cumprimento da senda do déficit, aos impostos e á fiscalidade, ou mesmo ao incumprimento de contratos internacionais que, no caso de Galicia, garantían e garanten carga de traballo para os nosos estaleiros. E tamén é novidosa porque é a primeira vez que unha moción de censura e alguén que chega ao Goberno é respaldada por forzas políticas que están a impulsar desde outras institucións públicas constitucionais, nomeadamente as catalás, unha subversión da orde constitucional e a demandar, para cuestións tan do día a día como pode ser o respaldo a uns orzamentos, cuestións como un referendo de autodeterminación ou a petición ao Goberno para que, simplemente, interfira na autonomía e independencia do poder xudicial.

Houbo, certamente, máis cambios no noso mundo no último ano. Cúmprese xustamente un ano desde que o Partido Socialista de Galicia elixiu o seu novo líder, o profesor Gonzalo Caballero —que, por certo, non sei se segue aquí pero acompañounos esta mañá—; un ano no que el non aproveitou para incorporarse á vida institucional —aínda que acaba de anunciar que pronto o fará—, deixando, na miña opinión e no meu pesar, nunha posición, imos dicir, incómoda a quen vén desempeñando as súas funcións con lealdade ao seu grupo nesta lexislatura. Aínda que certamente demostrou que non quedou, como di el que está o presidente, noqueado.

Neste último ano o principal grupo da oposición, A Marea, continuou —e nisto non se pode falar de moitas novidades— coa construción do seu espazo —sen moito éxito—. E, á vista da proliferación de candidatos a encabezar o proxecto, teñen dificultades para encontrar un director ou directora de obra desa obra en construción que sexa aceptado polo menos por unha maioría. E seguen inmersos nunha «furna de urnas» —e digo ben—. A sociedade galega pode neste caso comprobar como a democracia asemblearia é un modelo menos operativo que a representativa —polo menos para a xestión do común— cando se ve que quen cre nela non é capaz nin de poñerse de acordo na súa propia estrutura, na súa propia organización, nin no seu liderado.

No último ano a sociedade galega tamén puido constatar como as formas no BNG evoluíron de forma inversamente proporcional á súa posición política de fondo. Esta forza tráenos unha e outra vez —e pese ás evidencias racionais en contra— as mesmas propostas que lle plantexaba á sociedade galega en 1977: bases constitucionais e nacionalización económica, un cupo que lle pode custar a Galicia 1.000 millóns de euros ao ano —que lle dá igual— ou unha tarifa eléctrica que se demostrou na comisión que se creou neste Parlamento que lle custaría a Galicia 160 millóns de euros anuais. Dálle igual. Por ser repetitivos, ata son repetitivos na avaliación do Goberno. Quero citar un vello portavoz do Bloque que dixo nesta Cámara, referíndose ao Goberno, que o balanço era moi pouco en sanidade, escaso en educación, inexistente en medio ambiente, nulo en Presidencia e xustiza, negativo en traballo, invisible en economía e cativo en pesca. Isto foi o que dixo hai anos do Goberno un portavoz do Bloque. O único simpático da cuestión é que era do Goberno bipartito. (*Aplausos.*)

Cando vemos este panorama e vemos todo á vez e todo xunto e imaxinamos simplemente o goberno que podería ter saído de semellante agrupación, pois, para nós, decatarnos de que formamos parte dunha maioría parlamentaria que nos dá moita responsabilidade, a mesma que depositou en nós a maioría dos galegos e galegas, aos que hoxe outra vez lles agrade-

ce mos a súa reiterada confianza e apoio. E hoxe tamén comprobamos, señor presidente, a enorme decepción na que coinciden todos os grupos por que vostede continúe á fronte de Galicia cumprindo o seu compromiso ata o ano 2020. *(Aplausos.)*

Houbo cambios tamén na maioría do Goberno, e non quero deixar de referirme ao máis doloroso de todos eles: o pasado 21 de maio faleceu o noso compañeiro Carlos López Crespo, quen estivo pouco tempo entre nós no Parlamento. Pero desfrutouno, ao igual que nós da súa compañía, do seu exemplo de lealdade e traballo comprometido polos seus veciños de Outes, da Barbanza e de Galicia toda. E por iso lembrámolo con agarimo e respecto. E aproveito unha vez máis para agradecer as mostras de condolencia que todos os membros desta cámara trasladaron á súa familia e ao Grupo Parlamentario Popular. *(Aplausos.)*

Houbo tamén no grupo cambios máis felices. Por exemplo, o noso compañeiro José González foi nomeado conselleiro do Medio Rural para darlle un novo impulso á política do sector primario, tras a excelente xestión desenvolvida por Ánxeles Vázquez; xestión que é a que avala que asuma novas responsabilidades no ámbito medioambiental, que terá que coordinarse ademais con Medio Rural.

Señor Villares, estes son os cambios que hai nos grupos, porque nós non cesamos deputados. É vostede precisamente quen mellor debería saber o que custa cesar un deputado, mesmo cando un o quere cesar. *(Aplausos.)* Nós non cesamos deputados.

Todos estes cambios, efectivamente, xa se avanzaron nas prioridades do Goberno, nun contexto de reforzar o desenvolvemento sostible tanto medioambiental como economicamente; reforzar as políticas sociais; facer un binomio cultura-turismo, que están felizmente unidos no próximo Ano Xacobeo, nun acontecemento que esperamos que sexa unha grande oportunidade para Galicia; reforzar a mobilidade, habitabilidade e conectividade de Galicia; darlles continuidade ás políticas económicas que están a permitir que Galicia medre, cree emprego e o faga de forma máis equilibrada e sostible que no pasado.

En definitiva, cambios que lle dan un novo pulo reformista á acción do Goberno, do que hoxe o presidente acaba de dar co seu discurso novas probas. Porque, señorías, o Partido Popular de Galicia, fundamentalmente, é un partido reformista que quere conservar o bo e cambiar o que non funciona; un partido de ideoloxía liberal conservadora, democrático, que sempre defenderá o respecto e a dignidade da persoa, a liberdade e a igualdade tanto de oportunidades como redistributiva. En definitiva, unha forza que quere abordar o futuro para acadar obxectivos, sen repetir erros do pasado e con propostas realistas adaptadas á realidade.

E cando falamos de erros do pasado, entre eles están os do pasado da memoria histórica, os do pasado que todos debemos recordar para que nunca se repita. E quero dicir que nos sentimos especialmente ofendidos polo feito —e grazas por retirar as palabras— de que nun grupo no que militan dúas persoas cuxas familias foron represaliadas polos mesmos que mataron a Bóveda se insinúe ningún tipo de conivencia cos asasinios fascistas durante a Guerra Civil e posteriormente. *(Aplausos.)*

Certamente, ser reformistas fainos un pouco aburridos, pero Jarosinski di no seu tuit: «Doces soños truncados», que hai unha mala noticia para os utópicos. A noticia é que os soños non se fan realidade. E que hai aínda outra peor, que é cando os seus soños se fan realidade. Nós, desgraciadamente, non somos utópicos, o que queremos é traballar no día a día e facelo ben, e non prometer O Dourado e despois ter xestións como as que vemos nalgúns ámbitos, como nos sociais, daqueles que prometían arreglar todo en canto chegaran aos gobernos municipais.

Dicía ao inicio da miña intervención que o contexto vénnos marcado por tres grandes cambios que xeran os tres grandes problemas aos que desde a maioría lles queremos dar solución:

No ámbito económico, o emprego e os salarios, que pese á súa constante recuperación aínda teñen moito camiño por recorrer. Un proceso de creación de emprego e mellora salarial que, nos últimos meses, ademais, pode verse afectado polos sinais de desaceleración, aos que debemos dar resposta de maneira axeitada e, sobre todo, á luz da experiencia da crise.

O segundo problema é no ámbito social e como consecuencia do problema económico. O principal reto é a igualdade. A crise deixou —como toda gran crise— moitas persoas na marxe da exclusión social, e non podemos permitilo.

E no ámbito político —terceiro problema— as incertezas e inestabilidades que se xeraron nos últimos tempos, e en particular no último ano, exixen tamén unha resposta axeitada ante os riscos que corre o noso sistema constitucional e, por ende, e con carácter xeral no contorno, a democracia.

Analicemos, en primeiro lugar, a situación económica, tanto a da economía en xeral como, en concreto, a da pública. No ámbito económico, eu creo —por dar dous datos— que debemos partir de dous feitos que son constatables e perfectamente comprobables:

En primeiro lugar, o que é certo é que levamos, no momento da moción de censura, tres anos de crecemento do PIB, que acada o seu máximo histórico a finais do ano 2017; catro anos de creación de emprego, pasando de 17,3 millóns de empregados a 19 millóns a finais do 2017 —unha creación de case medio millón de postos de traballo ao ano— e, polo tanto, reducíndose neses catro anos dez puntos o paro, desde o 26 % ao 16 %.

E Galicia seguiu a mesma senda, mesmo incrementada. Deste xeito, nesta senda o PIB per cápita acadou o seu máximo histórico en Galicia no ano 2017, pasando desde os 21.800 euros de 2008 aos 22.600 do último ano. Acadamos tamén por iso o noso máximo nivel de converxencia en relación coa media española e melloramos notablemente a posición entre as comunidades autónomas, de tal xeito que se pode dicir que é histórico. Partimos no ano 2000 sendo a terceira comunidade de renda máis baixa e actualmente estamos no dez. Daquela só tiñan renda máis baixa Andalucía e Extremadura, e desde o ano 2000 superamos Castela-A Mancha, Canarias, Murcia, Asturias e Valencia —estas dúas últimas no período 2017-2018—. Este mellor comportamento de Galicia permitiu que fose a comunidade autónoma que máis incrementase a súa converxencia en termos de PIB por habitante en paridade de poder de

compra con respecto á media europea, cando o conxunto de España coa crise perdeu tres puntos de converxencia.

E iniciamos 2018 coas mellores perspectivas: o maior incremento do PIB nominal da historia no primeiro trimestre, 3,7 %; un incremento interanual do 3,1 %, cando España medraba ao 3 %; e con todos os organismos públicos —Airef— ou privados —BBVA Research, Ceprede, Afundación e outros— augurando o mantemento desta forte taxa de crecemento, sempre por riba de España —arredor do 2,8 %.

Aínda que en termos de emprego non recuperamos, en termos da EPA, a poboación ocupada previa á crise, o certo é que isto se debe fundamentalmente á transformación da nosa estrutura produtiva, que non está tan condicionada polo peso que acadou a construción coa burbulla inmobiliaria. Como se pode comprobar nas contas económicas anuais do IGE, nos últimos oito anos medrou o peso do valor engadido bruto do sector primario, que pasou do 4,3 % ao 4,7 %; do sector servizos, que pasou do 60,5 % ao 63,6 %; diminuíu lixeiramente o da industria, do 16,8 % ao 16,4 %; e caeu significativamente o da construción, do 9,5 % ao 6 %, o que á súa vez explica o comportamento do mercado laboral.

En relación cos salarios, tras subir significativamente por riba da produtividade durante a etapa previa á crise, nos últimos meses comeza a apreciarse unha recuperación, con incrementos interanuais —como di o Monitor Adecco— do 1,9 %, facendo que o salario medio en Galicia, aínda sendo dos baixos na media española, acade o seu máximo desde que hai series estatísticas ao respecto. Concretamente, 1.483 euros ao mes, a finais do pasado mes de agosto.

Porén, a economía española e tamén a galega comezan a dar síntomas dunha lixeira desaceleración. Hai motivos exteriores, claro que os hai: as guerras proteccionistas iniciadas por Trump e o *Brexit* xeran incertezas; está a subir o prezo da enerxía, do petróleo e mais do gas, dos que España é especialmente dependente; e é previsible unha suba dos tipos de xuro porque se vai endurecer o custo do diñeiro por parte do Banco Central Europeo, o que pode frear algo o investimento e o consumo, efectivamente.

Pero tamén hai incertezas xeradas no interior, nomeadamente as derivadas da situación política e da incerteza que xera a situación política española actual. En primeiro lugar, pola ausencia de orzamentos e a posible dificultade de poder sacalos adiante con só oitenta e catro deputados de trescentos cincuenta deputados, e satisfacendo á vez as demandas de Podemos e as exixencias da Unión Europea. A dificultade de aprobar orzamentos desde gobernos minoritarios queda patente no último informe da Rede Localis Galicia: «Desde 2015 a fragmentación política municipal fixo que só o 30 % dos concellos galegos aprobaran as súas contas de media en todo o período antes de fin de ano». O que marca o 30 %; máis ou menos as posibilidades que eu lle atribuí ao Goberno do señor Sánchez de aprobar as contas xerais do Estado.

A sucesión de declaracións contraditorias entre ministros e entre o que algún ministro di en España e en Alemaña, onde vai defender a austeridade, non animan ao optimismo. E aínda menos se atendemos a algúns dos globos sonda que se lanzan para evitar a desaceleración económica e continuar promovendo a creación de emprego:

Cando se debilita o consumo hai que gravalo con máis impostos, como, por exemplo, ao diésel, que afecta, por certo, o 85 % dos consumidores galegos e que afecta todos os prezos ao incidir no transporte.

Cando se debilita o investimento, hai que gravar máis as sociedades para frear a compra de accións.

E cando a débeda é, de acordo coa maioría dos economistas, un problema que só coa suba dos tipos de xuro se podería agravar aínda máis, hai que abrir a man do déficit, isto é, endebedarse máis, é dicir, por riba do que se fai para pagar gasto social ou as pensións, pois a verdade é que, con iso, un queda aínda máis preocupado; endebedarse para gastar gasto corrente, aínda que sexa en salarios de persoas que se dedican ao benestar social.

Ben, eu a verdade é que non confiaba en escoitar algunhas destas cuestións neste debate. Pero é como dicir que Galicia non quebrou, pero que non quebrou ningunha comunidade autónoma. Non quebraron moitas comunidades autónomas porque o Estado as rescatou abríndolles unha liña de crédito. Porque, efectivamente, era unha irresponsabilidade deixar quebrar as comunidades autónomas non financiándose no mercado. E Galicia non precisou dese rescate que impediu a quebra noutras comunidades autónomas.

Hai, certamente, motivos para a preocupación. Neste contexto, o feito de que neste parlamento vaiamos aprobar o teito de gasto, o Goberno vaia aprobar os orzamentos e a Cámara vaia votalos en prazo convértese sorprendentemente nunha noticia, cando o que é noticioso é xustamente o contrario.

Señora Pontón, aprobamos os orzamentos sen coñecer os orzamentos do Estado, pero é que antes o Goberno era serio e —como dixo esta mañá o presidente— adiantáballe á Xunta as entregas á conta. Neste caso deron unhas entregas á conta nas que faltan 200 millóns de euros do IVE. E sobre iso —como dixo esta mañá o presidente, e contouno polo miúdo; polo tanto, vostede, antes de facer algunhas afirmacións, debería ter en conta todo o que se dixo— seguimos sen saber deses 200 millóns de euros que a ministra prometeu que ía arranxar para todas as comunidades autónomas, tamén para Galicia, e de momento aínda non sabemos nada. Polo tanto, iso é o que explica que o teito de gasto veña cando vén, e tamén explica o feito de que nós atenderemos a petición que presentou o presidente esta mañá. E anuncio que o meu grupo asinará mañá, ao remate deste debate, unha petición de pleno extraordinario, de acordo co que marca o Regulamento, en período ordinario de sesións, de tal xeito que a semana que vén poderemos aprobar o teito de gasto, que permita á súa vez aprobar en data, para poder debater nesta cámara os orzamentos de Galicia. *(Aplausos.)*

Uns orzamentos que xa se dixo que van seguir reducindo a débeda en proporción ao PIB. E tanto se falou da débeda que eu quero recordar unha vez máis —e voulles dar un dato que non dei aquí— que nós asumimos 2.200 millóns de euros, que estaban no orzamento, que se gastaron nos anos 2008 e 2009 —orzamentos que aprobou o Bloque, ademais, neste caso— e que estamos devolvendo. Dese endebedamento que vostedes din que ten a comunidade autónoma, ¿saben canto corresponde exclusivamente á devolución desas liquidacións negativas que nos xirou o Goberno socialista? Pois 1.071 millóns de euros. Entón, polo menos

teñan un pouco de coidado cando falen destas cuestións, porque foi o seu Goberno o que se endebedou por máis de 2.200 millóns de euros sen ningún papel. O Goberno socialista exixiu devolvelo en cinco anos, e estámolo pagando agora, pese a que agora, por mor da crise, o Goberno tivo moitos menos ingresos. (*Aplausos.*)

Que Galicia teña nestes momentos uns mellores fundamentos económicos que a economía española, que teñamos un presidente e unha maioría parlamentaria que permiten aprobar as contas públicas no seu prazo e que van seguir apoiando o consumo —especialmente das persoas que teñen máis necesidade— e o investimento cunha política fiscal predicible, e que, en definitiva, se manteña a estabilidade económica e orzamentaria é unha boa nova. Temos certamente mellores fundamentos. Iso déixao claro tanto a balanza comercial como as exportacións, que son fundamentalmente a Europa, o cal tamén nos protexe un pouco dos vaivéns proteccionistas do señor Trump, e estamos incrementando —como se recoñeceu antes— a produtividade da economía galega.

Fíxense se é importante o de traer os orzamentos que a pasada fin de semana a alcaldesa Colau, de Barcelona, demandou un pacto para aprobar os orzamentos e garantir os servizos mínimos, e pedía responsabilidade para que as institucións funcionen aos tres niveis: estatal, autonómico e municipal. Facía estas declaracións en relación co ultimato do señor Torra. Pero sería bo que a oposición nesta cámara tomase boa nota do que dixo a señora Colau ou, cando menos, que tomase algunha nota.

E pasamos ao segundo gran problema que queremos e debemos abordar: a deterioración da igualdade como consecuencia da crise. E creo tamén conveniente comezar con dúas precisións, con dous datos que son dificilmente rebatibles. Primeiro, como dato previo, quero recordar que, como di o admirado profesor galego Antón Costas, nós cremos que contra a desigualdade hai que loitar «por terra, mar e aire», polos seus nocivos efectos no propio crecemento económico e na xustiza social. Por terra, con mellores políticas redistributivas; por mar, cun mellor funcionamento dos mercados competitivos; e por aire, cunha maior concienciación dos responsables en xeral do mundo empresarial.

E as dúas precisións:

A primeira é a que se refire ao estado de situación da desigualdade en Galicia. Como saben, ou debería saber quen se preocupa pola igualdade, a nivel académico, e tamén a nivel das entidades que traballan nesta cuestión, para coñecer o grao de desigualdade que hai nunha sociedade utilízanse dous índices:

O primeiro é o índice de Gini, que é un coeficiente que atribúe un valor cero á sociedade de igualdade perfecta e un valor un á desigualdade perfecta. Polo tanto, canto máis próximo estea a cero quere dicir que a sociedade é máis igualitaria e, cando estea máis próximo a un, que é máis desigualitaria. Pois ben, o indicador de Gini está en Galicia exactamente igual no ano 2016 do que estaba no ano 2008, cando gobernaba a esquerda, concretamente no 0,27. É certo que acadou máximos do 0,29 nos anos 2013 e 2015, pero xa estamos na situación previa á crise no ano 2016, que é o último dato coñecido. E sempre lonxe da media da Unión Europea: 0,31, e da de España, onde hai máis desigualdade: 0,34.

E se collen o outro índice que se utiliza, o S80/S20, que compara ou relaciona os ingresos do 20 % máis rico da poboación co 20 % máis pobre, de maneira que canto máis baixa sexa a relación quere dicir que hai unha sociedade máis igualitaria, os datos son para Galicia o 4,2, para a UE27 o 5,2 e para España o 6,6. Ou o que é o mesmo: Galicia é máis igualitaria que a media europea, superando países como Alemaña e Irlanda, e moito máis que o conxunto de España, sexa cal sexa o índice que empreguemos.

A segunda precisión ten que ver cos factores que inciden na desigualdade. A evidencia científica dispoñible dinos que o principal factor é o desemprego, e nomeadamente o funcionamento do mercado laboral no que atinxe os autónomos; que as transferencias, e particularmente as pensións, teñen un efecto redistributivo enorme; e que, en cambio, a progresividade fiscal ten un efecto menor, e en todo caso un efecto moito menor que a incorporación á renda dos fogares do valor monetario dos servizos públicos sanitarios e educativos. Ou o que é o mesmo: o efecto redistributivo da sanidade pública é superior ao que deriva incluso da progresividade da fiscalidade. E o mesmo cabe dicir da educación pública, que ten un efecto redistributivo moi grande, sobre todo nos niveis de educación infantil, primaria, secundaria e profesional.

Feitas estas dúas consideracións, xorde inmediatamente unha pregunta: ¿como é posible que a desigualdade en Galicia estea por debaixo da media da Unión Europea e moi por debaixo da media do conxunto de España, e que mesmo se estea a reducir a desigualdade cun Goberno da Xunta que o único que leva facendo en dez anos é destruír emprego, destruír a sanidade e destruír a educación pública? Obviamente, non me poden dar resposta a isto, nin a oposición nin ninguén. Porque a realidade é que Galicia está medrando e creando emprego, e con menos paro que España, e que este goberno, pese á crise, mellorou a educación e a sanidade públicas.

E hai datos obxectivos que novamente o confirman, non só orzamentarios, senón tamén de estudos independentes. Simplemente mencionarei o da Federación de Asociacións en Defensa da Sanidade Pública, que situaba Galicia na posición undécima no ano 2009 e que a sitúa agora, no 2017, no oitavo lugar. E con relación á educación pública, hai que recordarlles, novamente —para que non digan que fago propaganda—, o informe realizado polo profesor Francisco Pérez para a Fundación Ivie —o Instituto Valenciano— e o BBVA Research, no que Galicia figura por riba da media de España en todas as variables educativas analizadas; é dicir, ten máis recursos públicos por habitantes, mellor taxa de acceso, maior equidade do conxunto do sistema e maior aproveitamento do alumnado. E son estudos —insisto— académicos que non están no debate político.

Galicia ten niveis de desigualdade mellorables, pero envexables desde a perspectiva do conxunto de España e tamén desde a media da UE27. É certo que se debe a moitas causas: históricas, porque vivimos nunha sociedade de pequenos propietarios; sociais, porque o noso pobo, tan suxeito aos vaivéns do seu destino, é un pobo particularmente solidario, no que a familia aínda desempeña un papel fundamental como elemento de cohesión, apoio e superación das dificultades; e mesmo tamén a razóns económicas, pois vivimos nun estado que practica a redistribución da renda, que fai subir a renda dispoñible familiar dous ou tres puntos sobre o que é a produción familiar per cápita; é dicir, que o Estado redistribúe recursos dispoñibles para as familias en Galicia.

Pero o que non pode admitirse é que todo iso que acabo de dicir sexa a pesar da Xunta, e non porque a Xunta, que xestiona algúns dos factores que máis inciden na mellora da igualdade, o estea a facer todo mal. Que os niveis máis xustos de igualdade social en Galicia non teñen que ver, contra toda evidencia documental, co gasto e a xestión do sistema sanitario público, da educación pública ou co gasto directamente social é unha argumento insostible. E aí están os 700 millóns de euros que xestiona Política Social en dependencia, familia e infancia, inclusión social, discapacidade e no SAF. E destacando o incremento da cobertura da dependencia un 23 % desde o 2015, de xeito que a ratio de dependentes atendidos é do 85 % en xullo deste ano, sete puntos por riba da media do Estado.

Posiblemente, todo isto ten que ver coa igualdade, porque este goberno traballa pola igualdade de oportunidades, pola redistributiva coa súa política fiscal e co gasto social. E faino por convicción ideolóxica, porque cremos na xustiza social e na solidariedade, e porque a redistribución, ademais, favorece o crecemento económico. Pero tamén porque contribúe á normalización da situación política e á estabilidade institucional da nosa democracia.

A preocupación pola democracia non é exclusiva de España nin de Galicia, senón que é unha preocupación que ten alertados e alarmados moitos politólogos. Estamos vendo involucións cara ao autoritarismo en América con Trump, en Rusia con Putin, en Europa con Orban e Erdogan, en Sudamérica con Maduro ou no Lonxano Oriente con Duterte. Xorden por todas partes alarmas pola fragilidade da democracia.

Nun recente e moi recomendable libro, titulado *Como morren as democracias*, os profesores da Universidade de Harvard Steven Levitsky e Daniel Ziblatt advírtennos de catro indicadores chave nunha posible deriva cara a un comportamento autoritario: en primeiro lugar, o rexeitamento ou débil aceptación das regras do xogo; en segundo lugar, a negación da lexitimidade dos adversarios políticos; en terceiro lugar, a tolerancia ou o fomento da violencia; e en cuarto lugar, a predisposición a restrinxir as liberdades da oposición e dos medios de comunicación.

O test parece sinxelo, pero cando se formulan preguntas xa resultan un pouco máis incómodas. ¿Rexeita un a constitución ou expresa a vontade de non acatala? ¿Describe un os seus rivais políticos como unha ameaza existencial para a vida das persoas? ¿Algunha vez se negaron a condenar ou penalizar a violencia sen ningún tipo de ambigüidade? ¿Ameazaron a prensa con medidas legais que restrinxan a súa liberdade de información coa desculpa de que hai moitas *fake news*?

Son preguntas incómodas e cada un débelle dar resposta na súa organización política. Eu vou contestalas pola miña:

Temos un respecto máximo polas institucións. Este parlamento foi reformado ata o punto de que a oposición ten a posibilidade de crear unha comisión de investigación sobre sanidade á que o presidente xa se ofreceu a vir antes de que a oposición presente a lista de persoas que teñen que vir, para que quede claro que non ten nada que ocultar. Unha comisión que se crea cunha reforma do Regulamento que, cando estabamos na oposición, o Bipartito negou, e que, cando a votamos aquí, o Bloque e AGE-En Marea votaron en contra, (*Murmurios.*) e

que agora, polo visto, é un éxito da democracia constitucional galega. Pois aí estamos. *(Aplausos.)* Respectamos as normas.

Nós nunca lles restamos lexitimidade aos nosos adversarios políticos, nin os consideramos o inimigo, señora Olalla; nin descualificamos o conxunto dunha organización porque un ou varios, ou incluso moitos, dos seus integrantes resultasen investigados por casos de corrupción. De feito, nós nin sequera pedimos dimisións selectivas de alcaldes cando hai un alcalde que di algo absolutamente inapropiado, como chamar «chacha» a unha muller que ocupa un cargo público, e hai outro alcalde doutra cidade *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* que compara unha das súas concelleiras e descualifícaa dicindo que como unha tendeira ía poder opinar no pleno. Nós non pedimos a dimisión asimetricamente, *(Murmurios.) (Aplausos.)*, nin tampouco, señores da Marea, a aqueles líderes políticos que ameazan as xornalistas con azoutalas ata que sanguen. *(Balbordo.) (Aplausos.)* Señor Villares, nós somos tan respetuosos cos rivais que nunca se nos ocorrería atribuír un suicidio a ningún responsable político, sexa do partido que sexa. *(Aplausos.)*

Desde logo, se todos os actores políticos en España e Europa se comportaran como esta maioría, estou seguro de que a democracia certamente non correría ningún perigo.

Señorías, esta mañá escoitamos o discurso dun presidente que cre no país, no seu potencial e nas súas institucións; un presidente reformista que quere seguir cambiando paseniña pero decididamente o noso país para facelo mellor; un presidente que está a impulsar reformas substanciais no eido económico. O reto do Parlamento é pactar o Pes; o reto social con reformas da sanidade que van máis alá das infraestruturas e incorporan novas prestacións para os pacientes crónicos, hospitalizados a domicilio ou que teñen enfermidades raras; o impulso ás políticas educativas; as reformas da política social para atender máis a dependencia con máis residencias públicas ou co aumento do Bono Autonomía...

O señor PRESIDENTE: Vaia rematando, por favor.

O señor PUY FRAGA: ...avanzando no diálogo social; as reformas institucionais coa lingua.

E por iso contará co grupo maioritario da Cámara, que o é porque reflicte o sentir maioritario do pobo de Galicia. Un grupo parlamentario que ademais comparte o método que propuxo o presidente: o diálogo e a procura de consensos. Cos axentes sociais, diálogo social; co Parlamento, pactar o Xacobeo e a demografía, como se fixo cos incendios; coa Administración do Estado, as infraestruturas e o traspaso da AP-9; e coa Administración local, tanto o Plan de residuos como o Plan da auga. E con outras comunidades autónomas, a través da Conferencia de Presidentes, a reforma do financiamento autonómico.

Eu, señor Leiceaga, dígolle que si estou de acordo en cooperar co Goberno do Estado. Pero ese consello, se lle parece, trasladámosllo tamén aos alcaldes de Galicia. Por exemplo, a algún que non se distingue precisamente por ser o mellor exemplo de cooperación institucional do mundo, aínda que teña a iluminación navideña máis grande do mundo. *(Aplausos.)*

Señorías, desgraciadamente hai unha reforma pendente que, sen o consenso da oposición, vai ser moi difícil de levar a cabo. Refírome á de buscar un espazo compartido onde nos respectemos e non nos dediquemos a dicir barbaridades sobre o rival político. Esa é a que Manuel Rivas sinalaba no artigo xornalístico ao que fixen alusión ao inicio da miña intervención, o que falaba a respecto de Jarosinski e os seus tuits. O artigo de Manuel Rivas titulábase «La pereza del insulto», e a reforma pendente que lle dicía a España que tiña era «a reforma do insulto», para «facelo, polo menos, un pouco máis artístico».

Aínda que só sexa polo ben da convivencia constitucional, por este portavoz e por este grupo non vai quedar.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Puy.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, señor presidente.

Quero iniciar a miña intervención agradecendo a presenza dos asistentes na tribuna, tanto os que viñeron pola mañá —que eran máis— como os que permanecen pola tarde.

Tamén quero agradecer e saudar a participación dos diferentes portavoces dos grupos, o portavoz do partido maioritario, a portavoz do BNG e o portavoz do Partido Socialista, e tamén todos os portavoces das mareas de Podemos que hoxe houbo neste hemiciclo. (*Risos.*) A verdade é que hai unha coñecida expresión que resume moi ben a situación, só que ao revés, esa expresión é «revoltos pero non xuntos». Lamento, profundamente, que os portavoces das mareas de Podemos de pola mañá non estean pola tarde, pero probablemente aínda poidan volver.

Señora Pontón, alá vostede e toda a recua de consideracións que fixo. Fala vostede da posverdade. Efectivamente, a súa intervención pode titularse a posverdade nacionalista. A taxa de pobreza afecta 500.000 persoas, e resulta, señoría, que a taxa de pobreza —segundo os datos do Instituto Nacional de Estatística, os últimos— é do 18,7 %, 2,9 puntos menos que a media española e 3 décimas menos que o ano pasado. E o máis importante, Galicia está entre as sete únicas comunidades autónomas nas que a taxa de pobreza é inferior a cando gobernaban vostedes no ano 2008. (*Murmurios.*) É sorprendente que veñan falar de pobreza aqueles que cando gobernaban a taxa de pobreza era superior, a pesar de que gobernamos nós despois de dez anos de crise económica. (*Aplausos.*) Ten vostede, señoría, os datos do Instituto Nacional de Estatística.

E despois, tamén, está o número de fogares con dificultades para chegar á fin de mes. Pois mire, cando chegamos ao goberno eran o 46 %, agora o 31, 15 puntos menos. E con moita dificultade cando chegamos ao goberno superaba o 9, agora está no 8,6. Se sumamos con dificultade, pois cando chegamos ao goberno o 55 %, e agora o 39,9, 15 puntos menos. E

agora resulta que a posverdade nacionalista consiste en dicir que agora hai máis pobreza que antes.

Igual que a emigración, o ano onde máis mozos saíron de Galicia foi cando gobernaba o Bloque Nacionalista Galego, (*Murmurios.*) o 2007. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Exactamente! Miren as estatísticas. Foron 13.970 os que saíron, fronte aos 11.500 que entraron.

O saldo migratorio acumulado dende o ano 2009 —dende que estamos no goberno— aínda é positivo. Fíxese vostede, a pesar da crise económica, a pesar de como nos deixaron Galicia, a pesar dos gobernos socialistas de Rodríguez Zapatero, o número de persoas que se foron de Galicia e o número de persoas que entraron é positivo, pois entraron 27.221 persoas.

Tome nota, señora Pontón. Marcharon de Galicia 267.000 e volveron a Galicia 294.826 persoas, a pesar, señoría, da recesión, da crise económica. E incluso nos mozos de dezaseis a trinta e catro anos dende o ano 2009 ao ano 2017 tamén é positivo o saldo dos que entraron fronte aos que marcharon, entraron en Galicia 2.530 mozos máis dos que saíron. A posverdade nacionalista só dura o tempo en que se enuncia, señoría, pero non ten un só dato de todos os que vostede plantexou nesta tarde. Por moito que repitan vostedes unha mentira, non se vai converter en realidade.

¡Privatizamos a sanidade! E resulta que os concertos durante o Bipartito creceron un 44 % na sanidade, e durante o Partido Popular diminuíron un 8,7. (*Murmurios.*) Pero, señora Pontón, ¿de que posverdade nacionalista me está falando vostede? ¿Vostede cre que os galegos somos parvos ou que non sabemos ler e escribir? ¡Pero, señora Pontón, a sanidade pública hoxe é máis pública que nunca! (*Aplausos.*) E cando se concertou máis sanidade é cando vostedes estaban no goberno. (*Aplausos.*)

Mire, señoría, entre o ano 2004 e o ano 2008 incrementáronse os concertos coa sanidade privada un 44 % —reitero— e agora diminuíron un 8,76. Os feitos non son manipulacións, e aquí sempre imos falar de feitos.

A Lei de garantía de prestacións sanitarias é un feito, a redución dos tempos de espera é un feito, as novas infraestruturas dos novos hospitais e a ampliación dos hospitais é un feito, o aumento do persoal sanitario é un feito, a boa valoración da atención primaria por parte dos galegos é un feito. E a excelente actuación da sanidade pública en momentos de gran tensión e demanda de recursos, como o accidente de Angrois e o accidente do Marisquiño, foi un feito que me enche de orgullo como presidente da Xunta. (*Aplausos.*)

Mire, señoría, eu creo que... Entendo que lles moleste a comparación da sanidade pública actual coa que xestionaban vostedes, porque a manipulación é aproveitar un feito no que se dean unhas circunstancias desgraciadas, que todos lamentamos —como a morte da Estrada—, para convertelo na vara de medir en toda a sanidade pública do país. Así queren os nacionalistas Galicia e a súa sanidade pública.

Manipulación, señoría, é contar mentiras. «O Decreto de garantías de tempos mínimos fíxose para favorecer a privada», BNG *dixit*. Ata o momento 7.269 persoas beneficiadas por

este decreto, todas atendidas nos hospitais públicos. «No hospital da Costa non se fan intervencións de cataratas, de fimose ou de otorrino», o doutor Villares. As intervencións son 476 cataratas, 974 en uroloxía e 211 en otorrino. «No hospital de Vigo cobran polos sillóns aos acompañantes», non vou citar o profesor que dixo iso, senón vaime contestar, como vén sendo habitual. Menos mal que se deu conta de que mentía e no pasillo pediu desculpas. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) E «O hospital de Vigo é privado», ¡cantas mentiras contaron durante tanto tempo! ¡Cantas mentiras contaron a tantos vigueses durante tanto tempo e aínda non aceptaron a verdade! (*Aplausos.*)

Mire, señoría, a posverdade nacionalista segue dicindo que privatizamos a educación e que os concertos educativos se fixeron máis que nunca. (*Murmurios.*) Pois, mire, a media anual de novos concertos educativos do Bipartito superou por cinco a media anual do Partido Popular de Galicia. En total, co Bipartito fixéronse 213 concertos coa privada e nós 93; se o dividimos polo número de anos ao Bipartito sáenlle 53 cada ano e a nós 9,3. (*Murmurios.*) «A posverdade nacionalista» —insisto— é o título da súa intervención.

Dixo —e quedou tan fresca— que aquí viñemos agora aprobar o teito de gasto e que, sen embargo, aínda o aprobamos botando peito, pero que tamén o aprobamos sen dicir nada durante a época do PP no goberno. Pero non, ¡non, non! No ano 2017 o ministerio comunicounos en prazo, a final de xullo, as entregas á conta de 2018, por iso aprobamos o teito de gasto en prazo. E aprobouse a axenda de déficit para o ano 2018. E en 2018 o profesor Puy acaba de confirmar, efectivamente, que ás entregas á conta só lles faltan 200 millóns de euros. ¿Que pretendían? ¿Que fixeramos un teito de gasto con 200 millóns de euros menos? ¿Por que se manipulan tan evidentemente as cuestións que están contidas nas hemerotecas e nos diarios de sesións?

Dixo a señora Pontón que o Consorcio non é un exemplo de conciliación, pero das 167 solicitudes aprobáronse 152, é dicir, o 91 %. (*Murmurios.*) E as que se denegan son por razón de servizo, pero supoño que se se aproba o 91 % das solicitudes non debe vostede seguir manipulando a realidade. (*Aplausos.*)

Señora Pontón, di vostede que todo é un desastre en Galicia, que, efectivamente, chegamos ao goberno... Pois, en fin, no ano 2017 volvemos superar o 3 % do crecemento da economía e levamos tres anos consecutivos. E no ano 2018 imos crecer por riba do que creza a media de España; temos menos paro rexistrado do que había en outubro dos anos 2017, 2016, 2015, 2014, 2013, 2012, 2011, 2010 e 2009. Menos paro rexistrado. Si, hoxe temos 166.320 parados, cando cheguei ao goberno había máis de 210.000. Hoxe temos 44.342 menos en paro do que había cando chegamos ao goberno.

Agora imos polas afiliacións. Temos hoxe máis afiliacións á Seguridade Social das que había nos anos 2017, 2016, 2015, 2014, 2013 e 2012. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

No que vai de lexislatura —preguntábame o profesor Leiceaga se estaba contento do que ía de lexislatura— temos 50.153 afiliacións máis; iso dende que empezou esta lexislatura.

As exportacións bateron o récord nos anos 2015, 2016 e 2017. Estamos crecendo o dobre das exportacións que o resto de España. O índice de produción industrial medrou por terceiro

ano consecutivo, pero resulta que Galicia está peor que cando chegamos ao goberno democraticamente a través das eleccións.

E na dependencia con 2.000 millóns de euros máis pagaban a 14.000 dependentes, e nós con miles de millóns de euros menos durante estes dez anos estamos pagando a 57.600, (*Aplausos.*) catro veces máis que no ano 2009. (*Aplausos.*)

A ratio de cobertura por primeira vez en Galicia é dez puntos máis que a media do Estado. E na prioridade dos profesionais fronte a prestacións económicas, os servizos profesionais están no 80 % e en España no 68 %. ¿De que se nos acusa?

Señor Leiceaga, xa un día nunha pregunta oral vostede me fixo unha brincadeira, utilizando os datos dunha enquisa para falar da dependencia. E nesa enquisa eu contesteille —sorpréndeme que mo volva dicir— que non se medía o número de persoas que están pendentes dunha dependencia, senón o número de persoas que cren que lles podería corresponder a dependencia pero que non a solicitaron. Entón, señor Leiceaga, ¿que cre que debemos de facer, máis que dicirlle á xente que se cre que está nun suposto de dependencia que a solicite? Pero non me faga estas brincadeiras, porque vostede é unha persoa bastante seria.

Por iso, señoría, temos 79.755 persoas pendentes da dependencia e temos respondidas o 99,17 %, e cobrando a finais deste ano 60.000; máis que nunca na historia do país. (*Aplausos.*)

Reducimos o número de persoas en listas de agarda. Non creo que sexa razoable dicir que estamos peor en dependencia ou en discapacidade cando temos un 106 % máis que no ano 2009 en libranzas. Nin podemos dicir que o Servizo de Axuda no Fogar non funciona cando hoxe temos dez veces máis que no ano 2009, temos 22.500 atendidos. Ou que os servizos de teleasistencia son un tema menor cando temos o dobre que no ano 2009, temos 7.082.

Señor Leiceaga e señora Pontón, ¿se un goberno bipartito puidera dicir o que eu vou dicir agora! Centros de día, a pesar da crise nos últimos dez anos, 223 % máis; centros de alzhéimer, 111 % máis; residencias de maiores, 40 % máis; prazas de discapacidade, 25 % máis. Total, 52 % máis de prazas de centros de día, centros de alzhéimer, residencias e prazas de discapacidade, ¿iso é subir ou baixar? Iso é subir máis que nunca, a pesar de ter menos diñeiro que nos últimos anos. (*Aplausos.*)

Señores, hai que concretar se vostedes están en contra ou a favor da débeda pública, porque non me quedou claro, señor Leiceaga e señora Pontón. Primeiro dísenos que incrementamos moito a débeda pública, e o señor Leiceaga, ademais de dicir iso, di que hai que incrementar o déficit, que temos que incrementar o déficit nos presupostos do ano que vén. Señor Leiceaga, ¿estame invitando a gastar 120 millóns de euros máis? Si. Que quede claro, pois, o señor Leiceaga quere que se incremente a débeda pública 120 millóns de euros máis. A señora Pontón igual o aclara na réplica, pero o señor Leiceaga e a señora Pontón deberían de saber que somos a comunidade autónoma onde menos se incrementou a débeda pública de España. E debería de saber que, cando chegamos á Xunta, a porcentaxe de débeda pública era superior á media das comunidades autónomas e agora é inferior en seis puntos.

Debería de saber que esta Xunta podía vivir mellor e os galegos peor. Debería de saber que esta Xunta podía gastar 3.800 millóns de euros de débeda pública para equipararnos á media e non o fixo. E os galegos premiáronnos nas urnas. Non, podíamos gastar moito máis, señor Leiceaga. Podíamos ser desas comunidades que non quebraron porque as rescatamos co diñeiro de todos. Efectivamente, señor Leiceaga, (*O señor Fernández Leiceaga pronuncia palabras que non se perciben.*) podíamos ser eses, pero se ese é o seu modelo económico, sería bo que o aclarase na Cámara. Hoxe un galego ou unha galega debe 2.000 euros menos que a media dos españois, 10.000 euros menos que os cataláns e bastante menos que un valenciano ou que un mallorquín. Débeda pública, señorías, ¿si ou non? Esa é a pregunta. (*Aplausos.*)

Creo que os galegos teñen dereito a saber como evolucionaron as pensións en Galicia durante a crise económica. Sobre todo, teñen dereito a saber un dato: no ano 2009 eu atopei unha Galicia que no último ano aumentara o número de pensionistas en 7.000, e recibín unha Galicia que no último ano caía en número de cotizantes en máis de 50.000. É dicir, por cada novo pensionista, perdíanse 7 empregos. E agora Galicia, no último ano, aumentou o número de pensionistas en 3.000 e o número de afiliacións en 21.600. É dicir, por cada novo pensionista hai 7 novos traballadores; esa é a diferenza, señor Leiceaga, señora Pontón, entre unha Galicia que ten futuro e unha Galicia que non o ten. (*Aplausos.*)

A pensión de xubilación media durante estes anos en Galicia aumentou un 32 % e en España un 29 %. Deberían de tomar nota destes datos simplemente para non volver estar falando do mesmo todos os días e todos os debates do estado da Autonomía, porque comprenderán que os galegos xa están un pouco fartos.

As pensións soben, agás cando as conxelan os socialistas. (*Murmurios.*) Si, si, si. No ano 2009, a media dunha incapacidade permanente era de 710 euros, e no ano 2018 son 856, un 20,5 % máis. En xubilación, un 32 % máis de media de pensión en Galicia hoxe que no ano 2009; 698 euros no 2009, 922 no 2018. En viuvez, o 23,9 % máis; en orfandade, un 16 % máis. O total de pensións contributivas, un 29 % máis.

Señor Leiceaga, ¿a ministra de Traballo está a favor de unir as pensións ao IPC?, ¿si ou non? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¿Dixo que si? (*Murmurios.*) Ímonos enterar proximamente, aínda que esta pregunta o lóxico sería facerlla ao líder de Podemos, (*Risos.*) non á ministra de Traballo do Goberno socialista. (*Aplausos.*)

Señorías, por suposto que todo pode ir mellor, pero o que está claro é que todo ía peor. Conseguiuse manter o nivel dos fondos da política agraria común, a pesar da baixada dos fondos europeos. Fixemos a Lei de mellora da estrutura agraria e a Lei de montes en contra de todos. Galicia é a única comunidade autónoma onde non se pagan impostos no rural, en contra de todos. Aumentou o apoio á modernización e á incorporación dos mozos; 2.600 mozos nos últimos dous anos. ¿Apostouse por vivir e mellorar a calidade da vida no rural? Si. O Plan marco de camiños rurais, a integración dixital.

Os datos macroeconómicos confirman que o sector primario en Galicia medra e crea emprego. Si. Segundo o Instituto Galego de Estatística, o peso do sector primario —agricultura, gandería e pesca— no PIB de Galicia é do 4,8 %, o dobre que en España. No ano 2017 o

sector primario medrou un 1,7 %; e desde o ano 2008 medrou en todos os anos agás en dous: no ano 2009 e no ano 2012. Segundo a EPA, o emprego no sector primario aumentou un 5,3 % no ano 2017.

Señora Pontón, ¿quere vostede falar dos lumes? É a segunda vez nun debate do estado da Autonomía que vén falar de lumes e a botarnos catro mortos enriba dos escanos dos PP. É lamentable, señora Pontón. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Esa é a catadura moral dos nacionalistas galegos neste Parlamento. (*Murmurios.*) ¿Quere que falemos dos momentos en que vostedes xestionaron os lumes en Galicia? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¿Quere que falemos, señoría? Menos mal que estiveron só catro anos, porque, se non, non sabemos o que ocorrería nos montes en Galicia. Teñamos un pouco de respecto pola verdade, un pouco de respecto polos que non están e un pouco de respecto pola propia dignidade da Cámara.

Finalizo, señora Pontón, vostede intenta outra vez trabucar a todo o mundo cos temas do medio rural, é a súa forma de entender a realidade galega. Cando nalgún sitio se vota ao BNG, é que ese sitio vai moi ben, incluso non hai nin lumes. E se hai lumes, é por culpa da Xunta. Pero se en Galicia se vota ao PP, entón vai moi mal, evidentemente.

A posverdade nacionalista quedou desnuda, un por un, dos argumentos que vostede plantexou, e agora lle toca o turno ao eucalipto. O Plan forestal que está enriba da mesa supón un incremento do número de hectáreas de pino, frondosas e castaño de 155.000 hectáreas, e de eucalipto de 25.000. ¿Exactamente de que se nos acusa, señora Pontón? Eu non estou defendendo a industria aquí, equívocase de portavoz. Consulte o *Diario de Sesións* e consulte a hemeroteca.

Sobre captación de investimento, en Galicia non inviste ninguén, salvo Citroën 3.000 millóns de euros. Non inviste ninguén, salvo 400 millóns de euros entre Estrella Galicia, Albo, Entrepinares, Dairy, Coren, Grupo Cuevas. ¡Nada!, e no sector forestal ninguén pon un patacón. Estamos coa maior planta de biomasa da historia de Galicia, 230 millóns de euros investidos, neste momento con 1.000 postos de traballo en Curtis, e non inviste ninguén. Pois debe ser, señoría, que como vostede sabe de todo, ao final dá a sensación de que non sabe tanto. (*Aplausos.*)

Fala vostede do informe da Real Academia da Lingua —por suposto que limos o informe— emitido en febreiro: *Lingua e sociedade, evolución sociolingüística 1992-2013*. A conclusión final —leo—: «O galego ten unha posición demolingüística vantaxosa en comparación con outras linguas de España, e unha posición forte na propia Galicia». E engado: «A creba da transmisión lingüística interxeracional e os procesos de monolingüización en castelán que protagonizan as xeracións máis novas comprometen a súa situación nos territorios cunha maior poboación e cun maior dinamismo económico». Iso é o que di, non o que di vostede, o que di o informe. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) E segue insistindo a Real Academia Galega en que a saúde e a presenza do galego na sociedade é boa comparada co resto das linguas de España; que o nivel de coñecemento do galego é o máis alto da historia, pero que o seu uso, efectivamente, entre os máis novos e as zonas urbanas non está acompasado con este nivel de coñecemento. Exactamente o que dixen eu na miña intervención. Non manipulo os informes, señora Pontón, hai que lellos na súa totalidade.

O galego ten unha vitalidade incuestionable. O 73 % da poboación que usa habitualmente o galego é bilingüe, destaca tamén o elevado grao de coñecemento do galego e ademais engade: «Que oito de cada dez persoas sexan capaces de ler e seis de cada dez sexan capaces de escribir en galego é unha boa nova». E conclúe: «O galego pode ser utilizado polo 89 % da poboación galega, fronte ao 85 % do catalán e o 55 % do euskera». (*Murmurios.*) ¿Que parte deste informe non lle gusta, señora Pontón? Nós aceptamos o problema que temos: a xente moza e o mundo urbano, o resto non, señora Pontón, o resto non.

Señorías, vostedes non son os que expiden os carnés de galegos. Non son vostedes os que dan de alta os militantes de Galicia. O que fan vostedes é dar de baixa os militantes do BNG. (*Murmurios.*) Si, si. Di vostede que as decisións de Galicia hai que tomalas en Galicia, e non a centos de quilómetros afastadas do país, e eu estou de acordo. Fale vostede cos seus compañeiros de coalición nos concellos. Eu estou de acordo con iso. Pero ademais engado: que non tomen as decisións de Galicia nin o nacionalismo vasco nin o separatismo catalán. (*Aplausos.*) Señorías, en Galicia hai un galeguismo orixinal e un nacionalismo que é unha copia. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Fala vostede de adoutramento na escola. ¿Vostede fala en serio de adoutramento na escola? Oculta o dato de profesores. Somos a comunidade autónoma con máis profesores por alumno, pero si recoñece o seu ataque, un ataque de sinceridade que o anotei aquí. Di abertamente que están en contra de que se poñan ordenadores nas escolas. Xa sabiamos que a súa ideoloxía era cousa do pasado, agora sabemos que están vostedes en contra de que os rapaces nas escolas descubran o século XXI.

Señoría, fala vostede da miña xubilación. ¡Todo chegará! Pero cada vez que o BNG quere xubilar a algún político, non lle foi ben. Mire que pasou con Fraga. En cada debate do estado de Autonomía querían xubilar vostedes a Fraga, e gañoulles sempre. (*Murmurios.*) E se me permite, mire o que lle pasou con Beiras, que querían xubilalo. Mire o que montou nos escanos ao lado dos seus. (*Risos.*) (*Aplausos.*)

Señor Leiceaga, eu agradezo o seu ton e o seu respecto á Cámara, creo que iso é importante. É importante porque un se pode trabucar nuns datos, o primeiro eu, pero vir aquí cun conxunto de datos que non son máis que a postverdade nacionalista non creo que sexa razoable.

Lamentablemente, non é o mesmo que escoitamos do voceiro que o sucedeu no uso da palabra. Eu comparto todo o que dixó vostede sobre Castelao, pero soamente lle fago unha advertencia: teña coidado con nomealo, non vaian vir os nacionalistas cobrarlle dereitos de autor, señor Leiceaga. (*Murmurios.*)

Fala de que o único no que pensamos é en gañar eleccións. Evidentemente, señor Leiceaga, niso estamos de acordo. Sería bo que o Partido Socialista Obreiro Español pensase nalgún momento en gañar as eleccións, e non estar no goberno despois de perder as eleccións, señor Leiceaga. (*Aplausos.*) Iso sería, francamente, o lóxico en democracia.

Non sei que dixó do programa lexislativo. Eu creo que se trabucou ou entendín eu mal, poden ser as dúas cuestións, pero levamos once leis aprobadas. Non a Lei de protección de

animais, non, non, once. Se quere, dígollas. Si, si, nesta lexislatura, señora viceportavoz. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Se quere, déixollas ao presidente da Cámara, porque ler as once non me parece axeitado. Si, estamos de acordo, once, vale. Non, é que como dixo a de protección de animais, pois dixen eu, ao señor Leiceaga, que é unha persoa bastante seria, alguén lle pasou un papel pouco serio. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Aclarado, levamos once leis aprobadas no que vai de lexislatura e o goberno aprobou outras seis, teñen que entrar na Cámara. Cito: Lei de ordenación do territorio, Lei de patrimonio natural, Lei de Administración dixital, Lei de rehabilitación e rexeneración urbana, Lei de aproveitamentos lúdicos termais e Lei de ordenación das prestacións farmacéuticas. Nós rematamos. Sabe vostede que os circuitos de información pública, evidentemente, hai que cumprilos, e neste debate eu propuxen seis novas leis. A Lei de patrimonio da comunidade autónoma, a Lei de orzamentos, por suposto, a Lei reguladora de xogos e apostas de Galicia, a Lei de medidas de garantías de abastecemento e calidade das augas, a Lei de emprego en Galicia e a Lei de impulso demográfico. Son outras seis. E once, máis seis, máis seis, son vinte e tres.

Señor Leiceaga, vostede fálame do balance dende que son presidente, e eu estou á disposición. Di que eu son un surfista. ¡Bueno! Entre ser surfista e afundir un país, hai unha gran diferenza. Pero... (*Aplausos.*) ...non crea vostede que ser surfista é fácil, ¡eh! Veña comigo ao Pantín Classic e comprenderá que é moi complexo. Comprenderá vostede que surfear nas ondas do déficit público, da débeda pública, da caída abrupta do emprego, da caída das afiliacións á Seguridade Social; surfear en todas aquelas ondas que nos deixaron, mailas que provocou o insigne presidente do Goberno da época, ten mérito dabondo. (*Aplausos.*) Pódolle asegurar que ten un gran mérito. (*Aplausos.*)

Mire, señoría, cando chegamos, o produto interior bruto —una onda— baixaba o 4,5 %, agora sube o 2,5 %. A onda do paro. Cando chegamos, o paro incrementábase en 50.900 persoas nun ano, agora baixou 17.000 no mesmo ano. As afiliacións á Seguridade Social —a onda que nos deixaron—, 50.800 afiliados menos no último ano, agora crecen 21.628. ¡Non está mal, señor Leiceaga! Evidentemente que se pode ser mellor, sen dúbida.

A evolución das exportacións. En Galicia caían o 20 %, agora somos a segunda comunidade autónoma de España e realizamos o dobre de exportacións que a media de España. Non está mal, señor Leiceaga, que aos galegos lles recoñezamos un certo esforzo.

Paro en termos de EPA, o 14 %; España o 15,3 %. ¿Que fixemos durante a lexislatura? Baixar o paro en termos de EPA 2,3 puntos, do 16,3 —7 menos que ao inicio da segunda lexislatura— ao 21,1. Fala vostede do paro xuvenil, 4 puntos menos que a media española, e 3,3 puntos menos que ao inicio da lexislatura.

Tamén falaba vostede do paro do último ano. No último ano —no que levamos de ano— somos a comunidade autónoma onde máis baixou o paro de España; non creo que sexa ese un mal dato. Hoxe hai 39.594 persoas menos en paro no que vai de lexislatura, e 44.000 menos que en abril do ano 2009. ¿A vostede parécelle que non teñen mérito as empresas, os sindicatos e os traballadores galegos por estes datos?

Datos de afiliacións do último ano: 1.013.000 persoas afiliadas á Seguridade Social; 21.628 afiliados máis no último ano. No que vai de lexislatura —preguntábame vostede—, 50.153 afiliacións máis á Seguridade Social.

Mestura vostede a ocupación e a Seguridade Social. Falaremos da ocupación. Pero non é certo que o emprego indefinido hoxe está peor que cando chegamos ao Goberno. Non, non. No ano 2008 en Galicia o emprego indefinido era do 69,6 %, hoxe é do 73,8 %. ¿Por que di que o emprego indefinido hoxe é inferior, se hoxe hai máis emprego indefinido na serie que consultamos? Ocupados a xornada completa. Dous de cada tres asalariados teñen contrato indefinido a tempo completo: o 64,7 % —un dato superior—.

Sobre a evolución dos salarios. En Galicia, dende o ano 2008 ao ano 2017, os salarios subiron o 8,1, e, en España, o 5,4. Pero, señoría, é que eu son español, ¿como que de onde partimos? ¡De España, claro! Se quere, compárome con outro país, pero probablemente non lle interese.

En Galicia —podemos resumir— ¿que fixo o grupo parlamentario do Goberno durante estes anos? Converxer con España. Nunca a renda de Galicia converxeu máis con España que agora, ¡nunca!, o 90 %. Ese é o resumo, señor Leiceaga, (*O señor Fernández Leiceaga pronuncia palabras que non se perciben.*), señor profesor. (*Murmurios.*)

No ano 2008, o PIB per cápita de Galicia era o 87,4 %, e no ano 2017 o 90 %, o máis elevado da nosa historia. (*Murmurios.*) Señor Leiceaga, creo que vostede sabe perfectamente todo isto, é un estudoso destes datos, por iso me sorprende moito que me pida facer un balance dunha década e despois que faga un balance da lexislatura. Eu intento facelo.

Cando dicimos que incrementamos un 66 % os quilómetros libres de peaxe, iso a vostede parécelle pouco. Un 67 % parécelle pouco. A min gustaríame facer máis. Pero ¿vostede sabe que todas as autovías que deixou o Bipartito deixounas con peaxe na sombra? ¡Todas! Dirán vostedes: non, non, é que as licitou o PP. Certo, pero ¿por que non as pagaron, señor Leiceaga, se había feixes e feixes de millóns de euros que non executaban? ¿Por que non as pagaron? ¿Por que deixaron sen pagar a autovía do Barbanza, a autovía do Salnés e a autovía Santiago-Brión? ¡Mil millóns de euros sen pagar! E estamos pagando a peaxe na sombra de todas as autovías que rematou o Bipartito. E ademais facendo un 66 % máis de quilómetros con cero peaxes na sombra. Non creo que sexa un mal plantexamento, señor Leiceaga.

¡Claro que nos gustaría ir máis rápido! Por suposto. Estamos acabando a autovía do Morrazo —podían tela feita—; no vial da Costa norte espero que cheguemos a un acordo en Viveiro, porque levamos cinco alternativas para pasar Viveiro. A ver se agora coa ponte nos poñemos de acordo. Son 100 millóns de euros, señor Leiceaga, ¡sería bo chegar a un acordo en Viveiro para sortear os problemas! Na autovía da Estrada estamos iniciando o expediente expropiatorio. Lamento profundamente que vostedes non fixeran un só quilómetro, ¡nin sequera expropiaron! No caso de Nadela-Monforte, señor Leiceaga, temos en redacción o proxecto de desdobrar entre A Pobra de San Xiao e Sarria. Desde logo, queremos licitala no ano 2019; así como a vía Tui-A Guarda. Por certo, ¿vannos deixar ou non facer a vía Ártabra?, ¿si ou non? A vía Ártabra é a que vai pola área metropolitana da Coruña. ¿Vannos deixar conectar a vía

Ártabra?, ¿si ou non? Eu creo que a xente de Oleiros, de Cambre, de Culleredo e da Coruña teñen dereito. Sería bo que falaran coa autoestrada, coa concesionaria, con esa da que vostedes son tan exixentes, e que nos deixen conectar. Porque é sorprendente que teñamos que pedir permiso para facer unha estrada en Galicia.

Mire, señor Leiceaga, o gasto interno en I+D aumentou un 1,5 %, máis do dobre que a media do Estado. Non estamos no furgón de cola. O número de persoas dedicadas a actividades de I+D interna, nun 3,6, chegando a máis de 9.370 persoas; un 1 máis que o crecemento do conxunto do Estado. As empresas galegas aumentaron o seu esforzo innovador, un 9,3; o maior incremento dos últimos catro anos. E no caso da Administración —que depende de nós—, logramos facer un esforzo en gastar en I+D o 17,7 % máis que no período 2013-2016. Somos a terceira comunidade autónoma en gasto público en I+D do Estado. Creo que eses datos vostede tamén os coñece, por iso creo que debería, polo menos, recordalos: 9 aceleradoras de empresas, 225 desas aceleradoras xa se converteron en empresas, e 900 proxectos estanse avaliando.

Por certo, unha das cuestións que lle interesa moito ao señor Leiceaga e aos economistas das Mareas de Podemos, a poboación ocupada. ¿Por que non din, cando falan de poboación ocupada... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) —non sei se vostede é o economista de Podemos— (*Risos.*) ...que en menores de 35 anos Galicia perdeu 150.000 en poboación? ¿Por que omiten ese dato? ¿Por que omiten o dato, sen embargo, de que en maiores de 35 gañamos 74.400 ocupados? ¿Como vai crecer a poboación ocupada se estamos perdendo xente menor de 35 anos e, sen embargo, nin sequera comentalo? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) E agora resulta que se deron conta de que entre nacementos e falecementos hai un déficit de 10.300 cada ano. (*Murmurios.*) Como dixo o señor Villares, é porque a xente non quere ter nenos co Goberno do PP. (*Risos.*) (*Aplausos.*) Creo que debemos de falar en serio sobre isto porque, se non, evidentemente, podemos cometer erros gordos que a xente non ten ningunha necesidade de escoitar.

Di vostede que o turismo está mal. ¡Está bastante mellor que en España! No ano 2018 o turismo foi bastante mellor ca a media de España en todo, ¡en todo! En gasto por turista, en estadía media por turista, en número de pernoctas, en todo, señor Leiceaga. Mire vostede os datos que levamos. Imos ver como acabamos. A próxima semana chegaremos ao peregrino número trescentos mil, dous meses antes que o pasado ano. Temos unha evolución do turismo bastante mellor que no resto de España no ano 2018, sen contar que no ano 2017 fomos, con 5 millóns de turistas, unha das comunidades que máis creceu.

Señor Leiceaga, eu comprendo que hai que facer oposición, eu tamén a fixen, por suposto, pero hai que facer oposición con datos. Agora vostede di que imos baixar os impostos e que, se seguimos baixando os impostos, isto se converte nun paraíso fiscal. Pero os galegos pagaron nos últimos anos 1.100 millóns de euros menos en impostos, vostede non o rebateu. O 99,6 % dos galegos non pagan sucesións, vostede non o rebateu. E sobre impostos imos falar a próxima semana e a seguinte, cando presentemos os presupostos da Comunidade Autónoma. Iso si, o que me sorprende é que vostede, recordando o señor Montoro, dixo que Montoro subira os impostos da Renda e do IVE. ¡Pero se onte estivo a ministra de Economía aquí e dixo que hai que seguir subindo os impostos por riba do que fixo o PP! ¿En que que-

damos, señor Leiceaga? ¿Van vostedes subir o imposto da Renda ou non van subir o imposto da Renda? ¿Van subir os impostos en España ou non van subir os impostos? ¿Están en contra de subilos ou de baixalos? Nós claramente o dicimos: nós queremos baixar os impostos. E claramente todos sabemos que o Partido Socialista quere subir os impostos. *(Aplausos.)* Esa é a conclusión que temos en relación cos impostos. *(Aplausos.)*

Señor Leiceaga, repetir aquí o debate... Vostedes teñen dous temas fundamentais —bueno, vai fluctuando—: a sanidade e agora ultimamente a Radio-Televisión Galega. Paréceme ben, cada un elixe o seu plantexamento. E fala o portavoz do Partido Socialista dos venres negros, ¿de que televisión? *(Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Da Televisión Española xa non están? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Ah! Porque están nos postos directivos en Televisión Española. ¡Xa entendo, señoría! *(Aplausos.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Xa entendo, exactamente, por que non están! *(Aplausos.)* ¡Xa entendo por que non están!

A min preocúpame que a canle de televisión que financian os galegos sexa a canle máis vista das televisións autonómicas despois da catalá. A min interésame que esta canle sexa a máis valorada en España en canto á difusión da cultura e da entidade propia. A min interésame que a partir de decembro esta canle empece a emitir por primeira vez en dixital. A min, por suposto, interésame que esta canle estea posicionada internacionalmente liderando as asociacións de prestixio no ámbito das administracións das televisións rexionais no mundo. E o que me preocupa é ter unha televisión saneada, coas contas limpas e con débeda bancaria cero. O que me sorprende é estar discutindo —e levamos xa moito tempo— polo nomeamento de dous presentadores da TVG que agora non están. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, non, agora din que non están... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Ah, que dimitiron! E se dimitiron... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Primeiro nomeaos o mesmo que agora os fai dimitir, e o problema é do presidente da Xunta. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡É algo sorprendente! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Home, o que podemos é entrar cunha patada na porta na Compañía de Radio-Televisión como entraron vostedes en Televisión Española, exactamente igual. *(Aplausos.)* Pódese entrar do mesmo xeito. *(Aplausos.)* *(O señor Fernández Leiceaga pronuncia palabras que non se perciben.)* Si, si, señor Leiceaga, si, pregúntenlles aos profesionais da televisión.

Pero ¿exactamente que é o que queren vostedes? ¿Que vaiamos outra vez á televisión da época do BNG e do PSOE, coa maior litixiosidade laboral da historia? *(Interrupcións.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Silencio.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Unha Compañía da Radio-Televisión galega que o Valedor do Pobo e as xuntas electorais tiñan reprobada. Unha televisión que, durante as campañas electorais, a Xunta Electoral Central amoestaba de forma continuada. ¿Esa é a Compañía de Radio-Televisión que queren? ¿Os informativos para o PSOE e os programas para o BNG? Pero, señor Leiceaga, vostede e eu sabemos perfectamente que eu non son capaz de pactar tantos directores da TVG como cambios dos portavoces no Parlamento galego, porque se non levaríamos once directores da TVG, que son os once portavoces que levo tendo nos últimos dez anos. Comprenderá, señor Leiceaga, que isto é im-

posible. ¿Que me propón? ¿Que o pacte con vostede ou co señor Caballero? ¡Pregunto! Mire como miran os de En Marea, atentamente, a ese pacto. *(Risos.) (Aplausos.)*

Vostede sabe, señoría, que hoxe hai financiamento para as empresas solventes. Vostede sabe que, cando estaban as canles do crédito pechadas, nós seguíamos dando financiamento. Vostede sabe perfectamente que o Igape sempre estivo aí para manter a estrutura económica do país. Vostede sabe que hoxe temos 19.300 novos empregos no sector industrial. Vostede sabe que conseguimos mobilizar un investimento de 545 millóns de euros e beneficiar a 7.000 empresas galegas no período 2015-2017. Vostede sabe que o Programa [...] deu 135 millóns para axudar a máis de tres mil cen proxectos, o que conseguiu un investimento superior a 500 millóns de euros.

Vostede sabe, señor Leiceaga, que a sanidade hoxe é a mellor valorada da nosa historia. Permítame que lle lea as valoracións na época do Partido Socialista e do BNG, 2005-2008: 5,5, 5,5, 5,8 e 5,87. 2017, 6,49. Isto é o mesmo que dicía a señora Pontón pero sen ler os anos que lle correspondían. E agora resulta que di: non, non, é que a xente valora mal a sanidade. Por suposto que a xente ten dereito a facer a valoración que considere oportuna, pero entre a xente que utiliza a sanidade pública, que é diferente que entre a xente que non a utiliza e simplemente ten unha idea ou unha impresión de como funciona a sanidade, vaíamos aos que utilizaron a sanidade pública.

No ano 2003, a atención primaria considerábase boa o 79,4, e no ano 2017, o 88,1. En consultas externas, no ano 2003 o 74,8, e hoxe o 78,8. E en urxencias, o 77,4 no ano 2003, e agora, no ano 2017, o 84,7.

Isto é o que hai, e o que hai é que non é razoable dicir que recortamos os empregos públicos da Xunta, cando no ano 2008 tiñamos 86.858 traballadores e hoxe hai 86.995; é dicir, 137 traballadores máis hoxe que cando chegamos á Xunta de Galicia no ano 2009. ¿Por que se empeñan en dicir cousas que non son verdade, se podemos discutir daquelas que si son verdade?

É perder o tempo. É perder o tempo dicir que en Galicia temos unha temporalidade superior ao resto das comunidades autónomas porque a temos inferior. E é perder o tempo dicir que nós fixemos moitos contratos temporais porque saben vostedes que non podíamos facer ofertas públicas de emprego porque o prohibía a Lei de presupostos. E en canto nos autorizaron a facer as ofertas públicas de emprego, pactamos con todos os sindicatos e temos máis de quince mil postos de traballo de sanidade e de educación nas ofertas públicas de emprego pactadas coas organizacións sindicais. Esa é a realidade, señor Leiceaga e señora Pontón. Iso é o importante. O demais, como é natural, é simplemente andar perdendo o tempo e traendo aquí as cousas que vostedes comentan nos seus mitins, pero isto non é un mitin.

Señor Leiceaga, vostede é un parlamentario serio, ¿como pode facer a demagogia que fixo co tema demográfico? Da demografía, si, si, da demografía. ¿Como pode dicir que o problema da demografía é un problema económico? Toda Europa e outros países do mundo máis desenvolvido teñen un problema demográfico. A poboación é cada vez máis envellecida e hai menores taxas de natalidade.

Mire, voulle dar o dato de Alemaña. En Alemaña, no ano 1992, a idade media dun alemán era de 37 anos, e no ano 2014, 45,9. En Xapón, a idade media dun xaponés era de 47,2 anos. En Galicia, en 1992 tiñamos unha idade media de 39 anos, e agora de 47,1; é dicir, tivemos unha evolución demográfica mellor que Alemaña. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, si. Evidentemente, señorías, o problema é que hai que estudar, este é o problema, e non tocar de oído. E estudar significa ter un respecto pola verdade. Respecto á natalidade, non se pode frivolar dicindo que a baixa natalidade é consecuencia dun escaso desenvolvemento económico porque, entón, ¿os alemáns son pobres?, ¿e os xaponeses tamén son pobres?

Señor Leiceaga, ¿onde hai máis natalidade? Nos países con menor renda per cápita: en Somalia, en Mali, no Chad, en Angola, en Burundi e en Afganistán. Pero, señor Leiceaga, ¿non comprende que este é un problema o suficientemente complexo como para non vir aquí simplemente cunha broma e unir a demografía a outro plantexamento? (*Murmurios.*)

Señor Leiceaga, efectivamente, eu votei a Felipe González, é certo, no ano 1982. Pero ¿vostede a que partido votaba nos oitenta?, ¿e nos noventa?, ¿e no 2000? Eu creo que, se vostede segue así, vai acabar votándome a min. (*Aplausos.*) Dígollo desde a cordialidade e o respecto que lle teño.

Permítame contarlle non unha anécdota, senón unha realidade que ocorreu o próximo día 12 hai exactamente un ano. Xa sei que vostede está de acordo, outros grupos da Cámara non están de acordo con que o presidente da Xunta vaia á festa nacional do 12 de outubro. Eu si que vou, vou sempre. Está de acordo vostede. Ben, pois tocoume ao lado de Felipe González, e falamos, por suposto. E despois no Palacio Real tiven unha conversa con Alfonso Guerra, e tamén falamos, e díxome o que había que facer. Naquel momento estaba en discusión se se interviña ou non se interviña Cataluña. E o señor Guerra —acórdome perfectamente— díxome: hai que facer catro cousas. A primeira, cesar o presidente da Generalitat. A segunda, cesar o goberno completo da Generalitat. A terceira, disolver o Parlament de Cataluña. E a cuarta, intervir TV3. Quedoume metido na cabeza. E eu díxenlle: non me digas nada, porque eu votei o Partido Socialista en 1982. A resposta de Alfonso Guerra foi: pois non se te nota nada. A miña resposta foi: é que eu votei a aquel Partido Socialista, non ao actual Partido Socialista, que non faría ningunha das catro cousas que vostede me acaba de enumerar.

Esa é a diferenza, señor Leiceaga, entre un Partido Socialista que cando gobernaba era porque gañaba, e un Partido Socialista, agora, que goberna despois de perder consecutivamente dúas eleccións. (*Aplausos.*)

Eu agradezo que recoñeza vostede que crearon a Comisión de investigación da sanidade, o voceiro do Grupo Popular xa explicou por que. Tamén nós impulsamos unha comisión de investigación sobre o Marisquiño no Concello de Vigo. Dáme a sensación de que a creación dunha comisión da sanidade é o recoñecemento e a crítica máis feroz á mordaza democrática que hai no Pleno do Concello de Vigo. (*Aplausos.*)

A ninguén que viva en Vigo se lle ocorrería que houbera unha comisión de investigación no Concello de Vigo por proposta da oposición. Sería imposible, señor Leiceaga, ¿verdade que

sería imposible? Eu xa sei que impulsaron a Comisión da Sanidade para tapar os problemas do Marisquiño, e o que están a acadar é que quede máis en evidencia o que alí sucedeu.

Señor Leiceaga, eu podería facer como o señor Sánchez, non comparecer. O señor Sánchez ten unha solicitude de comparecencia para explicar a súa tese doutoral no Senado. Xa dixó que non comparece. E a min dime que o mínimo que podo facer é comparecer. Bueno, eu estou de acordo. Eu pedín comparecer, por suposto, señor Leiceaga, pero non me diga que o mínimo que podo facer é comparecer porque vostedes non comparecen. Desde hai tempo case nos olvidamos de como falaba o presidente do Goberno. O que si lle digo é que o señor Pedro Sánchez de hai catro meses tería presentado varias mocións de censura ao señor Pedro Sánchez presidente do Goberno, sen dúbida. *(Aplausos.)*

Vou rematando, señor presidente. Remato moi brevemente porque creo que todas as explicacións que a señora Pontón e o señor Leiceaga plantexaron son explicacións que creo que merecen a pena porque aos galegos lles interesan. Hai outro tipo de intervención que creo que simplemente é unha falta á dignidade da Cámara, por iso vou intentar non caer nesa indignidade.

O primeiro parágrafo da intervención do señor Villares é unha mentira: Unha hora sen atención o difunto Xosé Manuel Rey Brea. Falso, de toda falsidade. Dá igual, dálle igual a mentira, se non a distingue xa. Salvo que mintan todos os médicos, os médicos chegaron aos 10 minutos de que presentase o cadro clínico o difunto señor Rey Brea. Pero se lle dá igual... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor. ¡Silencio!

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Dálle igual, porque ¡que máis dá! Que máis dá, cando un se comporta como un adolescente frívolo e inconsistente e pretende falar en nome de galegos e galegas que merecen un respecto. Eu por eses galegos e galegas que merecen un respecto vou omitir todo tipo de consideracións frívolas e inconsistentes do portavoz máis frívolo e inconsistente que hai neste Parlamento. *(Aplausos.)*

Resulta que agora descubriu este portavoz a sanidade pública. ¡Que pena que non tivera un par de conceptos sobre a sanidade pública! Agora resulta que a limpeza, a conservación, o mantemento, os teléfonos, a cociña, teñen que ser públicos porque se non privatizámola.

Fala de precarización, de privatización. Fala do que lle peta, dá igual. Di: que mal imos no paro, que no mes de setembro fomos a comunidade autónoma na que subiu máis o paro que a media de España. E non engade que entre setembro do ano 2017 e setembro do ano 2018 fomos a comunidade autónoma na que máis baixou o paro de España. Non o di, trae un mes aquí. Pero, ¿quen lle fai os papeis? Pero ¿a vostede danlle os papeis dun mes cando do que hai que falar aquí é dun ano? Pero ¿non se dá conta de que isto non está ao nivel que se necesita?

Agora resulta que lles bota unha bronca aos autónomos. Pero ¿como se lle ocorre a alguén ser autónomo, se o que hai que ser é traballador por conta allea? Pero ¿como se lle ocorre? ¡Se os autónomos cobran pouco! Non, non, traballadores todos por conta allea, e que os con-

traten as administracións públicas. ¡Se ese modelo xa o temos ensaiado, coñecemos perfectamente, hai miles de galegos nese modelo! O turismo de bocadillo. En Galicia cen mil persoas viven do turismo e viven de vender bocadillos. Cinco millóns de persoas chegan a Galicia, ¿cinco millóns de persoas a comer bocadillos? (Risos.) Pero ¿que broma é esta?, ¿que falta de respecto a cen mil persoas que traballan nos hoteis, nos restaurantes, nas cafeterías...? ¡O turismo de bocadillo!

¿Cando nos imos reunir cos sindicatos? Pero ¡se acabo de plantexar unha proposta de diálogo social con todos os sindicatos! ¡Se acabamos de asinar as ofertas públicas de emprego con practicamente todos os sindicatos!

Non fixemos nada nos carburantes, e estivo aquí o presidente da Comisión nacional falando dos carburantes. Pero resulta que o problema do IBI é da Xunta de Galicia, e o IBI é un imposto municipal.

Resulta que hai que acabar o saneamento da ría do Burgo e da ría de Ferrol. O saneamento da ría do Burgo está rematado por parte da Xunta, e ao saneamento da ría de Ferrol fáltalle o saneamento da Malata, 7 millóns de euros, pois para conseguir o terreo estivemos un ano esperando polo alcalde de Ferrol, que por fin nos deu o terreo, estamos executando e quedará completamente saneada. Pero ¿de que país está falando? Eu comprendo que iso ao mellor non estaba nos sumarios, pero está na realidade.

¿Vostedes están a favor do AVE agora? Non é o que din os seus compañeiros de Podemos en Madrid. ¿Agora lles preocupa o AVE Lugo-Ourense? Benvidos. O AVE Lugo-Ourense xa é hora de que lle preocupara a alguén. Fala vostede de Lugo, que iamos cambiar. Eu crin que ían vostedes falar das licenzas que se daban o 31 de decembro ás doce da mañá porque o 1 de xaneiro cambiaba o Plan xeral de ordenación urbana de Lugo e non se podía dar licenzas. Crin que falaban desas. O barrio da Residencia si, sen dúbida, todo. O barrio da Residencia si.

¿Como se pode dicir que hai militantes do PP —citando a Fiscalía e os xulgados— que son os pirómanos dos lumes forestais? ¿Como se pode dicir isto desde unha tribuna sen que ocorra nada? E volve ao escano tranquilamente citando a Fiscalía e os xulgados.

Mire, señor Villares, a opinión que ten vostede da lingua galega e a opinión que ten Toni Cantó para min teñen a mesma consideración, exactamente a mesma. ¿Vai ensinar agora a defender a lingua galega o señor Villares? Pero ¡como se pode ser tan sectario!

«Os nosos antepasados asasinaron a Bóveda». Pero ¿vostede cre que isto se pode dicir nunha cámara sería? (Pronúncianse palabras que non se perciben.) Si. (Fortes murmurios.)

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio!, ¡silencio! (Pronúncianse palabras que non se perciben.) ¡Silencio! ¡Xa está! ¡Silencio! (Pronúncianse palabras que non se perciben.) Se non, chámoo á orde. ¡Silencio!

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Está claro que ten vostede algúns compañeiros en En Marea que están de acordo con vostede. É bo sabelo. Crin que era

simplemente un deputado o que tiña este plantexamento. Vexo que ten vostede máis. Está moi ben que os galegos o saibamos.

«Os nenos prefiren non nacer en Galicia para non nacer durante o goberno actual». Señor Villares, eu creo que o que fixo vostede hoxe está clarísimo. Mire, non merece a pena falar moito máis, señor Villares. Está vostede como para falar de procesos internos do partido. Supoño que falando estivo moi cómodo, porque miraba ao resto dos compañeiros do partido á cara. Iso está moi ben.

Todo o que vostede dixo, cos termos que empregou, defíneo. Non merece unha resposta, por respecto a este Parlamento, a este Goberno e a Galicia enteira. O que merece é que lle impriman este diario de sesións, que llo encadernen e que llo entreguen como regalo de despedida, señor Villares, como recordo do seu indigno paso pola política no Parlamento de Galicia. *(Aplausos.)*

Señor Villares, como siga vostede así, non se vai poder dedicar á política. Pero dáme a sensación de que tampouco se vai poder dedicar á xudicatura. ¡Quen o verá a vostede traballando nunha empresa privada, señor Villares! *(Risos.) (Murmurios.)* Espero que non sexa vostede autónomo. Xa sabe, autónomos non debe haber, debe depender todo do sóviet correspondente.

Si, señor Villares, anotei con estupefacción que vostede di que teñen que ser públicos os avións, os helicópteros, os pilotos..., todo o que se refire ao lume ten que ser público. Pero iso recordoume a Unión Soviética, señor Villares. *(Murmurios.)* ¡Pero que disparate antolóxico vostede nesta tarde! Era difícil melloralo. Eu, dende logo, xa non vou seguir, porque, como comprenderán vostedes, é unha perda de tempo importante.

Señor Leiceaga, señora Pontón, o señor Villares propúxolles un pacto. Quedou clara na Cámara —menos mal que agora, polo menos, se fala disto con claridade— a chamada á coalición gobernamental, que é a que teñen en Madrid, e unha chamada a unha oposición tripartita, que é a que propoñen en Santiago. Non sei se vostedes van aceptar ou non o pacto. Probablemente poderemos falar diso no turno de réplica. Supoño que el será o líder do pacto. Non, señor Leiceaga, entendín que non. Non sei se me dicía a min que non ou movía a cabeza. Teñan vostedes coidado con ese pacto, señor Leiceaga, señora Pontón, porque o importante é ter un líder para un pacto. E cando a un non o queren na casa, non o van querer nunca en casa allea.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor presidente.

Rolda de réplica dos grupos parlamentarios.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Señor Feijóo, eu lamento que lle parecera tan mal que lle caera a careta neste debate e que apareza como o que é, o presidente da posverdade. *(Aplausos.)*

Vén vostede moi enfadado, xa vexo que non lle gustou ese apelativo. Pero, claro, fai unha intervención que o que fai é reafirmarnos en que vostede é o presidente da posverdade. Porque vén aquí a manipular. Mire, eu nunca dixen que Galiza fora un desastre, dixen que o seu goberno é un desastre. É a xestión do Partido Popular a que afunde este país.

E perdeu unha hora e bastantes minutos —a verdade é que non fixen o cálculo de canto tempo interveu— para facer realmente un contraste co que está pasando neste país. Vostede, claro, cre que os cidadáns son números. E non, non, estamos falando de persoas de carne e óso.

Eu invitábao na miña intervención a que baixara do coche oficial e que escoitara un pouco a xente, a que lle pregunte se realmente as persoas deste país viven mellor ou peor, se teñen mellores salarios, se están notando esa recuperación da que votedes falan, se a sanidade pública está mellor ou está peor.

Porque, claro, é moi curioso. Os profesionais sanitarios protestando polos recortes, os doentes protestando polos recortes, plataformas como SOS Sanidade Pública denunciando o seu desastre sanitario e as súas privatizacións... Todo o mundo se equivoca menos o señor Feijóo. E eu quero facerlle unha pregunta: ¿acode vostede á sanidade pública cando ten un problema de saúde? Realmente ¿coñece vostede como está funcionando a sanidade pública? ¿Cre que pode ter a desfachatez —despois tamén na réplica— de vir aquí e, despois dun feito tan grave, frivolar como fixo vostede? Porque é un auténtico escándalo que en pleno ano 2018 morra unha persoa nun centro de saúde nos corredores porque un médico que tiña que estar alí non está, señor Feijóo. Este é un feito moi grave como para que vostede aquí veña dicir que a comisión de sanidade é unha vinganza de non sei quen. Non, non, a comisión de investigación da sanidade é un instrumento para defender a sanidade, a saúde e o dereito das persoas deste país. *(Aplausos.)*

Eu entendo, señor Feijóo, que non queira mirarme, que teña que estar mirando eses papeis, porque é vergoñento o que están facendo coa sanidade pública de Galiza.

E non nos respondeu a un tema importante que preocupa en Vigo, como é o que está pasando en Povisa. Creo que é un tema relevante desde o punto de vista sanitario.

En Vigo teñen unha sanidade deteriorada e privatizada, e agora mesmo vemos como Povisa, esa empresa privada que é un exemplo de manual de portas xiratorias, quere facer negocio coa saúde das persoas. E os galegos e as galegas teñen dereito a saber quen está nesas portas xiratorias.

Escoiten. Din que Povisa ten perdas, con base nunha auditoría que fai Deloitte. Non sei se lembran que foi a empresa que fixo a auditoría da fusión das caixas e esa empresa que non viu o burato de Bankia cando saíu a bolsa. Nesa empresa traballaba a actual xerente de Povisa. Unha ex-conselleira, Rocío Mosquera, veu á sanidade pública despois de traballar como xerente de Povisa. Cando a cesan como conselleira noméana como xerente de Galaria. E ¿quen era a xerente de Galaria que deixou ese oco para que puidera estar aí Rocío Mosquera? Pois foi a que logo pasou a ser xerente de Povisa. Estamos vendo como funcionan as portas xiratorias.

E nós o que lle dicimos é que deixe de frivolar, que en Vigo teñen dereito a ter unha atención sanitaria de primeira e para iso necesitamos que se garanta o cen por cento da sanidade na atención pública. Está vostede disposto a facelo ¿si ou non? Creo que é a resposta que merecen os cidadáns de Vigo e os cidadáns deste país. (*Aplausos.*) Porque esperamos de vostede, señor Feijóo, algo máis que vir aquí a contarnos os seus chascarrillos de cando vai a Madrid. Ese é o respecto que vostede lles ten aos cidadáns deste país.

Falounos do ben que lle vai ao emprego. E, claro, co seu paternalismo de sempre dinos que ninguén sabe nada menos vostede, efectivamente, que é o único iluminado que é capaz de ter a verdade e a razón. Pero eu quero lerlle uns datos que son do informe de Abanca. Non creo que acuse a Abanca de ser do BNG. Creo que máis ben son da súa banda. Di: «O diferencial acumulado respecto da evolución do conxunto de España é cada vez maior. Desde 2013, a ocupación en España medrou case o dobre que en Galiza, un mal resultado relativo maquillado por unha taxa de paro galego que segue sendo 1,55 puntos porcentuais inferior á nacional, pero que catro anos antes, no inicio da recuperación, era inferior en algo máis de 4 puntos porcentuais». Di que Galiza ocupa os últimos postos en termos de recuperación do emprego e aínda hai que aumentar un 13,13 % máis para acadar o nivel de ocupación existente en 2007, e que temos unha dinámica diverxente respecto do Estado.

Señor Feijóo, creo que ningún presidente ao que lle preocupe o benestar do seu país e ao que lle preocupe a situación económica pode vir aquí a enorgullecerse de que haxa 270.000 galegos e galegas fóra. Porque realmente, señor Feijóo, que vostede veña aquí a dicir que non pasa nada, que emigraron 270.000 pero Galiza vai ben... Iso é o que nos está dicindo, cando temos unha parte moi importante desas persoas traballando, claro, na hostalaría en Londres, tamén en Madrid, tamén en Barcelona, porque aquí non hai oportunidades. Se toda esa xente non tivera que marchar, hoxe en Galicia teríamos unha situación demográfica puxante, señor Feijóo, en vez da crise que temos e que vostede non é capaz de atallar.

Claro, dinos que nós nos aclaremos coa débeda. Non, quen se ten que aclarar é vostede, señor Feijóo, e a súa posverdade. ¿Como pode vir aquí a dicirnos que aliviou a carga da débeda deste país cando a situou no seu máximo histórico, 15.000 millóns de euros, e cando vostede chegou non chegaba nin a 4.000? Xerou vostede máis débeda que todos os gobernos anteriores. E aos galegos e ás galegas ¡que máis nos dá o que lles pase aos demais! O que nos importa é o que lle pasa a este país. Claro, vostede ten esa teima, sempre está mirando para os que están peor. E así é imposible avanzar, señor Feijóo, é imposible avanzar mirando para atrás.

Volve sempre coas mesmas manipulacións. Eu fíxenlle unha pregunta que vostede non me contestou: segregar nenos e nenas na educación ¿que é?, ¿unha cuestión técnica ou ideolóxica? E explíquenos por que vostede os blindou. Porque é falso que a responsabilidade deses concertos fose do Bipartito. Non, non, teñen a súa sinatura eses dous concertos. E, se me permite, voulle explicar por que, voulle explicar por que. Pois si, porque cando perdeu Fraga as eleccións —porque, efectivamente, Fraga perdeu as eleccións neste país no ano 2005— (*Fortes murmurios.*), cando perdeu Fraga as eleccións porque non tiña maioría absoluta para gobernar, (*Murmurios.*) porque os galegos e galegas decidimos botalos para casa, un dos últimos agasallos que nos deixou foi, no tempo de desconto e cando xa perderan as eleccións,

blindar os concertos dos centros que segregan por sexo. E vostede estaba nese Consello da Xunta. E logo, cando a lexislación cambiou e xa se podían quitar eses concertos, veu vostede e ¿sabe o que fixo? Blindalos ata o ano 2023. ¿Isto que é?, ¿unha cuestión ideolóxica ou técnica? ¿Vostede está a favor de segregar a nenos e nenas por sexo? É a súa responsabilidade, non a nosa. *(Aplausos.)*

Non nos respondeu, señor Feijóo. En pensións, na parte na que pode actuar Galiza, ¿está a favor de subilas ou de seguir con ese 370 euros? Son 40 millóns de euros. Cada ano vostede deixa moitísimo máis sen executar pola incapacidade do seu goberno. Señor Feijóo, díganos se vostede está a favor ou en contra de que subamos as pensións non contributivas. Cen euros ao mes é a proposta do BNG.

E, de verdade, eu creo que, co seu pasado, debería ter un pouco de máis coidado con certas cousas que di. Nunca, señor Feijóo, o BNG nin eu nin ninguén lle botou en cara os mortos dos lumes, ¡nunca! Nomealos é recordar unha traxedia, porque a recordamos, efectivamente, claro que a recordamos. E non quero ter que lembrarlle, claro, as súas imaxes, cando Galiza ardía polos catro costados, cunha *manguerita*, *(Aplausos.)* nin esas declaracións, señor Feijóo: «*Con nosotros no moría gente en los incendios*». Nunca verá esas declaracións de ningunha representante do Bloque Nacionalista Galego. *(Aplausos.)*

Nós o que dicimos, señor Feijóo, é que deixe de estar ao servizo de Ence, ao servizo de Finsa, e que pensemos en como poñer en marcha o monte deste país. Porque é autenticamente doloroso ver como unha riqueza como a que hai no noso monte hoxe se está estragando por uns intereses que non son os intereses da maioría social, señor Feijóo. *(Aplausos.)* E aí é onde vostede podería actuar.

Sobre a lingua, de verdade, ¿quere que lle volva ler o que di o informe da RAG? ¿Pode dicirme que o que eu lle relatei non sae do informe da RAG, que o acusa dun retroceso de vinte anos na lingua? ¿De que estamos falando, señor Feijóo? Vostede quere ocultar o seu desastre ¿detrás de que? Detrás do que é unha política deliberada contra o noso idioma.

Tampouco dixó vostede nada dos temas transcendentais do futuro deste país. Nós facemos unha proposta: falemos sobre o autogoberno deste país. Vostede está a favor de que decidamos todo como galegos e galegas. ¡Fantástico! Non hai ningún problema. Entón, ¿que problema temos por mellorar o marco que temos na actualidade? ¿Por que leva vostede conxelando a capacidade de gobernarse deste país? ¿Sabe por que?

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: Porque vostede non cre en Galiza e porque é un presidente que actúa acomplegado e que non cre na capacidade e na potencialidade deste país, como pasa coa tarifa eléctrica. De verdade, este é un tema de escándalo. Os galegos e galegas somos grandes produtores de enerxía e non podemos beneficiarnos. O Goberno do Partido Popular —co señor Rajoy—, aínda que vostedes o neguen, firmou cos vascos o que se coñece como «*euskopeaxe*», unha tarifa que lles permitía ás súas empresas aforrar 50 millóns de euros. O Goberno do PSOE acaba de aumentalo e vailles permitir aforrar 120 millóns de euros. E

aquí hai empresas que se poden deslocalizar porque non temos unha enerxía barata a pesar de producir electricidade. En Aragón o seu partido está apoiando que Aragón se poida beneficiar da produción de enerxía eléctrica. ¿Por que veta propostas beneficiosas para Galiza? Unicamente por sectarismo e por caer simpáticos en Madrid, señor Feijóo. *(Aplausos.)* Non lle faga perder máis oportunidades a este país.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: Remato, señor presidente, cunha última reflexión que ten que ver coa cuestión da igualdade, á que vostede non fixo ningunha mención nesa longa réplica de tempo ilimitado. Eu creo que lles debe vostede unha desculpa a todas as mulleres deste país por intentar boicotear a folga do 8M. Pero, sobre todo, señor Feijóo, porque as políticas de igualdade para vostede son coma un xarrón que coloca nunha mesa, ese é o respecto que vostede lles ten ás galegas, á xente, ás mulleres deste país, que somos...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PONTÓN MONDELO: ...a metade da poboación. Un presidente que non respecta as mulleres non é un presidente digno de Galiza.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, o señor Leiceaga.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: Señor Feijóo, a verdade é que resulta complicado ás veces discutir, non só pola diferenza de tempo —que non temos—, senón tamén porque eu sinto que é como, digamos, Quijote, Sancho e os muíños de vento. Hai moitas cousas das que vostede falou que di que eu dixen pero que eu non dixen. Entón é moi complicado cando vostede saca da manga inimigos contra os que combater que non son os inimigos reais, as miñas palabras en realidade.

E logo chama tamén un pouco a atención a súa incapacidade para recoñecer minimamente os problemas que hai. Se eu mesmo o dixen: Galicia estase recuperando, Galicia está indo ben, hai moito empuxe, hai moitos ámbitos onde as cousas melloran, pero recoñeza vostede tamén comigo que hai outros onde sería necesario actuar con máis decisión. E vou, nos nove minutos que me quedan, citarlle tres ou catro cousas.

Mire, é moi chamativo que lle dedicara tanto tempo ao asunto das pensións, sobre todo porque non depende nada de vostede. Ponse a medalla de que as pensións en Galicia subiron entre o ano 2009 e o ano 2017. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, non, pero fíxese no que pasa con iso. A pensión media sobe porque a pensión media ten que ver, entre outras cousas, coa incorporación de moita xente ao sistema de pensións durante estes anos que entra cunha pensión de entrada bastante máis alta que a media, e, polo tanto, isto fai subir. Iso ten que ver coa cotización no pasado. Pero ¿que ten que ver todo iso con vostede,

coa súa acción de goberno, que é o que estamos xulgando aquí? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*) Non, ¡xa, xa!... (*Aplausos.*)

E, fíxese, vostede fíxome unha pregunta: ¿que opina a ministra en relación coa actualización das pensións co IPC? Pois a ministra está a favor da actualización das pensións co IPC. O que fixo a señora Calviño foi dicir que o futuro do sistema de pensións depende de moitos outros factores que hai que ter en conta. E, efectivamente, iso é así e sabémolo todos. ¿Sabe o que pasa? Que o que teño claro tamén é o que opinan vostedes en relación coa actualización das pensións co IPC. Porque no último pleno tivemos a oportunidade de votar todos isto, e houbo unha parte da Cámara que votou a favor disto e outra parte da Cámara que votou en contra. Entón, vostedes non están a favor da actualización das pensións co IPC, ese é o problema, ese é o problema de fondo que ten isto. (*Aplausos.*) Ese é o problema de fondo.

Claro, fala da demografía. De verdade que non acabo de entender o que me di. Porque, mire, levan vostedes vinte anos dicindo que a demografía é o principal problema do país. E podemos compartir isto, é un problema serio o entorno demográfico. Pero despois vénme dicir que isto non importa. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Polo menos interpreteino así, iso é o que me está dicindo vostede.

E, en terceiro lugar, estame dicindo tamén que isto non ten nada que ver coa situación da economía, o cal é absolutamente chocante. E compara non sei se con Somalia, con Afganistán ou con que outros países. Nos países desenvolvidos hai situacións diversas. Está a situación alemá, efectivamente, pero despois tamén está a situación francesa ou a situación sueca, que son bastante mellores que a alemá. E está a situación italiana, que é practicamente como a nosa. Entón temos situacións diversas. Nós queremos parecernos máis pois a Italia ou a Suecia. Ben, pero para iso, para parecernos máis a Italia ou a Suecia, temos que actuar sobre mecanismos do mercado laboral. Porque, como vostede di moitas veces, pois os fillos son algo que te ata para moito tempo. Polo tanto, se non tes estabilidade laboral, se non tes as garantías de que vai haber bo emprego, pois é moi difícil que entres en determinado tipo de gastos que te comprometen. Se non tes medidas de conciliación, se non tes unha boa atención aos primeiros anos da vida dos nenos, pois iso é o que plantexa as dificultades. E é aí onde temos que actuar. Iso é o que di o observatorio que creamos entre todos. E, polo tanto, dicir que isto non ten que ver coa economía, cos servizos públicos, coa conciliación, pois é non entender nada, señor Feijóo. E se ten que ver, se ten que ver, o que me ten que explicar é o que pasa para que as taxas de fecundidade sexan as máis baixas de Europa e para que, desde que vostede é o presidente, de vinte e tres mil e pico de nacementos pasáramos a dezaioito mil. Iso é o que ten que explicarme. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non, non, no último ano, no último ano, no 2017: dezaioito mil e pico. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non, non, está baixando desde aquela, señor Feijóo. Non me pode dicir...

Non teño moito tempo. Na atención aos dependentes, o IGE é unha fonte que debería ser fiable para vostede, porque está dentro do organigrama da Xunta. E o IGE o que di cando fai... Di vostede que fai un sondeo. Non, non, fai unha operación estatística aprobada e encargada por este Parlamento, unha operación estatística en relación coas necesidades da poboación que pode ser atendida pola dependencia. E o que di o IGE é que hai 117.000 persoas que din que precisarían atención, efectivamente. Vostede dime —que o repite sempre— que

aumentamos o número de dependentes atendidos. ¡Por favor!, cunha lei de atención á dependencia que empezaba no ano 2009 e que acababa no ano 2015, de implantación progresiva, se vostedes non son capaces de ir atendendo cada vez máis dependentes, é que algo gravísimo está pasando. (*Aplausos.*) ¡É que iso é descubrir o Mediterráneo, señor Feijóo, é descubrir o Mediterráneo!

Claro, e fálame da Compañía de Radio e Televisión de Galicia. Para outras cousas foi vostede buscar a comparación co ano 2003, porque non lle chegaba e entón era aí onde podía dicir algo en positivo, pero da Compañía de Radio e Televisión non me fala vostede do ano 2005, 2006... Pero, mire, ¿non fixemos no ano 2011 e non pactamos —eu tamén— unha nova lei para cambiar as cousas? Claro, e a partir de aí resulta que vostedes non aplican da lei aquilo que pode reducir o control político sobre a Televisión de Galicia. Iso é o que lle recrimino. E iso ¿que me di? ¿Está disposto a cumprir a lei ou non? É moi fácil. E non me veña dicir que se a Televisión Española e non sei que... ¡Si, si, perfecto! Pero, mire, na Televisión Española a nova xefa de informativos foi sometida a un referendo consultivo e tivo o apoio do 85 % da plantilla e o anterior tivera o do 7 %. ¡Claro, esa é a diferenza, señor Feijóo! ¡Esa é a diferenza! Someta o xefe de informativos a un referendo na Compañía de Radio e Televisión de Galicia a ver que pasa. (*Aplausos.*)

E, claro, fálame do paro sistematicamente, cuestión que eu non citei en ningún momento. Porque o paro —hai que estudar— depende da diferenza entre a poboación activa e a poboación ocupada. E a poboación activa está baixando en Galicia, entre outras cousas, porque a incorporación de xoves ao mercado laboral é moito menor que noutras comunidades autónomas. Sabe vostede que a poboación xove baixou case un 40 % desde que vostede é presidente ata agora, dependendo dos anos que midamos. Pode ser un pouco menos dependendo dos anos que midamos.

Pero falemos de ocupación. ¿Cantos ocupados hai en Galicia e cantos había no ano 2009, cando vostede colleu as rendas do Goberno? ¿Cal sería a ocupación hoxe se nos comportáramos como España? Habería 90.000 persoas máis, jese é o problema, ese é o problema! E todo o demais son florituras e son ganas de desviar a atención. E é aí onde está o grave problema, a grave fenda que temos. É un emprego, ademais, moito máis precario que o que había antes e con salarios que, desgraciadamente —sobre todo para xoves que se incorporan— moitas veces os levan a unha situación que non é moi razoable.

E fala vostede tamén do Goberno de España. Non teño tempo para contestarlle a todas as cousas que dixoo, pero si que non me resisto a comentar un par delas. Sobre o distinto comportamento que ten o Partido Popular e o Partido Socialista, fíxese, cando o Partido Popular estaba gobernando —o señor Rajoy—, o señor Sánchez desde a oposición púxose ao seu lado para aplicar o artigo 155, e a pesar de que podía ter ou non diferenzas pois fixo caso omiso desas diferenzas e dixoo: Detrás do Goberno, porque estamos diante dun problema de Estado.

E hoxe, nunha situación que felizmente non ten a gravidade, ao mellor, que a que había hai un ano —pero en todo caso é unha situación que exerce moita tensión sobre as costuras da nosa democracia—, resulta que o que fai o señor Casado é utilizar politicamente Cataluña

para debilitar o Goberno Sánchez coa intención de reforzar a súa posición política. Esa é a diferenza entre uns e outros, señor Feijóo, esa é a diferenza entre uns e outros. *(Aplausos.)*

E, para rematar —que me queda un minuto e terá que entrar vostede na Televisión de Galicia *(Risos.) (Murmurios.)*—, pois a cuestión da débeda. Fíxese: ¿cal é o problema da débeda? Eu o que lle recrimino é que vostede diga que é absolutamente austero e que nos aumente en 8.000 millóns ata agora a débeda que vostede colleu. Vostede dime: É que 8.000 millóns é menos que noutras comunidades autónomas. Si, si, efectivamente, estamos de acordo niso. Por iso, como a débeda é sostible e non é excesivamente grande, pois poderían vostedes utilizar a marxe que existe para ir un pouco máis alá, dentro dos límites que están aprobados para reforzar, por exemplo, a capacidade de investimento que poida ter a señora conselleira de infraestruturas ou o señor conselleiro responsable de I+D+i, que non estaría mal. Por certo, os datos de I+D+i simplemente non vou comentalos, porque non resisten a mínima crítica, non resisten a mínima crítica. Estamos nunha situación lamentable en termos de gasto sobre o produto interior bruto.

Pero, ¿cal é o problema da débeda? Fíxese, podía ser razoable que vostedes foran moi estritos ata o momento en que o señor Montoro dixo: Barra libre para as comunidades autónomas, que se endebeden que eu as respaldo con independencia de que estean cumprindo os límites ou non; e ademais fágoo a un tipo de xuro que é moi favorable para elas. Porque a partir dese momento vostedes estaban pagando máis pola débeda que outras comunidades autónomas moito máis manirrotas, grazas á xestión do señor Montoro. Por iso, a partir de certo momento o que están facendo é meter esa débeda con bancos, endebedar co FLA —o Fondo de facilidade financeira— e pagar menos polos xuros, con atraso, facéndolles pagar máis aos galegos e ás galegas por ese tipo de xuro non subvencionado. Iso é o que pasa. Entón, facer pasar unha caída nos gastos aos xuros como unha gran xestión cando o están facendo mal e non souberon interpretar o que ía facer o señor Montoro pois chama bastante a atención.

Por iso, non pasa nada, pero debemos discutir estas cousas sabendo o que hai e non intentando enganar a todos, porque iso non vai ser posible, señor Feijóo. Eu dígolle: sexa un pouco máis modesto...,

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: ...recoñeza que a realidade non é unha realidade en branco completamente, que hai grises, que hai incluso algunhas zonas negras, e eu creo que todos o agradeceríamos, porque seríamos capaces de poñernos de acordo máis facilmente no que hai que facer, que é impulsar a integración social, impulsar os servizos públicos e favorecer a modernización de Galicia, cunha política industrial máis potente, alí onde podemos actuar, que é nos nosos factores de competitividade.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Leiceaga.

Grupo Parlamentario de En Marea, señor Villares.

O señor VILLARES NAVEIRA: Señor Núñez, pídlle en nome da Marea que non proxecte sobre os demais as súas frustracións. Non é culpa nin da Marea nin de Podemos que Soraya o castigase sen billete para Madrid, así que non o pague con nós. (*Murmurios.*) (*Aplausos.*)

Mire, despois de desprezar as galegas e galegos cos seus recortes, coa súa precariedade, coa súa afonía ante Madrid, é unha honra sentir agora o seu desprezo, e sentirme así un galego máis, desprezado polo seu Goberno.

Mire, fala vostede dos autónomos. ¿Acaso vostede non considera precariedade gañar menos de 500 euros ao mes? Pois iso é o que gaña o 55 % das persoas autónomas en Galicia, menos de 500 euros ao mes. Son datos oficiais. Igual a vostede iso non lle parece precariedade, pero seguro que á meirande parte das persoas que están nesa situación, si.

Di vostede que non entende o que eu dixen da Fiscalía nos lumes. A Fiscalía dixo nesta propia Cámara que non había nin terroristas nin pirómanos que queimasen os montes, que eran outras causas.

O Consello Económico e Social de Galicia de Galicia mandou en 2017 unha memoria —a memoria que recibimos todas e todos nesta Cámara— que é de onde saen os datos ofrecidos pola Marea, onde, entre outras cousas, se reflicte que soamente hai recuperado un 84 % do emprego equivalente ao que había en 2008, onde se establece o diferencial que hai entre o crecemento de Galicia e o crecemento do conxunto do Estado, onde se di tamén que en 2017 —neste último ano do que vostede fala— o 92 % dos contratos asinados en Galicia son temporais. En fin, son todos datos oficiais. Alá vostede se os quere ter en conta ou non.

Mire, falan vostedes de baixar uns impostos. Xa nos explicará que é o que van recortar desta vez, porque, se van baixar débeda e baixar impostos, a ver que servizos van deixar sen atender ata agora.

Parece que queda claro de todo o debate que o número de profesionais na sanidade e na educación non é suficiente e que para a atención á dependencia e aos servizos sociais tampouco. Pois díganos a ver en onde vai recortar para poder baixar estes impostos.

Baixar a débeda, ¡gran mérito! Primeiro sóbea vostede sete veces a como a encontrou e agora véndenos como favor político que a vai baixar. ¡Pois moi ben! Podían ter vostedes aforrado —como demostrou En Marea— a metade se durante os anos anteriores se acollesen vostedes aos mecanismos de financiamento públicos, e non aos privados, pagando o dobre de xuros no mercado da banca privada que no mercado público.

Fala vostede tamén dos seus flamantes plans de rehabilitación. Mire, flamantes plans, executados dous millóns de quince, tamén segundo datos oficiais de execución, finalizado o 2017 —Conta xeral de Galicia—.

Da AP-9 non lle vou dicir nada, porque nos dá a risa a todos.

Mire, de Sogama, fala vostede de baixar o 10 % do canon —¡grazas!— despois de subilo o 34 % no ano 2014. Aínda lle haberá que agradecer iso.

Mire, das trinta medidas que vostede anunciou para os lumes, dixo que vinte e dúas estaban cumpridas. Pois mire, non nos saen as contas, ¡eh! Non está cumprido o Aprol rural, non está cumprido o mando único para os servizos de emerxencias, non están cumpridas ou operativas as facilidades para actuar en parcelas de titular descoñecido, non está en marcha a incorporación cautelar ao Banco de Terras das parcelas con titular descoñecido, non está tampouco a dos montes veciñais en mancomún en estado de abandono, non está a mobilización de terras abandonadas para polígonos agrarios, non está a obriga da xestión da biomasa das vivendas illadas en solo rústico aínda que estean a máis de 400 metros do monte, non está o impulso aos plans de ordenación dos dezanove distritos forestais, non están as melloras de pastoreo extensivo no sur de Galicia, non está a plataforma tecnolóxica para coñecer o grao de coñecemento e protección de cada monte, non está o programa de formación e emprego sobre tratamentos silvícolas e non están os mesmos impostos nas sofor nin os equipos forestais de investigación nin os equipos de vixilancia e incumprimento para supervisar que se levan a cabo.

Non hai nada feito. (*Murmurios.*) ¡Non hai nada feito! Catorce medidas polo menos. (*Aplausos.*) Suba arriba, suba arriba agora e díganos en cales destas estamos mentindo.

Falou vostede do bono social e do ticket eléctrico. Queremos recordarlle —e xa o denunciámos aquí— que no ano 2016 se deixaron sen gastar 1,6 millóns de euros, entre outras cousas porque vostedes exixían que esa mesma xente que non ten para chegar a fin de mes, que non ten para pagar a electricidade, fixera a solicitude pola internet. ¡Home!, iso foi ridículo. Pero máis ridículo aínda foi que vostedes utilizaron despois ese diñeiro sobranste para comprar bombillas para o Gaiás. ¡Fantástico!

Mire, en materia de apoio á natalidade, omitiu vostede falar desta volta da Tarxeta Benvida. E fixo ben, seguramente, porque as nais están denunciando que os pagos da Tarxeta Benvida teñen máis de seis meses de atraso, que lles impide acceder a medicamentos, vacinas e recursos necesarios, agás que trampeen coas empresas que teñen o convenio.

En materia de vivenda, vostede falou do seu formidable programa de desafiuzamentos para previlos. Só que o Consello Xeral do Poder Xudicial di que aumentaron o ano pasado o 4,2 %, mentres baixaron no conxunto do país, no conxunto do Estado. Non sei, será que ese programa non funciona.

O programa de vivendas baleiras, do que vostede tamén falou, tivo un grao de execución apabullante: 3,4 %. Executaron vostedes, do programa de vivendas baleiras, 10.499 euros. ¡Parabéns, señor presidente!

Do programa de rehabilitación —do que tamén estará moi orgulloso— executaron o 15 %; é dicir, quedaron 3 millóns sen executar.

Do plan de I+D+i, cando vostede chegou, non en educación, en xeral, a estratexia de investimentos en I+D chegaba ao 1 %. Agora está por debaixo do 0,89 %. O CIA de Mabegondo,

por poñerlle un exemplo, de 21 prazas de investigadores e investigadoras, só ten 10 cubertas; están baixo mínimos.

En materia de violencia machista, non escoitamos nin unha soa proposta nova, nin un só compromiso orzamentario e, por suposto, nin unha soa desautorización dos alcaldes *marchirulos* que ten vostede ciscados por todo o país, e aos que non desautoriza, evidentemente.

En materia de dependencia —son tamén datos oficiais—, máis de dez mil galegos e galegas solicitaron a valoración de dependencia e aínda están en espera de ser valorados. Hai 9.388 valorados pero que non perciben ningunha axuda. Galicia —e son datos tamén oficiais— ocupa o último posto no Estado en servizos e prazas para a atención a persoas maiores, sendo dos peor atendidos do Estado.

Tampouco dixo nada significativo en pesca. Houbo unha omisión dos dous problemas principais que ten o noso país: a defensa do noso produto fronte á competencia desleal de produto de fóra que se fai pasar por propio e tamén das nosas posibilidades de pesca, para o que cumpriría mellorar os TAC e as cotas, algo do que desde logo a vostede non se lle oíu falar de ningunha das maneiras.

Ben, esta é unha parte do panorama. Creo que hai unha parte na que merece a pena parar especialmente, que é aquela coa que vostede empezou a súa intervención, referida á sanidade, referida concretamente á acusación que vostede facía aos demais de mentir, cando quen realmente está mentindo aquí é o presidente da Xunta de Galicia e é o señor conselleiro, que aínda ten a desfachatez de volveuse para acusar os demais de mentir.

Ben, pois dean os datos de que pasou exactamente. (*Murmurios.*) ¡Claro! O PAC da Estrada estivo sen médico máis de dúas horas, e desde que o señor Rey Brea chegou, botou unha hora en espera, unha hora en espera durante a cal tivo unha indisposición que lle provocou un vómito, que despois aspirou, o que lle provocou unha parada cardiorrespiratoria, e soamente dez minutos despois desa parada foi cando o equipo médico —o único que había nese momento no PAC— entrou para poder atendelo. Polo tanto, este señor estivo unha hora e dez minutos no PAC esperando a ser atendido, e durante esa hora e dez minutos estivo con esa situación que foi a que lle provocou finalmente a morte.

Polo tanto, unha hora en espera, porque non había médico. E non había médico, señorías, porque a Xunta de Galicia, coa responsabilidade do seu presidente e do seu conselleiro de Sanidade, estaba incumprindo dúas normas da propia Consellería: o propio decreto que establece cales deben de ser as condicións de persoal sanitario, concretamente nos puntos de atención continuidade, e o propio plan interno. ¿Si ou non, señor conselleiro? ¿Si, verdade? Claro.

De onde deducimos que, se non houbo infracción legal, se non se estivesen infrinxindo as normas legais da propia Consellería, habería naquel momento un segundo equipo médico que estaría no PAC da Estrada e que, polo tanto, faría seguramente un desenlace diferente daquel sucedido. Se vostede cumprise a lei, habería un segundo equipo médico e talvez esta persoa non falecería.

A vergoña, o bochorno e a indignidade de deixar morrer unha persoa por aforrar trescentos euros, ese foi o aforro, trescentos euros, con incumprimento da lei, trescentos euros e incumprimento da lei. A infamia de deixar morrer oito persoas de hepatite C, cando os medicamentos estaban dispoñibles na farmacia e vostedes non os quixeron pagar, simplemente por aforrar. Esa indignidade perseguirao a vostede o resto da súa vida.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Villares.

Grupo Parlamentario Popular, señor Puy.

O señor PUY FRAGA: Ben, señora Pontón, a posverdade. Fun eu —paréceme— o primeiro deputado que falou da posverdade, antes de que a fixeran palabra do ano, neste pleno, e agora xa está no Dicionario da Real Academia, que a define como «distorsión deliberada da realidade para manipular as emocións co fin de influír na opinión pública e nas actitudes sociais». E distínguese porque hai algo parecido, e creo que vostede máis ben o que entra é na mentira, é dicir, dicir o contrario expresamente do que se sabe.

Eu vou tendo tamén unha idade —para a miña desgraza, non levo tantos anos na Cámara coma vostede—, pero si que teño —digamos— certa capacidade para entender que hai argumentos que lanzan unha insinuación e que o que pretenden é dar unha imaxe que non é certa, e que iso é unha mentira —e vostede sábeo—.

No tema de Povisa, insinuar que hai algún tipo de porta xiratoria, cando precisamente o problema de Povisa é que di que a Xunta non lle paga o suficiente, pois é como o mundo do revés. E se quere ver quen está defendendo Povisa sen mirar os papeis, pois non mire para o Goberno da Xunta, ten que mirar para outro goberno, porque, sen ver un papel, xa saíu algunha persoa dicindo que era iso. Mire, o serio é o que está facendo a Consellería, que é analizar o problema financeiro con Povisa, analizar o concerto e manter —que é o fundamental— o servizo e a prestación hospitalaria na área metropolitana, na área sanitaria de Vigo.

Sobre o tema de sanidade, pódense dar datos. Eu teño datos oficiais que demostran en Galicia o número de médicos, de quirófanos, etc. —oficiais, do Ministerio de Asuntos Sociais—, que din que a sanidade está mellor, e teremos tempo na Comisión de investigación de facelo, salvo que o señor Villares queira firmar hoxe xa o seu voto particular ás conclusións. Porque hoxe o señor Villares parece que ten acceso a un expediente médico dunha persoa falecida, que é algo absolutamente confidencial, pero el xa sabe por que morreu unha persoa e xa sabe exactamente que normas incumpriron. E porque estamos nunha comisión de investigación, porque, se non, vostede xa sentenciaba a alguén.

Mire, señor Villares, coa sanidade hai que ter coidado, porque é un tema moi sensible. Afortunadamente, temos unha das mellores sanidades. De acordo co que din os críticos da xestión da Xunta, estamos por riba da media, de acordo co barómetro de defensa da sanidade pública, co informe que fan, dentro dunha das mellores sanidades do mundo, cun esforzo

enorme dos profesionais da sanidade, que, evidentemente, sempre van loitar para que ningún lles morra entre as mans e sempre van pelexar por prestar ben a saúde. (*Aplausos.*)

Falouse tamén aquí da Televisión. Hai pouco dicía alguén que todo político leva dentro un director de informativos dunha Televisión pública. A señora Pontón, ademais dun director de informativos, o que leva é unha xestora, porque xa vai por riba e xa nos quere exactamente organizar a Televisión pública.

Falaron varios dos portavoces da Televisión pública. Eu quero recordar o que é importante. O que é importante é que a Televisión está nun momento clave para o seu futuro, coa culminación dun proceso de dixitalización; que é a líder entre as autonómicas, só adiantada por TV3; que é a referencia informativa para os galegos, que deben de vela cando toman o *Cola-Cao coa droga* pola noite, porque lles gusta e a seguen a ver. Unha media de 574.000 galegos contactan cos espazos informativos da TVG e da TVG2. Ten as súas contas en equilibrio, unha situación económica saneada —que era o que se lle pedía coa lei que aprobamos—. O último exercicio pechouse, por noveno ano consecutivo, con superávit. Non ten endebedamento bancario. O custo por habitante baixou desde o ano 2009 un 22 % —o custo por habitante da Corporación—. Para o exercicio 2019 vai seguir traballando co sector audiovisual, 35 millóns de euros.

Manipulación. Miren vostedes, a actual dirección da Televisión de Galicia non ten nin unha soa condena por manipulación informativa. Incluso aquí isto é outra vez mentira, non é posibilidade. Din que se deron instrucións —que non se deron— para que se falara da Gürtel corenta segundos, cando se falou, con cronómetro, cinco minutos e dez segundos.

O que si é verdade é que esta Televisión non é outra que coñeciamos, onde por exemplo o director da Compañía —o señor Benigno Sánchez— tivo que mandar unha carta ao vicepresidente da Xunta —o señor Anxo Quintana— porque, polo visto, o seu secretario xeral estaba exercendo presións. Ou, por exemplo, que o portavoz do Bloque nesta Cámara dixera que os telexornais do Bipartito só servían para que as familias dalgúns conselleiros saiban se van comer ese día á casa. E o propio portavoz do Bloque —despois de AGE, naquela etapa estaba no Bloque—, o señor Beiras, dicía literalmente, ou así saíu na prensa, que na Radio galega os que mandaban —recorden que tiñan repartido: xestión socialista, a Televisión, e na Radio estaba o Bloque— eran os comisarios políticos da UPG. (*Murmurios.*)

Efectivamente, este non é o modelo. É certo que imos lentos no desenvolvemento da lei, pero tamén é certo que algunhas cousas non dependen de nós. Por exemplo, eu supoño que ninguén estará de acordo con aprobar o contrato programa cando pode supoñer un custo fiscal importante para a Comunidade Autónoma.

Hai unha cuestión que creo que se pode dicir. Señor presidente, vostede a verdade é que é capaz de facer dúas cousas á vez, porque, segundo algún portavoz, chegou ao debate cansado e saíu sendo un *terminator*. Eu —a verdade— teño visto todas as películas. Hai *terminators* bos, *terminators* malos. A palabra *terminator*, polo tanto, non pode ser un mal cualificativo, pero o que non teño visto en ningunha das series das películas de ciencia ficción é un *termi-*

nator cansado, senón sempre unha persoa ou unha máquina — neste caso é unha persoa— moi activa e con proxectos.

E precisamente isto é o que eu quería dicir. (*Murmurios.*) Aquí hai proxectos, e proxectos que funcionan. O señor Villares propuxo un pacto social. Ben, recordamos como chegaron as Mareas ao goberno, dicindo que ían loitar pola xente do común, pola emerxencia social, poñendo os de abaixo por diante de todo o mundo, dos de arriba.

Simplemente, vou dar datos, porque é bo que a xente o saiba. A Marea na Coruña ía orzar tres millóns anuais para o seu proxecto estrela, que era a renda social, porque supoñían que milleiros de coruñeses o ían solicitar; orzaron finalmente millón e medio e finalmente gastaron catrocentos mil euros. Hoxe o Concello da Coruña está xestionando duascenas axudas de tipo social, a renda social, aproximadamente o mesmo número en Santiago; ben, pois só na Coruña a Xunta concede mil duascenas rendas sociais autonómicas. Pois esta é a proporción, estes son os datos do pacto social, que xa ve quen o practica en realidade; duascenas contra mil duascenas nun concello onde gobernan vostedes.

Non nos imos meter coas queixas na tardanza da resolución dalgúns concertos de cafetería nos centros educativos galegos que denunciaron os da Marea, cando na Coruña, Santiago e Ferrol están atrasando entre tres e nove meses de media as concesións das bolsas para comedor de xestión municipal.

E, evidentemente, non vou recordar en que se gastaron os cartos, un 40 % do programa de adquisición de vivendas, para, en vez de comprárllelas aos de abaixo, axudar os de abaixo, axudar os do lado, que son cousas completamente distintas. (*Aplausos.*)

Púxonos en positivo coa esquerda en xeral, coa esquerda radical —por respectar o que eles din—. Temos un problema: que nunca sabemos cal é o seu modelo. Primeiro era Tsipras; cando Tsipras dobrou o espiñazo ante a Unión Europea —por dicilo tamén na súa linguaxe—, pasou a ser Maduro. Ben, en fin, o exemplo de Maduro xa non o escoitamos nesta Cámara desde hai moito tempo, porque realmente ten pouco de exemplar —el é un exemplar, pero ten pouco de exemplar—. E agora veñen con Portugal. Exactamente, ¿que é o que envexamos de Portugal? ¿O déficit público que ten Portugal? ¿As peaxes que pagan polo uso de estradas abertas, como están en España? Porque eu sigo indo por Portugal e sigo pagando as peaxes que antes non se pagaban e que en España seguen sen pagarse. ¿Ou estamos envexando esa fin da austeridade, que un portugués cando vai a unha consulta ao médico teña que pagar, mentres que en España ou en Galicia seguimos sen pagar? Eu non sei exactamente que envexan, espero que non sexa —porque eu si envexo a taxa de desemprego— que envexan o desemprego pola taxa de salarios que teñen en Portugal (*Murmurios.*), moitos puntos por debaixo dos salarios en Galicia. Polo tanto, está ben traer un modelo como o portugués, moito mellor que o venezolano, pero certamente creo que non é unha cuestión para envexar en exceso.

Díxose que non había proxecto. Eu teño unha relación de proxectos e unha relación dos acordos aos que chegamos ao longo do que levamos de lexislatura. Levamos moitos acordos, algún importante, señora Pontón. En violencia machista, que tamén tivo unha unanimidade, en re-

lación coa sentenza da Manada; tivemos un acordo co Partido Socialista en financiamento autonómico; outro acordo de toda a Cámara para o estudo da filosofía; un acordo en relación co persoal da Xustiza, que finalmente se cumpriu e deu remate á folga; en materia de infraestruturas temos acordos con case todas as reclamacións relevantes para Galicia, incluída a AP-9; unha estratexia de acción exterior; un Observatorio de Dinamización Demográfica, que funciona con presenza da oposición, porque a oposición o demandou e non houbo ningún inconveniente en integrar —están traballando aí; nós esperamos que, xa que hai tan poucas ideas para a dinamización demográfica, tanto aí, onde está a oposición, como cando o Goberno traia a lei, pois nola mellorarán; nós desde logo estamos polo acordo—; chegamos a acordo sobre o pazo de Meirás, sobre política forestal... Ben, en fin, chegamos a moitos acordos.

E hoxe o que tivemos foi un presidente que veu cunha nova chea de posibles acordos para mellorar o país, para regular as iniciativas empresariais prioritarias sen que teñan trámites burocráticos. Iso si que se envexa de Portugal; os empresarios envexan moitas facilidades que teñen os empresarios por instalarse en Portugal; teñen moitas máis facilidades e moitas menos trabas burocráticas; de feito, hai algún que xa di: menos mal que nos queda Portugal, cando escoitaron a suba da presión sobre as sociedades en España que anuncia o Goberno socialista.

Trouxo a creación dun programa de segunda oportunidade para integrar no mercado laboral a mocidade que non estuda nin traballa...

O señor PRESIDENTE: Vaia rematando, por favor.

O señor PUY FRAGA: un enfoque da política de residuos orientada aos incentivos para a redución e xeración destes residuos, unha acción de política fiscal distinta ás que estamos vendo noutras administracións, medidas concretas para mellorar a produtividade das explotacións agrarias, un enfoque de vivenda baseado na rehabilitación, unha planificación do Xacobeo na que convida a oposición a participar e un Plan estratéxico da economía galega 2021-2027.

Tamén trouxo reformas no eido social, xa mencionei a sanidade, as reformas educativas, reformas de política social no ámbito da dependencia e no Bono Autonomía, Lei de prevención de consumo de alcohol entre os xoves, os menores, reformas no eido laboral, avanzando o diálogo social, e un impulso á demografía cunha nova lei.

Ofrece, efectivamente, acordo. Nós, presidente, desde o grupo intentaremos chegar a acordos e mellorar as normas para seguir no sempre apaixonante labor de mellorar o país.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Puy.

Contrarréplica do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, señor presidente.

Señorías.

Señora Pontón, acadou vostede a medalla de ouro á posverdade: quedou claro na Cámara que o BNG gañou as eleccións ao presidente Fraga. Non cabe ningunha dúbida, señoría, de que creo que dicir que vostede representa a posverdade nacionalista é un termo demasiado sofisticado.

Eu non sei se tan sequera debemos chamarlle a posverdade ao que son simplemente trolas. Dicir unha trola do tamaño de que o presidente Fraga perdera as eleccións, e en consecuencia o BNG e o Partido Socialista as gañara, iso si que é posverdade, señora Pontón. *(Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Sen dúbida. Non, non, quen gaña as eleccións non o modifican as cámaras, son os cidadáns; as cámaras, despois das eleccións, elixen o presidente, pero non poden mudar a decisión libre e democrática dos galegos cando votan. *(Aplausos.)* Nunca xamais o BNG gañou unhas eleccións autonómicas en Galicia.

Mire, señora Pontón, eu non vou dar nomes sobre o tema de Povisa. Fai falta ter moita valentía para vir aquí falar dunha persoa que non está e omitir os datos reais. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Risos.) (Murmurios.)* Pero ¿como non vai estar se está vostede?, ¡por favor!

O señor PRESIDENTE: Silencio, silencio.

(O señor Losada Álvarez pronuncia palabras que non se perciben.)

Señor Losada, non entre no debate, porque, ademais, non ía diso o asunto; aquí equivocouse, unha metedura de pata. Ímolo deixar aí.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ¿Que fariamos sen Abel Losada na Cámara? *(Murmurios.)*

Imos aos temas importantes.

Señora Pontón, ¿sabe vostede quen era o director asistencial de Povisa cando chegaron ao Goberno? ¿Sabe vostede o primeiro cargo que tivo no Bipartito? ¿Sabe vostede o segundo cargo que tivo no Bipartito despois de vir de director asistencial de Povisa? Director xeral de Asistencia Sanitaria. *(Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Señora Pontón, ¿de verdade que vostede non vai retirar o que acaba de dicir sobre convivencias con Povisa despois de que vostede formase parte daquel grupo parlamentario que apoiaba o Goberno todos os días pola mañá, aínda que discutían con el pola tarde?

A señora Rocío Mosquera foi xerente do Sanatorio da Esperanza. É certo que é do mesmo grupo. Desde o seu cesamento foi inspectora médica, pero xa o era por oposición. Por certo, outro secretario xeral do Sergas, ¿sabe vostede onde está? Noutro hospital privado na Coruña. *(Murmurios.)* Do Sergas do Bipartito, claro. ¿Parécelle ben que eu faga xuízos de valor sobre eses profesionais? ¿Por que vostede fai un xuízo de valor sobre unha persoa que non está e

que merece toda a honorabilidade da Cámara? (*Aplausos.*) Señora Pontón, alto cargo do Bipartito proveniente de Povisa de forma directa, tanto como presidente de Galaria —primeiro cargo do Bipartito— como director xeral de Asistencia Sanitaria.

Señora Pontón, esa é a realidade, esa é a posverdade. ¿De que se nos acusa: de dar diñeiro a Povisa ou de non darllo? A persoa que non se pode nomear na Cámara está a favor de darlle máis diñeiro a Povisa. (*Murmurios.*) (*Risos.*) Que non digan que Abel Losada non ten sentido do humor, ¡eh! Miren como se está rindo dende o escano. (*Aplausos.*) (*Risos.*)

Señoría, dediquei na miña vida dez anos ao sistema sanitario público, e dime se coñezo a sanidade. É unha honra ter traballado no sistema sanitario público, tanto como secretario xeral do Servizo Galego de Saúde como presidente do Instituto Nacional de Saúde, e como presidente da Xunta neste momento.

Dei o dato: cando vostedes apertaban o botón do Bipartito dicían si a un incremento do 44 % dos concertos sanitarios privados, e dende que nós chegamos ao goberno baixamos os concertos nun 6 %.

Non foi Deloitte, señora Pontón, foi KPMG, (*A señora Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.*) Ben, dá igual, evidentemente.

O tema é que segregas por sexos as escolas é un tema que se nos ocorreu a nós. Durante catro anos o Bipartito prorrogando todos os anos o concerto. Todos os anos: o ano 2006, 2007, 2008. E a pregunta é: ¿é legal ou non? É legal. ¿E vostede cre que os pais e as nais que levan os nenos e as nenas a eses colexios son menores de idade? ¿Por que non lles deixa elixir? Esa é a nosa proposta. Se existiron sempre, ¿por que me pide a min que deixe sen efecto o que vostedes non deixaron sen efecto? ¿Por que os pais e as nais en Galicia non poden elixir libremente levar os seus fillos onde consideren oportuno?

Señoría, temos as pensións non contributivas —no que se refire á contía e no que se refire á paga de decembro— máis altas de España. Tan só Andalucía, Extremadura e Galicia temos ese plus. ¿Por que vostedes non o fixeron, e tiñan 2.000 millóns de euros máis? (*Murmurios.*) Si, si, claro, claro. Si, 2.000 millóns de euros máis. Outra cousa é que os deixaran a deber, pero teoricamente tiñanos no presuposto.

Di que aquí perdemos unha sentenza polos servizos mínimos durante a folga do 8-M. Efectivamente, pero se xa o dixen dende o escano cando se me preguntou. ¿Que di o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia? Aceptamos todas as sentenzas do Tribunal Superior, señora Pontón. Eu si, pero de todos os tribunais. O que di é que de sesenta e oito entes instrumentais, sesenta e seis puxeron os servizos mínimos como corresponde, e dous non; e de cincuenta e dous centros directivos, cincuenta puxeron os servizos mínimos como corresponde, e dous non. Ese é o alcance e contido da sentenza, que vostede parece que viñeron aquí destrozando e facer unha sentenza en contra de todos os criterios. (*Aplausos.*)

Señoría, voulle dicir o que tivemos a oportunidade de traballar no ámbito da violencia machista. No ano 2002 fixemos o primeiro Plan de acción contra a violencia de xénero, do 2002

ao 2005. No ano 2004, a primeira Lei de igualdade. No ano 2012, a constitución de redes de identidades locais contra a violencia de xénero coa Fegamp. Dende o ano 2013 personámonos dende a Xunta nos procedementos penais sempre que haxa unha violencia machista con resultado de morte. No ano 2014, a constitución do Observatorio Galego de Violencia de Xénero. No ano 2014, a posta en marcha do Centro de Recuperación Integral das Mulleres Víctimas de Violencia Machista. No ano 2016, o Programa de apoio á inserción laboral. No ano 2016, a reforma da Lei de violencia de xénero, para abrir de forma permanente as solicitudes de axudas periódicas ás vítimas. No ano 2017, o primeiro protocolo global de coordinación e cooperación institucional. No ano 2017, a primeira comunidade autónoma en formar o perxecto da Xunta en igualdade e prevención contra a violencia machista.

E, ademais, pactamos na Cámara. Pero se pactamos na Cámara, ¿por que vostede di o que estivo dicindo durante toda a tarde, sen incluír os insultos que vostede me dedica de forma continuada e constante cada vez que fala disto? Si, si, si, está no *Diario de Sesións*. Si, que eu non lles teño respecto ás mulleres, díxoo literalmente (*Murmurios*.) Si, si, si, señora Pontón. Pode rectificalo. (*Un señor deputado non identificado: Dio sempre*.) Literalmente. Pero eu comprendo que vostede insultar a xente nin o nota, é que nin sequera o percibe, forma parte do seu vocabulario habitual. (*Murmurios*.)

Conxelando as transferencias. ¿Pero que transferencias conseguiron vostedes? ¿Aquilo da «cooperación intelixente» en que quedou? ¿En que quedaron aqueles anos en que se lle daba a Cataluña o que lle petaba, incluído un *Estatut d'autonomia*? ¿En que quedaron eses anos para Galicia? (*Murmurios*.)

Pero se vostede votou que non de forma continuada á transferencia da autoestrada do Atlántico, de forma continuada. E pagaban 7 millóns de euros cada ano, pagaban o dereito, si pagaban a peaxe de Rande e a peaxe da Barcala, porque os socialistas non a levantaban se Galicia non pagaba o que non debía pagar. Mire, señoría, conseguimos tan só na transferencia da AP-9 un aforro de 400 millóns de euros do peto dos galegos, moito máis do que conseguiron vostedes durante catro anos en materia de transferencias. (*Aplausos*.)

Veñen vostedes outra vez coa tarifa eléctrica galega. ¿A quen quere enganar outra vez? Vostede non explica nada, dálle igual, ¡que máis lle dá! Se o importante é que algún galego pique e crea que se vostedes chegan ao goberno vai haber unha tarifa eléctrica galega. Desconectanse da rede eléctrica española, e temos unha tarifa eléctrica galega aquí. Desconectamos con Portugal, desconectamos con Francia, desconectamos co resto das comunidades, e temos unha tarifa eléctrica galega.

Por certo, os escanos que están ao seu carón queren pechar Meirama e As Pontes, e automaticamente esa tarifa eléctrica convértese en comprar electricidade ao resto das comunidades autónomas. ¡Pero que contos nos está contando vostede! ¿Vostede está a favor de pechar Meirama ou non? Dígao. ¡*Mutis por el foro!* (*Murmurios*.) ¿Vostede está a favor ou en contra de pechar As Pontes? Se pechamos As Pontes e Meirama, como os señores de En Marea propoñen, —insisto— Galicia é deficitaria na produción da enerxía eléctrica, e entón creamos a tarifa eléctrica galega, para que os galegos paguen máis pola electricidade que ningún outro español. Esa é a proposta do BNG.

Soa exactamente igual que os concertos, o cupo, o concerto do financiamento autonómico. ¡Pero se ata o señor Leiceaga tivo que dicirlles que perdiamos 1.000 millóns de euros ao ano, como mínimo! Pero non se dá conta, señora Pontón, que non vai formar parte do Goberno tripartito próximo. Non é posible. ¡Imaxínese vostede! Pero o señor Leiceaga sabe máis de financiamento que vostede. Fágalle caso. Se non me fai caso a min, fágalle caso a el. Pero se o ten ao carón, e están gobernando sempre en todos os sitios, señora Pontón. ¿A quen quere enganar?

A banca pública, a tarifa eléctrica. Mire, señora Pontón, con todos os respectos, eu aprécioa persoalmente. Si, si, é perfectamente posible, non crea, ¡eh! (*Risos.*) É perfectamente posible que un parlamentario do PP aprecie unha persoa do BNG; ao revés non sei se é posible. (*Murmurios*) Pero isto é perfectamente posible. Si, si. (*Aplausos.*)

Señor Leiceaga, eu espero que non me critique se lle digo que agora mesmo non estou vendo a TVG; espero que non me critique por iso. Pero, segundo me din, están emitindo todas as intervencións de todos os grupos parlamentarios. Incluso me din que a intervención do señor Villares coincidiu nun momento no que se non estiveran emitindo habería programación infantil. ¡Imaxínese vostede todo o que me din que está ocorrendo na TVG!

Pero, señor Leiceaga, ¿a quen quere enganar co tema da Compañía da Radio e Televisión galega? ¿Pero é que vostede non sabe perfectamente que o director da Compañía da Radio e Televisión galega está pactado entre o Partido Socialista Obrero Español —PSdeG-PSOE— e o Partido Popular de Galicia? ¿Pero de verdade que volvemos falar disto de forma continuada, constante e continua? ¿Pero vostede non sabe que temos un preito coa Administración central —Facenda pública— co tema do IVE, e se facemos o contrato programa temos que pagar o IVE? ¿Pero vostede non sabe que temos un preito con eles e non queremos pagar o IVE? ¿Pero vostede cre que os galegos son parvos e utilizan como un canal referente para a información as noticias manipuladas continuamente, todos os días, pola TVG? ¿Vostede cre que os galegos non poden pechar este canal e poñer o canal que lles pete? Pero, exactamente, ¿que é o que se propón aquí? ¿O que se propón é a cousa de Podemos de déixeme a televisión para min e o ministerio para vostedes? Pero iso xa o inventou o señor Iglesias. ¿Non será vostede seguidor do señor Iglesias? Evidentemente que imos cumprir a lei, señor Leiceaga, todas as leis, porque é obrigado cumprilas.

Señor Leiceaga, eu lamento se lle imputei algo que vostede non dixo. Eu intentei simplemente contestar de forma en bloque aos asuntos que vostede e a portavoz do BNG plantexaban. É certo que vostede dixo unha cousa que non lle contestei. Falaba vostede do que dixen de Pemex e dos incumprimentos de Pemex. Ben, o conselleiro de Economía hoxe non puido asistir á totalidade do pleno porque foi á botadura dun barco en Barreras. ¡Un barco de 250 millóns de dólares! Nun estaleiro onde a maioría a ten Pemex. Nun estaleiro que se non entrara Pemex no accionariado estaría quebrado no momento, porque non había ningún socio galego que quixera entrar. (*Aplausos.*) ¿E por que despreza vostede este tipo de cuestións? Si, si, si. Non desprezen vostedes un gran país como México. Ademais, agora, co novo presidente, seguro que vai ir moito mellor. Non deprecie vostede ese tipo de cuestións. Mire: nós fixemos o que podíamos cando non había un só barco en ningunha grada, nin en ningún estaleiro da ría de Vigo.

Por certo, ¡que pena que non me confirmara vostede as fragatas! Supoño que seguimos con ese compromiso. Iso está comprometido como vostede sabe: as fragatas de Ferrol.

¿Como que non acepto que a demografía é o problema de Galicia? É o primeiro problema de Galicia. Dixen pola mañá que das dez grandes cuestións do Plan estratéxico, fixen un relatório de que cumprimos nove e nos faltaba unha, e describín a demografía como o primeiro problema estrutural do país.

O que vostede non di é que hoxe hai máis escolas infantís que nunca. O que vostede non dixo é que hoxe hai máis posibilidades de conciliar que nunca. O que vostede non di é que na comunidade autónoma os permisos de paternidade se puxeron por riba da media do Estado, e agora parece ser que a Administración xeral do Estado os quere copiar. O que vostede non di é que no rural hai casas nido, (*Murmurios.*) si, casas niño, si.

Por certo, ¿como non imos falar da Tarxeta Benvida? Xa sei que vostede non me falou diso, falou o señor Villares. ¿Sabe canto investimos na Tarxeta Benvida? Trinta e seis millóns de euros. ¿Coñecen vostedes algunha comunidade autónoma que estea investindo máis? Trinta e seis millóns de euros, señorías. (*Aplausos.*) ¡Trinta e seis millóns de euros!

Eu non falei do señor Pedro Sánchez, entre outras cousas, porque respecto moito o presidente do Goberno do meu país, e o meu compromiso é traballar por Galicia, sexa quen sexa o presidente do Goberno de España. Non se sinta ofendido, señor Leiceaga. Agora, a biografía política do señor Pedro Sánchez ten como mínimo dúas fases. (*O señor Fernández Leiceaga pronuncia palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*) ¡Pero se non vou dicir nada malo! Menos mal que estaba o señor Montoro na Cámara. (*Risos.*) Mire, en setembro do ano 2014 dixo: «*No pactaré con los populistas, ni antes ni después de las elecciones.*» Fin da cita. A segunda foi no ano 2016, e díxoa nun mitin de Córdoba, pero tamén o dixo nun tuit, que é o único lugar onde sae ultimamente, e di: «*Aquellos que decían que iba a pactar con los independentistas con tal de ser presidente, ahora callan*». Non dixen ningunha mentira. Correcto. O Partido Socialista está encantado con estas citas e, polo tanto, espero que me feliciten por traelas a colación. (*O señor Fernández Leiceaga pronuncia palabras que non se perciben.*) (*Risos.*) Non teña vostede ningunha dúbida de que o que di o presidente do Goberno de España non pode ser unha espontaneidade, é unha cousa moi ben pensada. Por iso eu o único que fago é citar textualmente a autoridade correspondente.

Señorías, señor Leiceaga, volvemos outra vez falar do que vostede queira. ¿Quéreme falar vostede da Seguridade Social, dos ocupados da Seguridade Social? É que iso é como se contan as cousas, porque se non entramos en temas demográficos, en temas de nacemento, en temas de ocupación, en temas de poboación ocupada... Mire, cando chegamos á Xunta había 50.800 afiliados menos que caeron no último ano. Comprendo que isto vostedes están fartos de escoitalo. Pero ¿pódese imaxinar vostede esa herdanza de chegar a unha comunidade autónoma e que caeran na afiliación á Seguridade Social no último ano máis de cincuenta mil persoas nun ano? ¿Vostede sabe o que é remontar isto? ¡Ningún surfista é capaz de facelo! Non, non, o normal é afundirse. Pois no último ano do PP incrementáronse 21.600 afiliados máis. Pero no que levamos de lexislatura, dende o ano 2016 a agora, hai 50.000 afiliados máis á Seguridade Social. No momento récord de afiliación á Seguridade Social, cando nós

chegamos ao Goberno no ano 2009, había 1.029.000, e agora hai 1.013.000; temos un *gap* de catorce mil. Iso é como se contan as afiliacións á Seguridade Social, señor Leiceaga. Se me quere traer enquisas aquí, ten vostede todo o dereito do mundo, pero por suposto é así como se conta e é así como creo que debemos de contalas.

Señor Leiceaga, teño todo o máximo interese como parlamentario de chegar a acordos con vostedes. Felicitei expresamente o ditame do Pacto forestal. Iso está no seu haber e no haber das deputadas e deputados socialistas. Fixeron un bo servizo ao país, non teñan dúbidas, digan o que digan, dá igual; se ao final todos imos ir de aquí e o que queda é o que se acorda.

Agora resulta que unha das políticas que formou parte da sesión de hoxe foi Soraya Sáenz de Santamaría, segundo o vice, perdón, o portavoz das Mareas, que se non me deixou ir a non sei onde. ¿En que quedamos? ¿En que quedamos agora, señor Villares? ¿En que xa non me presento máis, en que me volvo presentar, en que sigo mirando para Madrid? ¿Exactamente cal foi a súa proposta? *(O señor Villares Naveira pronuncia palabras que non se perciben.)* Despois de trece anos repetindo o mesmo, comprendo que quede sen discurso. Eu estaba onde estou. A pregunta é: ¿que vai facer vostede? *(Murmurios.) (O señor Villares Naveira pronuncia palabras que non se perciben.) (Murmurios.) (Risos.)*

O señor PRESIDENTE: Non entremos en diálogos. Comprendo que xa estamos un pouco cansados, pero non entremos en diálogos; se non, isto é interminable.

Silencio, silencio. *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Non hai nada como a humildade, non hai nada como a humildade. Veremos como acaba isto, señor Villares. *(Murmurios.)*

Claro que de Sogama tivemos que subir porque ía quebrar, e, entre outras cousas, tivemos un problema porque a electricidade que se producía en Sogama non computaba; tivemos un preito co Goberno, por certo co Goberno do presidente Rajoy, e gañamos. E dende que volveu computar a enerxía eléctrica, entón empezamos a rehabilitar Sogama e agora podemos rebaixar un 10 % o prezo de Sogama.

Por certo, os concellos, que trasladen a rebaixa do 10 % directamente ao recibo dos cidadáns. ¿Vano facer os alcaldes das Mareas? *(Murmurios.)* ¿Ou vanlle seguir incrementando o canon de Sogama?

¡Vir aquí e dicir que a rehabilitación de vivenda non se executa! O 80 %. Tome nota, señor Villares, vostede e todos os economistas de cabeceira: 80 %. O que non sabe o señor Villares é que os programas de rehabilitación unha parte se transfiren aos concellos e resulta que os concellos das Mareas non executan ningún, *(Murmurios.)* e por iso lle dá mal a execución presupostaria.

Señor Villares, ¿que pretende? ¿Que fale eu da vivenda aquí? ¿Pretende que eu faga o seu traballo? Xa o fixo o portavoz do Grupo Parlamentario Popular. Non me faga falar de vivenda, nin da cidade da Coruña, señor Villares. *(O señor Villares Naveira pronuncia palabras que non se*

perciben.) Non, non o vou facer. Non, non, que xa sei que vostede de vez en cando me traslada o interese que ten vostede polos problemas internos que ten, e eu que faga de aliado. *(Risos.)* Pois mire, eu son aliado da verdade, e a verdade é que nós traballamos coa vivenda, traballamos cos desafiuzamentos, traballamos para rexenerar a democracia, traballamos para unha renda de integración social para todo o mundo e traballamos para intentar dende a humildade servir ao noso país.

O bono social e o ticket eléctrico. Vostede sabe perfectamente que demos todos os tickets eléctricos que se solicitaron, todos, o 100 %, e agora vén dicindo que se non executamos unha partida do ticket eléctrico. ¡Pero que manipulación! ¡Unha máis! E é outra, é constante: que se a rehabilitación da vivenda, que se o bono social, que se o ticket eléctrico, que se as áreas de rehabilitación.

Pero, señor Villares, ás veces penso que non é posible que vostede diga tantas cousas de forma incorrecta querendo. É que é imposible, porque, para collerlle unha cousa que diga medianamente seria, hai que coller mapa e cantimplora e orientarse axeitadamente. *(Aplausos.)* E eu asegúrolle que non as escoito, señoría.

Sete mil quiñentas familias se beneficiaron do ticket eléctrico. Axudas por corte de subministración, 5.350 fogares entre o ano 2016 e o ano 2017. Atendéronse todas as solicitudes que cumpriron os requisitos —dígoo na Cámara—. Polo tanto, ¿de que se nos acusa exactamente en relación con este asunto?

Está vostede cheo de odio, señor Villares, *(O señor Villares Naveira pronuncia palabras que non se perciben.)* si, si, si, *(Murmurios.)* probablemente porque ten moito odio ao redor. E realmente a min o único que se me ocorre dicirlle é que moita sorte no futuro, señor Villares. ¡Se aquí se pode discutir con intensidade! Non crea que o Parlamento naceu cando vostede chegou aquí, jeh!, levabamos moito tempo. Aquí houbo discusións entre o presidente no debate do estado da Autonomía co resto dos voceiros, dende Camilo Nogueira ao señor Beiras, o señor Touriño, o señor Vázquez, o señor Guillerme; todos, todos pasamos por aquí. Nunca vin un deputado coma vostede, pero é que nesta Cámara non existe un deputado coma vostede. Pódese discutir con toda a intensidade que se queira, pero insultar de forma continuada, de forma constante, con tanto sectarismo, é impropio dunha persoa que respecte simplemente a democracia.

Permítame dicirlle que pode vostede cambiar, porque, se non cambia, iso levarao sempre no seu currículo, e non vai ter remedio, non vai ter remedio, non. Alá vostede, porque aquí se está durante un tempo. Non sei o tempo que lle queda a vostede, pero a este Parlamento quédanlle moitas tardes de respecto, e espero que a súa intervención hoxe sexa unha paréntese na falta de respecto parlamentario que escoitamos, non ao presidente da Xunta —que estou acostumado— nin aos membros do Goberno —que tamén o estamos—. ¿Como se lle pode chamar a un membro de Goberno «comisionista»? *(Murmurios.)* Vostede que se cre, ¿superior aos demais? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Foi retirada a expresión. Mandeilla retirar eu, claro. *(Risos.)*

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Retirouna do *Diario de Sesións*, pero queda na memoria dos parlamentarios, señor presidente.

Señorías, servir a Galicia significa responder ás necesidades e ás prioridades de Galicia, e diso falamos cando nos referiamos á Galicia do ano 2021 e seguintes, que queremos construír. Unha Galicia —como dicíamos— que se queira máis a si mesma, unha Galicia con máis benestar e que se coide máis a si mesma, unha Galicia que non se poña teito e cree novas oportunidades no sistema educativo, unha Galicia que abra as portas dende o tren de alta velocidade aos turistas e á identidade aberta. Os galegos somos libres e plurais, os galegos somos españois e somos europeos, e por iso somos defensores do Estatuto de autonomía e da España constitucional.

Señorías, igual que se fai camiño ao andar, faise Galicia ao gobernar. Nove anos despois de que subise a esta mesma tribuna para o primeiro discurso de investidura, hai unha Galicia que avanzou dende entón, con menos paro do que había no ano 2009; con máis oportunidades laborais das que había cando chegamos; con máis iniciativas nos sectores da pesca e nos sectores de agricultura; con menos déficit público que a maioría das comunidades autónomas; coa débeda pública máis controlada de todas as comunidades autónomas de España; con máis exportacións e máis investimentos e máis innovación; con máis peregrinos que nunca na nosa historia, con máis turistas que chegan a Galicia e volven; con mellores resultados e mellores perspectivas na automoción, no téxtil e no naval; cunha sanidade pública con mellores servizos, con máis hospitais, con máis centros de saúde e con máis profesionais; cos mellores resultados educativos dende que hai balances, con máis idiomas, con máis tecnoloxía e con máis liberdade nas aulas; con mellores infraestruturas viarias, máis eficiente e máis concienciada no ámbito medioambiental; cun presente mellor para os galegos maiores e cun futuro mellor para os cativos que nacen.

Nove anos despois Galicia ten un goberno máis comprometido, con máis experiencia e con máis balance, sobre todo cun proxecto que ten a estabilidade necesaria para garantir a estabilidade institucional en Galicia de aquí ata o final. Todo iso, señorías, grazas aos galegos e ás galegas, aos que votan en Galicia, aos que elixen a Cámara e aos que elixen o Goberno, e para os galegos serán as medidas que anunciamos neste debate: menos impostos, menos impostos para comprar unha vivenda, menos canon para pagar a basura, máis axudas públicas para as residencias de maiores, máis facilidades para mobilizar as terras do rural, máis incentivos para racionalizar o consumo da auga cun pacto da auga que propoñemos a todos os concellos, con máis traxectos en autobús gratuítos para os mozos e mozas menores de 19 anos, con mellores condicións laborais e retributivas para as máis de noventa mil familias que traballan no sector público da Xunta de Galicia, con máis apoio para os galegos que máis o necesitan, con máis investimento para mellorar os hospitais e os centros de saúde, con máis recursos para os maiores en dependencia e en residencias e en casas do maior, con máis compromisos para converternos nunha potencia a nivel aeronáutico e coa mesma lealdade para reforzar a España das autonomías.

Señorías, hoxe Galicia non necesita copiar ningunha outra comunidade autónoma. Aquí hai exemplos, exemplo de previsión fronte a improvisación, exemplo de responsabilidade fronte a gobernantes irresponsables, exemplo de futuro fronte a quen mira obsesivamente o pa-

sado, exemplo de convivencia fronte aos intolerantes, exemplo do proxecto de país fronte a quen só se preocupa por sobrevivir.

Por iso, como xa dixen nalgunha ocasión, aos representantes do pobo español, tanto no Goberno central como nas comunidades, propoñémoslles que miren a Galicia, que miren sobre todo o pobo galego, que miren os homes e mulleres que conformamos este pobo. Este pobo ten razón para sentirse orgulloso do que é, ten razón para sentirse orgulloso do que conseguiu, e ten razón, sen ningunha dúbida. ¿Porque este pobo sabe que estamos mellor que no ano 2009? A resposta é que si. Se estaremos mellor que no ano 2020, a resposta na miña opinión é que é moi probable. E ¿que queden cousas por facer? Todos os galegos sabemos que hai moitas cousas por facer.

A pregunta clave é como queremos seguir traballando por unha Galicia mellor, e eu propoñolles traballar xuntos. Non deixemos de mostrar ese orgullo da Galicia que queremos construír e non deixemos de reivindicar o mellor rostro que ten Galicia nos pobos de España e nos pobos de Europa.

Non deixemos de traballar con previsión e de tecer novos consensos para a Galicia do ano 2021 e seguintes, porque, señorías, o Xacobeo de 2021 non será só un Ano Santo, será a declaración de intencións de todo o que Galicia quere ser na vindeira década: unha terra ben coidada, unha terra integradora, unha terra que aproveita o seu potencial e unha terra que ten moito que achegar á terceira década do século XXI.

Non deixemos de facer ese traballo conxunto, para que a Galicia do XXI sexa a Galicia na que nos sintamos máis orgullosos. A iso os convido, señoras e señores deputados, e dende logo ese será o noso compromiso dende hoxe ata sempre.

Máis nada, moitas grazas. *(Aplausos fortes e prolongados.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, presidente.

Antes de suspender o pleno, unha cousa importante. Imos lela para que quede claro e non teñamos problemas mañá nin pasado.

Os grupos parlamentarios poden presentar ata un máximo de corenta propostas de resolución por grupo, referidas, conforme o artigo 141 do Regulamento do Parlamento e o acordo da Mesa, oída a Xunta de Portavoces o 18 de setembro, ás grandes liñas de política xeral, non locais, de enunciación simple, e que non poderán dar lugar a votación separada dentro de cada proposta, e serán presentadas antes das 10.30 horas de mañá, mércores, día 10 de outubro, no Rexistro Xeral da Cámara. Posteriormente, a Mesa, ás 12 horas, procederá á súa cualificación e, posteriormente, distribuiranse aos grupos parlamentarios todas as propostas admitidas.


Asemade, o prazo para a presentación das propostas transaccionadas e petición de agrupacións ou votacións separadas das propostas rematará o mesmo mércores día 10 de outubro, ás 22.30 horas, e cualificaranse pola Mesa o día seguinte, xoves 11 de outubro, ás 9.30 horas da mañá.

Agora si, non hai máis asuntos. Suspendemos a sesión ata o xoves ás 11 horas.

Suspéndese a sesión ás nove e catorce minutos da noite.

RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

1. Álvarez Martínez, Luis Manuel	(S)	39. Pérez Seco, José Manuel	(S)
2. Amigo Díaz, María Encarnación	(P)	40. Pierres López, María Luisa	(S)
3. Antón Vilasánchez, María Ángeles	(P)	41. Pontón Mondelo, Ana Belén	(BNG)
4. Arias Rodríguez, Raquel	(P)	42. Prado Cores, María Montserrat	(BNG)
5. Bará Torres, Xosé Luís	(BNG)	43. Prado del Río, Paula	(P)
6. Blanco Paradelo, Moisés	(P)	44. Prado Patiño, Jesús Miguel	(P)
7. Blanco Rodríguez, Noela	(S)	45. Presas Bergantiños, Noa	(BNG)
8. Burgo López, María de la Concepción	(S)	46. Puy Fraga, Pedro	(P)
9. Cal Ogando, Marcos	(EM)	47. Quintana Carballo, Rosa María	(P)
10. Calvo Pouso, Diego	(P)	48. Quintero Araújo, Paula	(EM)
11. Casal Vidal, Francisco	(EM)	49. Rey Varela, José Manuel	(P)
12. Castiñeira Broz, Jaime	(P)	50. Rivas Cruz, José Luis	(BNG)
13. Chao Pérez, Luca	(EM)	51. Rodil Fernández, Olalla	(BNG)
14. Conde López, Francisco José	(P)	52. Rodríguez Arias, Marta	(P)
15. Cuña Bóveda, María de los Ángeles	(EM)	53. Rodríguez Barreira, María Julia	(P)
16. Díaz Villoslada, Juan Manuel	(S)	54. Rodríguez Estévez, David	(EM)
17. Egerique Mosquera, Teresa	(P)	55. Rodríguez Pérez, Moisés	(P)
18. Fernández Fernández, Raúl	(S)	56. Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña	(S)
19. Fernández Gil, César Manuel	(P)	57. Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta María	(P)
20. Fernández Leiceaga, Xoaquín María	(S)	58. Romero Fernández, Cristina Isabel	(P)
21. Fernández Prado, Martín	(P)	59. Rueda Valenzuela, Alfonso	(P)
22. García Míguez, María Ángeles	(P)	60. Salorio Portal, María Soraya	(P)
23. Gómez Salgado, Carlos	(P)	61. Sánchez García, Antón	(EM)
24. González Vázquez, José	(P)	62. Santalices Vieira, Miguel Ángel	(P)
25. Lago Peñas, José Manuel	(EM)	63. Santos Queiruga, Carmen	(EM)
26. Losada Álvarez, Abel Fermín	(S)	64. Solla Fernández, Eva	(EM)
27. Mato Otero, Beatriz	(P)	65. Tellado Filgueira, Miguel Ángel	(P)
28. Miranda Pena, Flora María	(EM)	66. Toja Suárez, María Dolores	(S)
29. Moreira Ferro, Jacobo	(P)	67. Torrado Quintela, Julio	(S)
30. Mouriño Villar, Antonio	(P)	68. Torregrosa Sañudo	(EM)
31. Murillo Solís, María Guadalupe	(P)	69. Trenor López, Gonzalo	(P)
32. Novo Fariña, María Isabel	(P)	70. Varela Suanzes-Carpegna, Daniel Luís	(P)
33. Nóvoa Iglesias, Marta	(P)	71. Vázquez Domínguez, Sandra	(P)
34. Núñez Centeno, Aurelio Alfonso	(P)	72. Vázquez Verao, Paula	(EM)
35. Núñez Feijóo, Alberto	(P)	73. Vega Pérez, Daniel	(P)
36. Otero Rodríguez, Patricia	(S)	74. Vilán Lorenzo, Patricia	(S)
37. Oubiña Solla, Rosa	(P)	75. Villares Naveira, Luis	(EM)
38. Pazos Couñago, José Alberto	(P)		



PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓN DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25